

AUNIOS

Nº 13

MAIO 2008



ASSOCIACION CULTURAL-AGROECONOMICA

Pineirões



ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ASOCIACIÓN DURANTE O ANO 2007

Peregrinacións:

Como asociación que está inscrita como Promotora dos Camiños de Santiago, sigue na súa teima de conseguir

Tamén un bo número de socios realizou a, tamén tradicional, peregrinación de Santiago a Fisterra, visitando os lugares máis emblemáticos da Costa de Morte de Muxía a Fisterra.



Comida de confraternidade

que a Ruta Marítima galega sexa considerada dende a desembocadura do Miño ata Pontecesures. Para elo organizan tódolos anos peregrinación – excursión en barco dende a Illa de Insua na Garda ata Pontecesures, percorrendo e facendo rutas didácticas por todas as illas do percorrido, estando as máis grandes englobadas dentro do Parque Nacional das Illas Atlánticas: Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Este ano, debido ás grandes dificultades atopadas para conseguir un barco nas datas que tiñamos programado e que viñan ben a un grande número de socios, quedou suspendida e só fixemos unha visita á Illa de Ons invitando a membros doutras asociacións coas que mantemos actividades anuais. Nesta Illa fixemos un percorrido histórico – natural, mantivemos unha reunión para programar actividades para o 2008 con respecto á Ruta Marítima e tivemos unha comida de confraternidade.

Exposicións:

Estabamos a preparar unha gran exposición fotográfica sobre aspectos socio – histórico – naturais da Illa de Ons a realizar nunha das escolas que se atopan en proceso de preparación para Aula da Natureza.

De novo a mala sorte fixo que a Consellería de Pesca, debido a problemas de última hora, non puido levar a cabo o acto de presentación da obra de Staffan Mörling: “A Vida en Ons nos anos 60” que xunto cunha exposición fotográfica sobre: “As Xentes de Ons no ano 1965” ían a presentar a principios de ano.

Isto provocou que a exposición e presentación do libro de Mörling se trasladara á Illa de Ons, sendo inaugurada no mes de xuño, quedando exposta durante todo o verán, polo que non tivemos espazo para realizar a nosa.

De todos os xeitos estivemos traballando moito na súa preparación e quedou posposta para este ano 2008.



Festa do San Xoán en Ons

Festa dos Maios

Todos os anos, dende que se formou a Asociación, celebramos na Illa de Ons a tradicional Festa dos Maios, non sen moitos atrancos á hora de confeccionar o maio pois, dende que Ons foi declarada integrante do Parque Nacional das Illas Atlánticas, non deixan recoller a flora necesaria para a súa confección.

Este pasado ano contamos con outro problema maior como foi a indisposición do noso Presidente e Copleiro Maior da Illa, Laureano Mayán Taboada, o que motivou a suspensión oficial do acto que quedou aprazado para outra ocasión, aínda que non fora na súa data festiva do 1º de maio.

De todos os xeitos, os socios que ata a Illa nos desprazamos o día dos Maios, argallamos unha serie de coplas e aproveitando a hora de maior afluencia de veciños e turistas ao barrio de Curro, cantámolas contando coa inestimable axuda da Orquestra Illán "A Illa é Nosa".

Normalmente preparámolas sobre as Illas do único Parque Nacional que temos en Galicia aínda que, a petición dos interesados, podemos preparalas sobre outros temas.

Viaxes Culturais

Por diferentes puntos de Galicia nos que tamén aproveitamos para dar a coñecer a nosa Revista e as nosas actividades entre as distintas Asociacións de todo tipo que haxa nos lugares que visitamos e coas que, posteriormente, organizamos intercambios culturais e de material.

Intercambios

Dende a edición da primeira revista, vimos organizando intercambios con numerosos organismos, institucións, Museos, bibliotecas,.... e outras asociacións de material bibliográfico e audiovisual.

Diversas Actividades

Ao longo de todo o ano organizamos e participamos en charlas, audicións, diaporamas, presentación de libros – revistas, ..., organizándoas nós ou en colaboración con outras Asociacións, Organismos ou persoas que nolo solicitan.

E como actividades de certa relevancia citar: A elaboración dun traballo de toponimia sobre a Illa de Ons e a edición da revista cultural AUNIOS.



Biblioteca Itinerante

Actividade que, moitos dos socios, vimos realizando dende hai anos na Illa de Ons e que, agora, a ampliamos a colexios das bisbarras do Salnés e do Morrazo.

A actividade consiste en dar unha charla sobre algún aspecto de interese para os rapaces co fin de motivalos; logo poñemos ao seu alcance unha serie de libros, revistas e traballos para que realicen e completen un cuestionario dunha Unidade Didáctica realizada sobre o tema.

TOPONIMIA DA ZONA COSTEIRA DA ILLA DE ONS

Realizado por un grupo de socios e coordinada por Celestino Pardellas de Blas. O traballo consistiu na parcelación da zona de costa das Illas Ons e Onza en 45 parcelas.

Sobre cada unha delas fíxose un minucioso traballo de campo preguntando aos veciños polos nomes das diferentes rochas, furnas, enseadas, saíntes,...

Despois foron, mediante ordenador, postos os nomes sobre cada lugar exacto na fotografía, quedando así completa a toponimia de toda a costa illán.

En resumen o traballo completouse con:

- 50 páxinas dedicadas a facer un amplo comentario sobre os aspectos socio – histórico – etnográfico – natural da Illa de Ons.

- 7 páxinas a comentar aspectos relacionados coa toponimia en xeral e sobre a da Illa de Ons en particular.

- 45 páxinas dedicadas ás parcelas con foto e nomes en cada unha.

- 3 páxinas de bibliografía.



O traballo resultou moi gratificante pero difícil de levar a cabo, xa que estes aspectos tan importantes da nosa etnografía estanse a perder a pasos de xigante e, ata nunha illa que permaneceu tan pechada e illada ata os anos 70 do pasado século, en menos de 30 perderon todo o adquirido e realizado durante case dous séculos.

Esperamos neste ano 2008 completar o traballo, facendo un novo repaso e traballo de campo para resolver dúbidas sobre algúns nomes e posicións destes na fotografía, para completar con aqueles que nos puideron quedar atrás e, en especial, facendo un enorme esforzo cos veciños para, dun xeito precario, coñecer o por que de cada nome. Logo, especialistas en lingüística poderanos analizar adecuadamente.

EDICIÓN DA REVISTA AUNIOS (nº: 12)

De novo un ano máis e como xa viñemos dicindo, con moitas atrancos económicos, editamos a revista cultural AUNIOS, animados por todos aqueles que, coñecedores

de que o noso traballo se transforma nunha revista cultural de grande interese, anímámonos a seguir.

Como xa temos explicado AUNIOS é unha revista de distribución gratuíta grazas aos anunciantes e as axudas que recibimos dos organismos oficiais, poucas, pero o suficientemente importantes para que a revista chegue a todos os Museos, Bibliotecas, Organismos, Casas de Cultura, Padroados, Arquivos,..., máis importantes de Galicia; tamén as bibliotecas das Universidades galegas, e a un bo número de Centros de Ensino tanto de secundaria como de primaria, a concellos, asociacións,..., é, segundo o presuposto de que dispoñamos, aos Centros Galegos de España, Europa e América que nola solicitaron.

Neste número 12 atoparemos:

Relacionados coa Illa de Ons: Un magnífico traballo de investigación de **Xosé M. Pereira Fernández** sobre a propiedade da Illa, cos interesantes datos inéditos sobre o Foro que trouxo o cambio de propiedade da Igrexa á nobreza.

Julio Santos Pena segue relatándonos as súas experiencias como mestre na Illa de Ons nos anos 70 do pasado século. Desta vez fala sobre la problemática que supuxo para os habitantes de Ons o quedarse tres meses sen luz eléctrica.

Sobre o cemiterio de buques de guerra que parece existe nos arredores da Illa de Onza, fálanos **Lino J. Pazos Pérez**, esperto en naufraxios nas augas galegas.


Celestino Pardellas de Blas saca á luz algunhas das lendas do Buraco do Inferno e da Laxe do Crego, historias e ritos pouco coñecidos debido a ser a Illa menos estudada etnográficamente de toda Galicia. Tamén, en



homenaxe a un amigo co que pasou grandes xornadas na Illa e que tristemente faleceu novo, reproduce un escrito en clave de humor, que realizou contestando a outro parecido sobre a declaración de Ons como República Independente.

A segunda parte da Toponimia da Illa de Ons é estudada por **Fernando Cabeza Quiles** que nos ofrece importantes datos sobre a súa procedencia.

Os demais artigos están relacionados con aspectos históricos, etnográficos e culturais de Galicia. Como son:



As aventuras mariñeiras dun vello lobo de mar, **Manuel Chazo Cores**, que nos fala das súas singraduras polos mares entre Fisterra e a Ría de Muros – Noia. Neste caso fálanos da sorte que tiveron coa pesca ao carón do Monte Louro ao que consideran o Monte dos Miragres.

Jose Miguel Besada Fernández achéganos á vida e obra dun poeta medieval, posiblemente do barrio de Ardia, en O Grove.

Os contos que todo os días, aínda que cada vez menos, escoitamos nas tabernas, ao carón do lume, nas tarefas do campo, ..., e que son parte da nosa rica cultura popular, están desenrolados na revista por **José Taboada García** co seu artigo Os contos Daquí e Dalá.

O investigador sueco **Staffan Mörling** deixa a un lado o mundo do mar e neste número fálanos da Aportación de Beluso á Gaita na Infantería de Mariña Española.

Isidro de Malet Andreu, propón un novo escudo heráldico para o concello de Bueu no seu artigo Proposta de Escudo Heráldico para o Concello de Bueu.

Fernando Alonso Romero, Fernando Costas Goberna e Antonio de la Peña Santos fálannos sobre a Embarcación do Petróglifo Laxe Auga dos Cebros e sobre a aparición, despois das riadas do pasado ano, dunha nova embarcación na mesma zona de petróglifos co artigo Unha nova Embarcación de Tipoloxía Mediterránea nos Petróglifos da Costa de Oia.

Sobre a primeira Armada do Reino de Galicia escribe **José M^a. Mosquera**.

Carlos A. Antón Souto introdúcenos no mundo do galeguismo co seu traballo Breve estudo do Partido Galeguista e dos Grupos Galeguistas na Provincia de Pontevedra entre os anos 1931 – 1936.

O vicario da Escola Naval de Marín **Pablo Pérez Fernández** fala sobre a Virxe do Carme como Patroa das Xentes do Mar.

Teresa C. Moure Mariño relata o poder e a memoria sobre a Capela da Nosa Señora da Piedade en San Bartolomé o Vello de Pontevedra.

O mundo do culto ás ánimas na nosa comunidade autónoma é analizado polo historiador **Buenaventura Aparicio Casado** no seu artigo O Culto ás ánimas en Galicia.

Sobre os Cercos Reais e Cedados, conta **Francisco Calo Lourido** que son artes semellantes pero con lances distintos.

Laureano Mayán Taboada analiza en profundidade a cantiga sobre o Rodaballo de Marín e como dun feito real naceu a cantiga. O artigo leva o título de ¡roubaron un Rodaballo! Un feito Real que inmortalizou este Peixe.

Por último **Pepy Clavijo e Eva Rodríguez** escriben sobre Pontevedra e sobre a vida de Mozart.

MUIÑOS DE VENTO NA RÍA DE VIGO. O MUIÑO DE NAVIA.

Por: Elisa Pereira García (Centro de Artesanía de Vigo) e
Fernando Javier Costas Goberna (Instituto de Estudos Vigueses)

O que queda do muíño sitúase na parroquia de Navia, no lugar do Muíño, barrio do Redondo, pertencente ao concello de Vigo, concretamente nun outeiro no que se reciben ben os ventos. A súa construción realizouse na zona que correspondería á acrópole dun poboado pertencente á cultura castrexa, tal como reflicten os materiais que ao longo do tempo foron aparecendo no outeiro. O muíño atópase en moi mal estado de conservación; apenas queda en pé un 30 % da torre e debido a isto non se pode coñecer cales foron os elementos mecánicos que o constituían e cantos vans tiñan.

O muíño non presenta plataforma, quizais porque as características do terreo, un enclave natural elevado, non esixían a modificación deste. A torre era fixa con cuberta xiratoria, cuberta que tiña a finalidade de que o sistema de aspas saíse ao exterior

e tenden a ofrecer polo exterior unha cara rectangular. Para asentalos empréganse rachas tapando así os posibles buratos e empregando como material para reforzalos a arxila. Os cachotes de maior tamaño e de mellor acabado colócanse polo exterior, deixando os de inferior calidade para a cara interior do muro do muíño. Así mesmo o grosor deste muro varía ao presentar unha sección troncocónica, pois se ben na base o largo é de 95 cm., a medida que gaña en altura diminúe en grosor, e así o largo que presenta no cumio é duns 60 cm. aproximadamente.

No interior presenta un diámetro de 330 cm. e unha altura de 450 cm. aprox. Agora ben, dende a base do chan ata unha altura de 270 cm. pódense observar uns cachotes grandes de pedra que sobresaen cara ao interior do muro a modo de cornixa e que fan pensar nunha división do muíño en dúas plantas ou ben nunha zona onde se apoiaría unha estrutura interior de madeira ou piso.

Como restos do aparello da moenda, no interior do muíño pódese observar unha pedra circular que corresponde ao pé, cunhas medidas de 130 cm. de diámetro e 68 cm. de altura e no exterior outra pedra circular, a moa, peza superior que xiraba sobre o pé. Son as súas medidas 130 cm. de diámetro por 24 cm. de altura.

Outros muíños de vento no concello de Vigo. O Muíño de Alcabre.¹

Sobre a existencia dun muíño de vento na veciña parroquia de Alcabre contamos con referencias toponímicas, bibliográficas e etnográficas. Polo que respecta á toponimia, existe aínda hoxe en día

a denominación, que fai alusión a un dos barrios da parroquia, concretamente o situado nas inmediacións do antigo matadoiro, hoxe Museo do Mar de Vigo. Como *barrio del molino de viento* aparece citado este lugar xa nos libros parroquiais e no tomo da Geografía del Reino de Galicia dirixida por Francisco Carreras Candi, correspondente á provincia de Pontevedra elaborado por Gerardo Alvarez Limeses, na relación de lugares

¹Non aparece mencionado na obra de Begoña Bas. Muíños de mareas e de vento en Galicia. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1991. A Coruña. Consideracións xerais pró estudo dos muíños en Galicia. Cuadernos de Estudios Galegos. Tomo XXXII, 1981. Santiago de Compostela.

Muíño de Navia. Detalle canaleta horizontal



atravesándoa; tirando a cuberta podíanse orientar as aspas para recibir ben os ventos, de xeito que o muíño traballaba con ventos de calquera dirección. No cumio da parede da torre aparecen unhas pezas de cantería, atravesadas por un suco a modo de canella duns 7 cm. de largo por 3 cm. de profundidade, que iría recuberta de ferro ou de madeira, polas que circulaban unhas rodas que irían incluídas na estrutura da cuberta e que axudaban a que esta xirase. A sección da torre cilíndrica tendente a troncocónica é o resultado da combinación de perpiaños e cachotes de pedra en gran. Os primeiros empréganse fundamentalmente para a porta presentando un largo de 95-100 cm., mentres que os segundos varían de tamaño e en proporcións,

da parroquia de Alcabre². Así mesmo a denominación de *Punta do Muíño* aparece reflectida nalgúns mapas consultados da ría de Vigo, referenciando a punta que se sitúa nas inmediacións do citado barrio. Finalmente como anécdota, podemos citar que un establecemento hostaleiro da zona, recolle no seu rótulo a denominación de *muíño de vento*.

Todo o exposto permite considerar con bastantes visos de realidade que os mencionados topónimos de "*Barrio del molino de viento*" y "*Punta do Muíño*" teñen a súa orixe na existencia nalgún momento dunha construción destinada á moenda que empregase a enerxía eólica, da que desafortunadamente non puidemos localizar os seus vestixios, que cicais desapareceron nas sucesivas modificacións urbanísticas do barrio.

Cronoloxía e posible xénese dos muíños de vento galegos.

As referencias bibliográficas dispoñibles non permiten fixar con precisión nin as datas exactas da construción da maioría dos muíños de vento galegos nin a súa xénese.

Sobre por que nun momento determinado comezan a aparecer os muíños de vento en Galicia podemos barallar varios supostos, que non permite a extensión deste traballo; non obstante parécenos importante reproducir un parágrafo de M^a del Carmen Muñoz na obra "*Vigo en su Historia*", no capítulo dedicado a Vigo nos séculos XVI e XVII .páxs.267-268³

"La situación económica en el siglo XVII

...La escalada del conflicto portugués, hará que la economía viguesa de mediados de siglo atravesase momentos de casi completa atonía, hasta tal punto que en 1666, no había en la villa ni un



Muíño de Navia. Detalle interior vertical

solo arriero, como resultado de la paralización del comercio. A estas calamidades se unen años de mala cosecha general en Galicia, "por las muchas aguas, con que el trigo y centeno subirá de precio, y de todo habrá menos gramos. "Por ello se pide el envío de 120 ó 150 fanegas de trigo y 120 sacos de harina de Cerdeña, Orán ó Mallorca.

Además ya en Septiembre la Junta de provisiones había enviado a Castilla, a buscar maestros de molinos de viento para instalarlos en las rías de Pontevedra y Baiona donde al menos se inició la construcción".

Este derradeiro parágrafo ten gran importancia porque nos fala de que na segunda metade do século XVII preséntase a necesidade de dispoñer deste tipo de muíños na nosa área e evidentemente serán os expertos doutras zonas, onde estes xa existían, os encargados da súa construción e posta en funcionamento. Así mesmo é ata agora a data máis antiga que coñecemos referenciada, sobre a construción de muíños de vento na nosa área xeográfica e a primeira que probablemente haxa que barallar á hora de fixar o levantamento deste tipo de construcións.

Continuando coas referencias bibliográficas sobre datas relacionadas cos muíños de vento, na publicación: "*San Juan de Tabagón: Historia, Fiesta y Cultura*" editada no Rosal en

1997, Xoán Martínez do Tamuxe nun artigo, titulado, "*Noticias sobre desaparecidos. Muños de Vento*", Pax. 93, refire o seguinte respecto dos muíños de vento da Guarda e do Rosal: "*La primera cita histórica manuscrita de la existencia de la construcción de esos molinos, se topan ya, cuando menos, en 1806 en Documentación del archivo del Archivo Municipal de A Guarda.*

También cita escrita, pero en letra de molde, se recoge en 1849, en el conocido Diccionario Histórico-Geográfico, de

²Alvarez Limeses, G. Provincia de Pontevedra en Historia General del Reino de Galicia, dirixida por Carreras y Candi .1936. Barcelona.

³Muñoz, M^a del Carmen. Vigo y su comarca en los siglos XVI y XVII. En : Vigo en su Historia. 1979. Vigo.

Pascual Madoz, en las parroquias de A Guarda, Salcidos y Camposancos⁴..”

As causas da posta en marcha destes enxeños quizais estean expostas no parágrafo de M^a do Carmen Muñoz; un clima inestable, que non permitía o uso dos muíños hidráulicos de forma regular; a necesidade de moer o gran traído do exterior nunha época de fame...; A destacar que posiblemente un dos factores que empuxa a creación destes muíños é o feito de que en determinadas zonas as correntes fluviais son pobres impedindo a construción de muíños hidráulicos favorecendo os de vento.

O abandono do emprego de muíños de vento hai que buscalo posiblemente na incomodidade que supón o ter que acudir ao muíño cando hai vento, xa que soamente nese momento se pode moer, mentres que nunha tempada de chuvias, como as que se dan en Galicia normalmente, os muíños movidos por enerxía hidráulica (muíños de auga) permiten un maior tempo de operatividade, o que resultaría mais cómodo para a planificación das tarefas das xentes, e iso explicaría a continuidade en funcionamento destes últimos en detrimento dos muíños de vento.

Sobre a data do abandono do seu uso, as referencias orais coñecidas sitúan este momento a finais do século XIX e comezos do século XX. E volvendo aos muíños da Guarda, Tamuxe na obra citada anteriormente, pág.93, di o seguinte: “*Por fotografías de 1870 sobre monumentos histórico-artísticos guardeses, se aprecian ya molinos fuera de uso, arruinados...*” aínda que hai que ter en conta, como o citado autor recolle, que estas fotografías non son proba concluínte, porque as fotografías, non recollen a totalidade de todos os muíños da zona e polo tanto tampouco o estado de todos eles nesas datas.

Necesidade de recuperar o muíño de vento de Navia.

O muíño de vento de Navia; ven a ser o último vestixio deste tipo de construcións na ría de Vigo. Estamos ante os restos dun monumento único do patrimonio histórico do noso concello e iso por si só xustifica o argumento da necesidade da súa recuperación, por iso pensamos que é unha das derradeiras oportunidades de recuperar o testemuño dun enxeño máis alá do mecánico, procedente da inquietude das xentes que nos precederon e ás que debemos unha parte importante do que somos.

Se non fomos quen de salvar o xacemento castrexo existente no lugar, debido ás actuacións urbanísticas fóra de control, non deixemos que novas intervencións ou omisións sigan privándonos de elementos patrimoniais, que obriguen aos nosos descendentes a recorrer á documentación escrita para saber que existiu un




Muíño de Navia. Vista horizontal

muíño de vento e que a voluminosa lexislación destinada a “salvagardar” este patrimonio elaborada polos seus antepasados non serviu para moito. No terreo do concreto cremos que non é demasiado complicado que a Administración pública adquirise o terreo e os restos da edificación e se pensase a súa reconstrución, para, posteriormente, recuperar o lugar para o goce dos cidadáns. Débese de ter en conta nesta proposta, a cercanía do monumento á praia de Samil, lugar amplamente visitado⁵.

⁵Costas Goberna, F.J.; Pereira García, E. Muíños de vento, o último vestixio deste tipo de construcións na Ría de Vigo: O Muíño de Navia. Glaucois nº 3. Boletín do Instituto de Estudos Vigueses. 1997.Vigo.

⁴Martínez do Tamuxe, Xoán. Noticias sobre desaparecidos muíños de vento. En: San Juan de Tabagón: Historia, Fiesta y Cultura. 1997. O Rosal



A ILLA DE ONŠ: PEQUENA INTRODUCCIÓN Á HISTORIA DA SÚA ARQUITECTURA POPULAR, DESTRUCCIÓN URBANÍSTICA E ALTERNATIVAS

Por: Celestino Pardellas de Blas

ETAPA INICIAL: PREHISTORIA – SÉCULO XV

Aínda que se atoparon restos paleolíticos, da idade do bronce, que existen dous castros e que neste pasado ano 2007 saíron á luz restos romanos na praia de Canexol, non temos coñecemento de como sería o seu hábitat por mor da falla de estudos e escavacións arqueolóxicas.

Hai documentación que fala da doazón que o rei Afonso III o Magno fixo no ano 899 ao Cabido Catedralicio, pero non hai información da maneira que este a administrou. O único dato que fala da presenza da igrexa na Illa podémola sacar, segundo os estudos de Hípolito de Sa, dos monxes beneditinos que se recollían á soidade da Illa para meditación e repouso e doutros monxes que periodicamente achegábanse a ela para a recolección de froitos. Hai tamén referencias da existencia dunha igrexa na que se reunían á hora dos Divinos Oficios e que realizaron algún tipo de construción para a súa estadia na Illa. Quizais desa etapa veña a crenza da existencia dun mosteiro en Ons. Posiblemente pertencentes a estas posibles construcións monacais son pedras moi ben traballadas e ata con algunha inscrición que se atopan espalladas por piornos, cortellos, casas e polos muros dalgunhas leiras.



Piorno de Canexol. Pedras da súa base que puideron ser dalgunha construción antiga importante. ¿Quizais o mosteiro?

SÉCULOS XV AO XVIII

Dos séculos que van dende o XV ao XVIII hai abundante documentación escrita sobre Ons que fala de estadias, máis ou menos longas, e que por mor das sanguentas e destrutivas incursións que se fixeron por estas costas tivo que ser continuamente despoboadada. O que non atopamos en ningún dos escritos aos que os investigadores tiveron acceso, foi alusión algunha ao tipo de vivenda que había, todo se reduce a preitos por problemas agrícolas e pesqueiros.

SÉCULOS XVIII AO XX

Sabemos que a finais do século XVIII a Illa de Ons estaba despoboadada pero as súas augas eran continuamente visitadas por pescadores que atopaban nelas abundante materia prima. Segundo parece, mariñeiros da bisbarra do Barbanza (Ribeira, Aguiño, Pobra,...) nas épocas de sementeira e recolección achegábanse cos súa familia a Ons e sementaban as súas baleiras pero produtivas terras. Se o tempo o permitía quedaban a durmir na Illa, para o que construían cabanas para gorecerse. Pódese dicir que estas cabanas foron as primitivas vivendas da última repoboación de Ons que chega ata os nosos días e que facíanse coas madeiras que atopaban polas praias e o tellado o recubrían con madeira e palla.

A facilidade que atopaban estas familias para traballar as terras illáns motivou que cando a Xunta Provincial de Armamento da provincia de Santiago decide construír na Illa unhas baterías de defensa, non tiveron atranco ningún para atopar xente disposta para desprazarse a Ons, sendo estas familias as primeiras en repoboar a Illa e traballar na fortificación e máis tarde chegaron xentes das bisbarras do Morrazo e Salnés.

Parece ser que para poder sufragar o custo destas obras e postos de acordo cos que rezaban como supostos donos (Cabido Catedralicio e familia Montenegro), dividen grande parte da Illa cultivable en parcelas para despois entregalas a título de Accións de Primeira Clase a aqueles que as pretenderan de entre as familias que alí foran a traballar.

Aínda que neste punto a historia está pouco clara, o certo é que deberon de mercarse moitas desas accións, pois a Illa quedou repartida nun 50 %, contando con zona de monte, entre os novos moradores e nelas comezaron a construír as súas casas.

No ano 1835 o Marqués de Valladares faise dono da Illa en herdanza contando, arquitectonicamente con: Unha casa singular ao carón do peirao; dous almacéns que serviron, nun primeiro intre, como estancia para os primeiros traballadores que viñeran; unha capela sita no lugar de Canexol; unha casa de dous andares con soportais que servía, xunto con dous grandes piornos, para gardar o produtos de campo que pagaban os illáns como canon polas terras traballadas e, por último, diseminadas por toda a Illa, numerosas casas feitas de cachotería con tellado de madeira cuberto con palla.

Outro punto, non moi claro, que está na fala popular, é que no barrio de Canexol montouse a mediados do século XIX unha especie de telleira. Coidan os veciños que, para evitar longos desprazamentos en barco, chegaron a un acordo os telleiros do Salnés e o Marqués de Valladares para poder cocer barro na Illa. Transportábanos en galeóns dende as terras da Lanzada, para logo dende Ons transportar as pezas polo mesmo medio ás zonas de Pontevedra, Morrazo, Vigo e ata o mesmo Portugal. A montaxe desta pequena telleira transformou as cubertas das vivendas, trocando a palla por tellas.

A mediados do século XIX instálase na Illa unha fábrica de salga e con ela vai vir un novo cambio económico. A agricultura e a gandería sofren un lixeiro abandono, as mulleres van a traballar á salga e os homes comezan a aventurarse no mar ao atopar unha doada venda para as súas capturas.

Nestes intreos a arquitectura illán sofre unha transformación, aínda que insignificante. O motivo é a chegada da xentes do continente para traballar na salga. Moitos destes novos traballadores intégranse nas casas máis ricas, adaptando algún alboio como vivenda e, no seu tempo libre, axudan ás labores do campo, no mar e amañan, restauran ou reforman a casa e edificacións anexas da persoa que os acolle. Outros conseguiron permiso do Marqués e constrúen o seu propio fogar, aínda que de xeito precario.

O SÉCULO XX

De 1900 a 1950

Ata o ano 1929 as vivendas sofren só modificacións no seu interior, érguense máis alboios, cortellos, piornos de madeira e construíronse casetas novas como casa.

Entre os anos 1929 – 1936, hai outro empurrón económico para os illáns; constitúese na Illa unha Sociedade Mercantil, denominada “Illa de Ons” dedicada ao secado e comercialización do polbo e congro. Os illáns atopan na propia Illa un excelente mercado para os produtos que alí máis abundan e que mellor pescaban. Nestes anos as modificacións das casas son case nulas: había que investir en artes de pesca e sobre todo na compra dunha embarcación, a Dorna, que logo facilitaría as capturas e o auxe económico.

A finais do 36 as vivendas estaban divididas segundo a “riqueza” dos seus donos, en Casais: As que posuían máis terreos e gando e eran bos mariñeiros; e Casetas: Vivendas moi precarias, habitadas polas familias máis pobres ou xoves matrimonios.

Coa Guerra Civil e o peche do secadoiro de polbo na Illa, xurde unha importante crise, agravada pola que sufría todo

o país, que provocou unha nula actividade urbanística agás reparacións pouco relevantes ou construcións de edificacións anexas como alpendres, muros, ... Ao non poder vender as capturas na propia Illa, obrigou aos mariñeiros illáns a internarse no coñecemento da navegación a vela para achegarse ás lonxas e prazas do continente, o que levou un primeiro distanciamento familiar, xa que pasaban varios días fóra da Illa, pero mantivo un mínimo nivel económico.

De 1950 a 1965

Chegados os anos 50, comeza un progresivo aumento da “riqueza” que traerá unha das reformas máis importantes da vivenda en Ons. A pesca comeza a ter mercado, os produtos agrícolas vendíanse con facilidade nas feiras de Bueu, Marín e Pontevedra, e ata había algunha transacción gandeira. Todo isto daba aos illáns uns cartiños que levaban á Illa, trouxo unha inmigración cara a ela (escapados da represión franquista,



Vista do barrio do Cucorno dende o faro.
Na parte inferior dereita o Forno
Comunal do Faro.

faltos de traballo no continente,...) que, pola comida e a estancia, estaban dispostos a calquera tipo de traballo, o que motivou unha man de obra gratuíta que souberon aproveitar os illáns para mellorar as súas vivendas.

A arquitectura illán sofre nestes anos unha profunda modificación: Constrúense máis vivendas (barrios de Caño e Cucorno), a pedra empregada está moi traballada en cantería, erguéronse a maioría dos piornos de pedra, pónselle madeira aos chans das casetas, as divisións interiores das casas collen unha idéntica tipoloxía,...., e case todas as vivendas contan con lareira e forno.

En 1964, a Illa de Ons constituía a mellor arquitectura popular mariñeira da península ibérica, formada por: Un pequeno peirao, unha casa nativa con fábrica de salga pegada e que contaba cun muíño e forno, unha capela, casa reitoral con dous grandes piornos, un faro con muíño comunal e, espalladas por toda a Illa, arredor de 80 vivendas cunha feitura característica e construídas con materiais autóctonos (pedra, madeira e barro).

De 1965 a 1979

No ano 1964 a Illa pasa a ser administrada polo Instituto Nacional de Colonización que, como primeiro paso, elabora un programa de actuación sobre ela.

As necesidades dos case 500 habitantes eran obvias:

- Un peirao que dera abrigo e seguridade á nova flota que estaba a nacer. (Nese ano xa había 8 barcos grandes a motor).
- Permitir a construción de novas vivendas. (Nalgunhas casas vivían ata tres matrimonios).
- Mellorar o servizo de luz e facer a traída de auga ás casas.
- Arranxar edificios públicos: escola, igrexa, camposanto, casa escola - reitoral.

Centro Cívico, construído no barrio de Curro en 1965.



O imprescindible era buscar unha solución axeitada ao peirao, pois os edificios públicos querían só pequenos arranxos con dotación de material e as vivendas e os servizos faríanse coa contribución económica dos illáns segundo a súa economía.

Pero a Administración non reparou nas necesidades básicas e imprescindibles, nin escoitou as peticións dos veciños; foi ao doado e, dun xeito pouco obxectivo e paternalista, crea un Centro Cívico que, agás a escola e a casa do mestre, durmiu o que se chamou “Un Soño Letárxico de Inutilidade” durante 20 anos. É aquí cando comeza a

primeira destrución do Patrimonio Urbanístico de Ons: Desfixeron a casa nativa e con ela a fábrica de salgar, o forno e o muíño; inutilizaron as cabalerías e ocuparon, con obras inútiles, os secadoiros de polbo e congro; deixan deshabitada a antiga escola – reitoral;... A Illa quedou dividida en dúas partes : A Nova (barrio de Curro) e a Vella (resto da Illa).

Ao non buscar unha solución ao peirao nun intre no que había certo interese en investir por parte da Administración provocou, en menos de 10 anos, a desaparición da Comunidade Mariñeira máis importante de Galicia. O peirao existente non podía resgardar aos novos barcos e estes non se podían varar na praia coma se facía coas dornas o que trouxo que os patróns - armadores, facendo un gran esforzo económico, emigraran a portos máis seguros. Tras eles, paseniñamente nun principio, tiveron que ir os mariñeiros, non podían manter á familia na Illa e eles pasar case toda a semana fóra en pensións e casas particulares de Bueu,

Portonovo,... A situación era difícil, había que aforrar para mercar casa en terra, o que trouxo unha despreocupación pola casa illán que, co paso dos anos, vaise a resentir nos tellados, ventás, piso, mobles, ... A emigración forzosa foi unha necesidade á que lles obrigou a falla de sentido común da Administración. Dende 1965 ao 1975 a diáspora illán foi de vagar, inda que todos tiñan en mentes afincarse na península. A poboación fixa no 75 estaba reducida a un 76%.

A Illa despoboábase inda que tiña moito que ofrecer. Nun informe sobre “As Condicións Socioeconómicas de Ons”, encargado polo Irida nese ano, líamos:

“ Se ha destruido una Comunidad que sin embargo tenía y tiene una potencialidad económica que la podría haber convertido en una de las más prósperas del país. Y esta destrucción es mucho más grave porque es debida, no a una dinámica de desarrollo capitalista más o menos difuminadamente responsable , sinó a una consciente actitud mantenida por la Administración , a una falta de conocimiento de la realidad , a un paternalismo inhibitor y absurdo que ha obligado a toda una comunidad a abandonar un capital social : sus casas y servicios anejos construidos por ellos , y un capital productivo en explotación: las tierras , para trasladarse a otro lugar , comprar otras casas y seguir explotando en el mismo lugar de antes : la Isla , los recursos que les permitieron mejorar sus condiciones de vida y que siguen siendo rentables.”

Na etapa que vai dende o 65 ao 79, a Arquitectura illán sofre só o abandono lóxico produto dunha emigración forzosa e a falla de inversión na casa illán por parte do dono ao ter que atender o custo da nova en terra. No 1979 as casas en perfecto estado das 82 veciñais existentes e que estaban habitadas máis de 6 meses ao ano eran: ben 45, deshabitadas e en regular estado 17 e en estado ruinoso ou case 20. Dicur, en contra do que moitas veces escoitamos, que agás raras excepcións, as casas en ruínas que había no 1979 eran produto da falta de inversión nelas nos anos anteriores, pola falla de solvencia económica dos seus donos, pola necesaria inversión en terra e por mor das invernías que no caso da Illa son verdadeiramente duras. Os Illáns nunca abandonaron as súas casas en Ons, só as deshabitaron por un tempo.

No ano 1979 comeza a segunda destrución urbanística producida pola Administración, moitísimo máis grave que a primeira, e en onde a ilegalidade e o emprego, como único material de construción, do ladrillo, bloques e cemento, foi o xeito de actuación.

De 1979 a 1992

Se os anos 50 foron os de maior esplendor para a arquitectura popular da Illa de Ons, os anos 80 van a representar o comezo do seu devalo que rematará na desfeita dos anos 90.

Como xa pasara en 1964, vai ser a Administración a que dea o sinal de saída coa montaxe, no barrio de Pereiró, das instalacións dun Campamento. A idea non deixaría de ser estupenda se non cometeran as irregularidades urbanísticas que fixeron: a) Apropiación ilegal dunha casa veciñal e dos seus terreos adxacentes. b) Construcións ilegais con importante volume de obra. c) Emprego de materiais coma o cemento, bloques, ladrillo, uralita, ... , que rompían o equilibrio arquitectónico illán da zona vella. d) Non hai datos de petición de permiso de obra ao Concello. e) Perforouse o primeiro pozo de barrena. f) ... No 1980, grazas á actuación da Administración, a arquitectura popular illán ía a ter outro punto negro situado no barrio de Pereiró.

Pero, se as obras feitas pola Administración desfizeron a harmonía arquitectónica existente, non menos culpables foron as súas actuacións e decisións con respecto aos veciños. En 1980 a situación veciñal e de habitabilidade das 82 casas illáns era a seguinte: Xa todos tiñan casa na península; uns poucos, debido á súa posición económica, con ela xa montada e os máis, pasando grandes apuros para levala adiante. Arredor dun 12% das vivendas estaban habitadas máis de 10 meses, inda tendo casa en Bueu. Outro 15% das casas estaban en ruínas. Un 23 % deshabitadas todo o ano. Un 15 % habitadas 6 meses e un 35 % habitadas só no verán.

Ante as circunstancias que se daban a Administración coidou que nuns 10 anos a Illa quedaría totalmente baleira e que, agás os negocios, non ía a ter dificultade en facerse coas casas e terreos. Esa teoría foi a que motivou as actuacións da Administración contra os veciños que pretenderon arranxar as súas casas a partir do ano 1982.

Neste ano, xa recuperados algúns do esforzo que representou a nova casa en terra, queren dedicarse á casa illán, pero é aquí cando se atopan coa negativa da Administración que, salvo raras excepcións, non dá permisos, collendo unhas competencias que non son as súas senón do



Comedor e dormitorios do Campamento de Pereiró construídos no 1979 e anos posteriores pola administración.

concello e buscando con elo o abandono da casa por parte do veciño. Ante a postura da Administración os veciños toman diferentes camiños: Uns amañan ao mínimo as súas casas (reparación do tellado sobre todo), outros decidiron non habitala ao ter tantos atrancos (o que provocou, co paso do tempo, graves estragos na vivenda) e os máis, decidiron non obrar e ir aguantando polo medo á denuncia e posible multa.

Tamén neses anos, a carón do único barco de pasaxeiros que saía de Bueu, xorde outro, que vindo de Sanxenxo e Portonovo, vai traer a Ons unha grande cantidade de turistas que aumentando ano a ano, fará necesario crear unha mellor infraestrutura aos precarios bares existentes. Na metade dos 80 os propietarios dos bares diríxense á Administración, (Consellería de Agricultura), aínda que esta non tiña competencias en urbanismo, para que dean permiso para mellorar as súas instalacións. A postura da Consellería foi tallante ¡NON!, sen tan sequera escoitalos e sen darlles unha resposta alternativa. Os industriais illáns dirixíronse entón ao Concello que, utilizando a política amiguista de sempre, asentiu con un: "Vós tirar para adiante."

Esta postura dos organismos que deberían velar polo urbanismo illán, motivou o que deron en chamar: “as primeiras ilegalidades necesarias”, por parte dos veciños, como foi a remodelación dos bares. A administración en vez de buscar unha postura dialogada e chegar a acordos con eles, optou pola tímida denuncia que quedou en nada e que trouxo un malestar nos demais veciños ao ver que a eles lles prohibían e a outros non lles dicían ren.

Pero a Administración nesas datas tampouco quedaba atrás. Primeiro fora Curro, logo Pereiró, agora tocaba a parte norte, e decidiu intervir en Melide. Nese barrio existían dúas casas, que por mor das dificultades dos seus donos e pola acción dalgúns incontrolados visitantes estaban en ruínas.

Como fixera en Pereiró, a Administración, sen permiso ou autorización dos donos, ocúpanas, desfán alboios e cortellos, e sen estar claro o permiso de obra do Concello, unen as dúas e fan unha soa vivenda para o seu uso particular. Tamén alí fan un pozo de barrena.

Os veciños abraizados ven coma a Administración fai e desfai ao seu antollo, comete ilegalidades, fai pozos de barrena, non pide permiso de obras ao Concello, permite que os bares obren, ... e, sen embargo para eles, todo son prohibicións, denuncias e multas. É por iso que algúns deciden tamén tirar para adiante e a finais dos 80 aparece a primeira obra nova que, increíblemente, vai arriba sen que a Administración diga nin faga absolutamente nada.

Os veciños pasan uns anos esperando que as ameazas da Consellería contra esa primeira “obra nova” ilegal se leven a cabo pero, en vistas de que nada ocorre, comeza no ano 1993 a verdadeira desfeita do Patrimonio Urbanístico de Ons.

De 1992 a 2002

Chegamos ao ano 1992 cunha chea de problemas que se estaban a botar enriba da Illa de Ons. Dende Sanxenxo piden a titularidade municipal sobre a Illa. Dende Madrid, facendo unha ponte con Vigo, a familia Riobó esixe que lle devolvan a Illa xa que non se cumpríu o motivo da expropiación. Dende a Consellería de Agricultura buscan a declaración para Ons como Parque Natural sen contar cos veciños. Para o concello de Bueu só existe Ons para recoller votos cada catro anos... e os veciños alporizados polo abandono institucional que sufrían: Falla de saneamento, de luz e auga nas súas casas, pola negativa da Administración para arranxar as vivendas, polas denuncias e multas, ...

Ante semellante situación, a asociación veciñal esperta do letargo no que se atopaba, reúne aos veciños, estudan a situación e nomean nova directiva. Polos condutos legais a nova directiva tenta un achegamento e diálogo coa

administración representada no Delegado de Agricultura en Pontevedra. Este, pensando que era unha reacción veciñal de tipo puntual e pouco duradeira (mal asesorado polos técnicos do Servicio de Medio Ambiente daquela), intenta dar largas ás reivindicacións veciñais e con elo conseguir frear estas primeiras reivindicacións coidando que co paso do tempo a asociación veciñal volva de novo ao letargo no que se atopara e poidan así facer o que se lles antollara. Durante case un ano foron enviados escritos, tiveron reunións, houbo manifestacións na Illa, ..., pero o resultado sempre foi o mesmo, promesas na Delegación e no Concello que axiña se trocaban en incumpridas.

Xa fartos de esperas, de falsas promesas e despois de que lles quitaran ao mestre de recuperación de verán, os veciños maniféstanse diante da Delegación aproveitando unha reunión entre o Delegado, alcalde de Bueu e Asociación veciñal. Aquela data de 15 de febreiro de 1993 puido representar o comezo dunha nova etapa para Ons. Dous eran os motivos: o primeiro o anuncio do Delegado da instalación do novo tendido eléctrico e a posta en funcionamento dun novo xerador máis potente. O segundo, o acordo ao que chegaran <Delegado - Alcalde - Directiva veciñal>, para loitar contra as obras ilegais que xurdiran a partires desa data, á vez de tentar

Casas do barrio de Melide no 1975. Ao ser reconstruídas pola administración desapareceron as edificacións anexas agás o piorno.



arranxar o mal feito pola administración e veciños a nivel de urbanismo e axeitalas á arquitectura da Illa (forrar de pedra, emprego de tella,...).

Pero o que podería ser unha data histórica e o comezo do diálogo e acordos para conseguir un Parque Natural Habitado, sen especulacións e no seu seo a única Arquitectura Popular Mariñeira conservada en Galicia, axiña trocou a todo o contrario. O problema dos enganches de luz duraron anos e moitos conflitos para resolverse e aínda hoxe (2008) o barrio de Melide está sen tendido e, con respecto ao acordo sobre as obras ilegais, non tardou nin un mes en ser roto e, segundo se puido comprobar, dun xeito escandaloso que provocou o inicio da desfeita urbanística da Illa de Ons.

A historia comeza cando, aos poucos do acordo adoitado polos responsables políticos e veciños, empeza a chegar material de obra á Illa que, polo seu volume, non era para unha simple rehabilitación. A asociación dá parte deste feito aos organismos oficiais, cumprindo coa súa parte do acordo, para que estes tomen as medidas oportunas. A sorpresa foi maiúscula cando se comproba que, supostamente, o contratista da obra é un membro do Grupo de Goberno de Bueu. A partires de aí, comeza unha loita levada pola asociación para facer respectar o acordo que, loxicamente, non foi correspondida polo Alcalde nin polo Servizo de Medio Ambiente, que só se dedicaron a manter un fugaz carteo entre Delegación – Concello – Patrimonio, pero sen que en ningún caso se molestara ao suposto contratista, todos eran da mesma formación política e todos estaban nese intre no poder.

O rebumbio estivo servido durante case dous meses na prensa, radio e televisión,..., pero de nada serviu. A Administración encargouse, coa súa actitude, de facer crer que o problema era unha loita de envexas entre dous veciños. O acordo quedou roto, a Asociación veciñal, que quedara soa na loita, decide non intervir e, en nota pública anuncia: “Que non denunciarán ningunha obra ilegal en Ons, pois a Administración só busca con elo a desunión entre os veciños e non salvagardar unha arquitectura única”.

É a partir diso cando os veciños, mirando a burla e a falla de responsabilidade da Xunta e Concello, acordan lanzarse a unha tolemia urbanística que trouxo o xurdir dunha chea de obras que case estiveron a piques de tirar pola borda a magnífica Arquitectura Popular Illán.

Chegadas as eleccións municipais (1995), os illáns, maioritariamente votantes de dereitas, dan un voto de castigo ao goberno municipal, pois en máis de 10 anos nada fixeran por este arquipélago e ata volvían a levar nas listas á persoa supostamente involucrada na primeira obra ilegal despois do acordo. Xurde un novo Goberno Municipal e nel puxéronse moitas esperanzas, os illáns necesitaban solucións aos seus graves problemas e urbanisticamente era necesario un apoio de infraestrutura legal, técnico e, nalgúns casos, económico.

A realidade urbanística que se atopou o Concello no 95 era:

- Vivendas en estado ruinoso ou case: A maioría, dos propietarios que tiveron que afrontar un enorme gasto en terra por mor da emigración forzosa e non se lles permitira arranxalas posteriormente.

- Vivendas en perigo de ruínas: Aquelas que por estar un tempo deshabitadas, os axentes meteorolóxicos provocaron na súa estrutura un serio e perigoso deterioro.

- Vivendas que necesitaban arranxos puntuais: No tellado, fachada, interior, portas, ...

- Vivendas que necesitaban algunha ampliación: Por necesidades familiares, hixiénico – sanitarias, . . .

- Infraestrutura turística: O crecemento turístico dunha zona emblemática do Concello de Bueu, fai necesario unha infraestrutura de cara a acadar unhas instalacións e un turismo de calidade acorde cunha paraxe natural.

O novo goberno municipal tiña a obriga de dar un cambio á política mantida polo anterior e que esta se convertera en feitos:

- Era necesario negociar coas forzas políticas autonómicas e esixirlles solucións aos problemas que precisaban urxente arranxo e polos que levaban máis de 10 anos agardando: Luz, auga, saneamento, estudio xurídico, . . .

- Facer un estudo urbanístico xeral primeiro e individual despois, para coñecer as verdadeiras necesidades e buscar solucións axeitadas.

- Buscar alternativas de futuro para a Illa segundo as súas peculiaridades e mantendo unha actitude constante de diálogo e de traballo cos veciños.

Os veciños esperaban ansiosos que o Concello se puxera mans á obra e dende a Asociación se lles pide axilidade. Pero pasa o tempo e miran coma outras partes do municipio reciben todo tipo de apoio do goberno municipal e eles só tímidas reunións coa Consellería das que só informan con boas palabras, moita demagogia, pero sen ningún feito



Conxunto histórico – etnográfico do barrio de Canexol.
Casa reitoral – escola e grandes piornos.

positivo visible. Os veciños necesitan arranxar as súas casas e só atopan do Concello a realización dun Censo do que nunca souberon resultados, nin se chegou a rematar, nin para que ía a servir,... e, sobre todo, un tándem de concelleiros inquisidores dispostos, un deles, a non permitir nada, denunciar calquera obra inda que se lle explique a súa necesidade, a non buscar alternativas legais ás obras necesarias, . . . ; e outra, preparada para encher as arcas municipais a conta de “supostas infraccións”, a maioría, a todas luces, necesarias e que non alteraban a arquitectura illán nin provocaban deterioro ambiental algún.

De ren valen as alegacións, hai que encher de cartos illáns o Concello para logo investilos noutras zonas do municipio. A política urbanística levada a cabo na Illa de Ons por ese Grupo de Goberno é negativa e non busca alternativas ou solucións aos problemas socio - urbanísticos que xorden, demostrando un deixamento ou incompetencia para resolver e contribuír á mellora e conservación dunha arquitectura singular que necesariamente hai que achegar ás necesidades da Comunidade Illán.

A arquitectura de Ons foi ben estudada no seu día polo arquitecto Pedro de Llano e, segundo parece para incluír no "Censo", fíxose un apoucado estudio polo técnico do Concello. Naquel intre só quedaba buscar alternativas e dar solucións axeitadas que melloraran as condicións de habitabilidade, de saneamento, servizos básicos, . . .

O concello só tiña que facilitar os trámites e poñer a disposición dos veciños os técnicos que lles axudaran a buscar o mellor xeito para arranxar, rehabilitar e reconstruír, segundo o caso, as súas vivendas co mínimo deterioro urbanístico posible e evitando calquera tipo de impacto ambiental negativo. Dende o propio Concello deberíanse facilitar os trámites necesarios para que o Instituto da Vivenda e Solo facilitara as subvencións aos veciños que máis o necesitaban e aos que as súas vivendas revestiran un interese arquitectónico.

É verdadeiramente increíble que dende a Xunta de Galicia se facilitaran subvencións por aquelas datas, algunhas a fondo case perdido, para a rehabilitación de centos de Pazos e Casas Rurais a persoas con saneada economía e que o Grupo Municipal (BNG - PSOE) non fixera o mínimo para que os veciños de Ons puideran tamén acceder a elas; máis ben, pola contra, parece que estaban á espera para, como dicía a antiga canción contra o embalse de Castrelo do Miño: " *Alí mandar aos municipais para impoñer o seu mandado*".

Os veciños de Ons querían arranxar os seus eternos problemas, gozar das casas que os viron nacer e que construíran os seus antepasados con moito esforzo chegando a constituír unha Arquitectura Mariñeira distintiva. Pero tamén, coma calquera persoa, querían vivir nelas cun mínimo de dignidade e para elo necesitan arranxos e axuda técnica responsable e dialogante que soubera escoitar e buscar as solucións adecuadas a cada caso.

Unha das cartas enviadas pola Asociación Veciñal ao Goberno Municipal dicía: < *¿De que serve declarar a Bueu " Municipio Turístico " se quen o goberna non é capaz de elevar ao seu BUQUE INSIGNIA TURÍSTICO, a Illa de*

Ons, á altura que se merece e que convertería a Bueu, xunto co Museo Massó, en MUNICIPIO DE OBRIGADA VISITA EN GALICIA? Outros virán que das súas torpezas se aproveitarán.>

A chegada dunha nova Consellería encargada (Medio Ambiente) ao fronte da cal había dous bos coñecedores da Illa de Ons como eran o propio conselleiro Carlos del Álamo e o Director Xeral Tomás Couto, en nada contribuíu a mellorar as relacións e o bo facer entre veciños e administración, o que trouxo de novo conflitos e a realización de pequenas obras, sen importancia pero de dubidosa legalidade, que en nada favorecían á xa maltreita arquitectura illán.

Dende a Asociación veciñal volven a pedir diálogo e partir de cero, antes de que as cousas vaian a peor. De novo os asesores do Conselleiro botan pola borda a idea de acordos e xorden conflitos, pequenas obras, denuncias, multas,...., que para nada resolven o caso. A falla de acordos,

Interior do Museo Massó



asesoramento técnico e axudas seguirán, aínda que máis lentamente, evitando un urbanismo responsable e compatible cunha paraxe singular como era a Illa de Ons.

De 2000 a 2008

Pasa a etapa da dirección de Medio Ambiente máis con pena que con gloria, só ao seu favor o sacar adiante o tan demandado Estudio Xurídico que, pola contra, nada novo veu a dicir para os veciños, foi realizado por unha consultora a favor da administración pagadora.

VIAJES
CALVITOUR



Agencia de Viajes
viajes calvitour

sercom
agencia asociada

C/ Tiro Naval Janer nº 33 bajo - 36900 - MARÍN (PONTEVEDRA) - Tfno.: 660 990 309 - Tfno. y Fax: 886 20 27 93
E-mail: viajescalvitour@gruposercor.com - www.gruposercor.com - www.viajescalvitour.gruposercor.com

O urbanismo segue paralizado, só pequenas obras de mantemento, e non se acadou ningún acordo entre veciños e administración para comezar un novo camiño que dera como resultado o arranxo do mal feito e unha nova etapa. E con todo, así como esperando algo, xorde a nova, a Illa de Ons pasa a formar parte do primeiro Parque Nacional de Galicia xunto coas Illas Cíes, Sálvora e Cortegada. Este anuncio parecía abrigar esperanzas para un novo período, o que dan en chamar: Un antes e un despois, pero aínda agora 2008, seguen vendo o antes e non o despois.

Os veciños ven esta declaración con escepticismo, douscentos anos totalmente abandonados dos que os trinta



Casas illáns que necesitan axuda da administración para adaptalas ao conxunto arquitectónico popular da Illa.

últimos foran de auténtico desastre e cunha administración que só ve en Ons plantas, paxariños, anfibios e réptiles pero non a unha Comunidade histórica – etnográfica única á que habería que mimar e coidar pero para a que só buscan o desfacerse deles e botalos da Illa como sexa e que así as casas que construíron os seus antepasados con moito esforzo humano e económico, pasen a goce dos amigos da administración.

Estamos noutro intre histórico, quizais o último para lograr unha Illa de Ons Socio – Histórico – Etnográfica – Natural única, cunha arquitectura popular que naceu hai douscentos

anos e que aínda podemos recuperar. Para conseguilo só ten que haber diálogo e entendemento entre veciños e administración, a prepotencia só leva ao conflito.

ALTERNATIVAS

1º.- Facer un estudo de investigación serio para definir a verdadeira historia da propiedade da Illa. (Cabido, foros, particulares, Riobó,...).

2º.- Investigar sobre esas Accións de Primeira Clase que poden dar como resultado unha propiedade histórica dos antepasados dos actuais veciños sobre un bo número de parcelas desta Illa.

3º.- A través do tempo, tanto administración como veciños cometeron irregularidades urbanísticas. Coido que, aínda non chegan a un nivel de gravidade importante, pódese recuperar sen destruír, só hai que poñer vontade e asesoramento.

4º.- Partir de cero, urbanisticamente falando, pero poñendo todos da súa parte para arranxar todo aquilo que vai en contra da verdadeira arquitectura popular illán.

5º.- Que a administración poña nas mans dos veciños asesoramento técnico. Que se estuden as necesidades de cada familia tanto de habitabilidade das casas como económicas. Que se faciliten axudas e préstamos para poder levar a cabo as reformas necesarias...

6º.- Ás casas e demais elementos arquitectónicos que teñen dono pero están abandonadas, que se lles busque unha opción de compra por parte da administración para dedicalas a fins culturais e de conservación.

7º.- Que desaparezan ou se lle busquen solucións axeitadas a: Uralitas, depósitos de auga en tellados, casetas de ladrillo ou bloque, camiños desfeitos, lixo de gran tamaño espaxado pola Illa, cores inadecuados en fachadas das casas, ...

8º.- Que se reparen e non desaparezan aqueles elementos arquitectónicos típicos como: piornos, fornos, lareiras,...

9º.- Que se preparen as vellas escolas como Aula da natureza, museo, biblioteca, lugar de conferencias e exposicións,.... e que se lles dote do material necesario para os fins propostos.

10º.- Saneamento, luz as 24 horas, auga de traída,...

Poderíamos seguir propoñendo moitas máis pero todas teñen que redundar nunha **ILLA DE ONS HABITADA** pertencente a un **PARQUE NACIONAL** e que a **COMUNIDADE HUMANA** que a habita sexa parte integrante cos seus dereitos e as súas obrigas e iso só se consegue con diálogo e consenso entre **ADMINISTRACIÓN e VECIÑOS**.




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN



A BATALLA DE RANDE

Por: Eva Rodríguez

Ultimamente o tesouro de Rande anda de novo en boca de todos, tanto da xente do Morrazo como dos medios de comunicación. Seguramente o motivo sexan os cazadores de tesouros, que hoxe aparecen por todas partes equipados coas técnicas máis modernas. A proba está no John Lethbrige, buque que a mediados do pasado mes de xullo tivo que marchar do porto de Vigo sen conseguir o seu obxectivo, arrancar das profundidades do Atlántico 5000 toneladas de chumbo, afundidas cun cargueiro francés a 20 millas das illas Cíes.

O tesouro de Rande ten unha longa historia, pois antes de que Jules Verne o fixese universal na novela “Vinte mil leguas de viaxe submarina” xa andaban na súa procura varios aventureiros. Para darnos unha idea debemos saber que entre os anos 1720 e 1750 houbo vinte compañías probando sorte na ría de Vigo e que os nomes máis coñecidos



foron o español Juan Antonio Rivero que sacou do mar arredor de 200.000 pezas de prata, o inglés William Evans que atopou no ano 1772 varios cofres tamén cheos de prata. O capitán Bron traballou na Ría cun barco chamado Enterprise, aló polo 1825, e marchou sen que ninguén soubese as riquezas que levaba. O norteamericano John Potter que xunto cun


grupo de submarinistas fixo unha campaña comezada no ano 1955 no estreito de Rande e rematada, despois de 4 anos, buscando nos arredores das Cíes o Santo Cristo de Maracaibo, non tivo éxito na súa busca, pero algúns habitantes de Moaña lémbromo con moito cariño por outras razóns.

Aínda así hai quen pensa que no fondo da enseada de San Simón están varios galeóns cargados de ouro e prata, agardando para que alguén vaia por eles.

Por todo isto eu penso que sería interesante falar un pouco da Batalla Naval de Rande, batalla que se desenvolveu os días 22 e 23 de outubro de 1702, loxicamente na Ría de Vigo, co estreito de Rande ao fondo e que tivo unha enorme significación simbólica porque foi o comezo da Guerra de Sucesión Española, ademais de ser a causante deste misterioso tesouro.

Non é a miña intención contar polo miúdo todos os detalles desta gran contenda, pero intentarei facer un resumo o máis claro posible do que alí pasou e como se chegou a semellante situación.

Pois ben, no ano 1700 reinaba en España Carlos II, o último rei dos Austrias no trono español. Este rei non tiña descendencia, era un enfermo mental e deixou un testamento no que manifestaba o seu desexo de ser sucedido por un Borbón. Está claro que Luis XIV de Francia, o Rei Sol, aceptou o encargo con gran preza e inmediatamente instruíu ao seu neto, Felipe de Anjou, para que ocupase o trono de España. Pero as cousas non eran tan doadas como parecían xa que o Emperador de Austria tiña preparado ao seu fillo, o arquiduque Carlos, para que fose o futuro Carlos III de España, ao mesmo tempo Inglaterra desconfiaba do poder que xa tiña España e que aumentaría coa alianza francesa.



ADMIRAL SIR GEORGE ROOKE
(From W. Hill's engraving of the painting by M. Dahl)

Nestas circunstancias morre, o 1 de novembro de 1700, Carlos II, sendo coroado como rei de España Felipe de Anjou, o 24 do mesmo mes, e que pasou a ser o primeiro monarca español da casa dos Borbóns, Felipe V. Entón a alianza calvinista formada por Inglaterra, Holanda e Austria, declaroulle a guerra aos Borbóns franceses enviando unha

COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA



inmensa frota naval con 54 navíos de guerra ao mando do almirante inglés George Rooke e 100 transportes de infantaría e cabalería ao mando do xeneral inglés James Butler, duque de Ormond, para que atacasen España.

Chegado este punto non podo menos que lembrar un dito que reza así: “Unha guerra é unha loita entre homes que non se coñecen, pero que se matan, para proveito doutros que si se coñecen, pero que non se matan”.

Sen máis comentarios volvamos á Guerra de Sucesión. A principios de setembro de 1702, o conde de Fernán Núñez recibe o aviso de que unha enorme frota hostil estaba dobrando o cabo de San Vicente en Portugal para atacar o porto de Cádiz. Rapidamente dispuxo os seus navíos como defensa e fíxoo con tanta eficacia que ao terceiro día do combate catro barcos da escuadra anglo-holandesa afundiron con máis de 2.000 homes a bordo. Vendo este desastre o duque de Ormond desembarcou as súas tropas nos portos de Santa María e de San Fernando, para continuar o combate por terras andaluzas, mais a derrota foi tan estrepitosa que cando o 28 de setembro regresou aos barcos, faltaban arredor de 1000 soldados que perderan a vida nos campos de Xibraltar.

Ao día seguinte o almirante Rooke ordenou a retirada.

Con moitas baixas e a moral polo chan dirixiuse cara a un porto amigo, a cidade de Lagos en Portugal. Alí reparou os danos, sandou os feridos, cargou provisións e soubo do paradiro da frota de Nova España na Ría de Vigo.


Agora volvamos a Vigo. As cousas aquí eran ben distintas. Chegara a Frota da Prata desde América con dezaseis galeóns españois cargados de riquezas, escoltados pola escuadra francesa e afanábanse en reunir todos os carros do país (máis de 1500) para trasladar o ouro e a prata ata Madrid, onde estaba a Corte. Ademais tiñan que recoller todos os víveres posibles para alimentar a tanta xente como chegara. Había pois unha actividade frenética.

Debemos lembrar que a frota de Nova España levaba no porto de Veracruz (México) case tres anos. Normalmente os

envíos desde América chegaban anualmente ata o porto de Cádiz, pero por diferentes razóns o almirante español Manuel Tejada esperara tres anos sen mandar ningún cargamento. Como podemos supoñer en todo este tempo os galeóns españois almacenaron ouro, prata, xoias, madeiras, coiros e todas as riquezas que os indíxenas debían pagar como tributo ao rei de España. Para poder almacenar máis, Tejada mandou desalojar os canóns, a munición e todo tipo de material bélico dos galeóns, así que cando quixo regresar a España atopouse cun problema: só tres eran barcos de guerra, o botín era inmenso (máis de 5.000 millóns de euros actuais), os piratas mariños eran moitos e as súas naves estaban sen protección. Cando máis preocupado estaba recibiu a boa nova de que a armada francesa, mandada polo almirante Château-Renault, o escoltaría durante a travesía de regreso.

Hai que lembrar que Luis XIV, rei francés, tiña ao neto no trono español. Deste xeito, dezanove galeóns españois saíron de Veracruz o 11 de xuño cara á Habana, de onde levantaron áncoras escoltados por 34 barcos franceses o 24 de xullo para chegar todos xuntos ao porto de Vigo o 22 de setembro.

E a partir dese intre podemos entrar directamente na Batalla de Rande e ao mesmo tempo no



tesouro deste nome.

Sábese con certeza que o 3 de outubro chegou a Vigo o aviso de que a escuadra anglo-holandesa navegaba cara ao norte e que o 21 do mesmo mes chegaron a Lugo os carros cargados coas mercancías dos galeóns. Polo tanto, é moi posible que só quedasen a bordo aquelas máis difíciles de transportar, como tabaco, madeiras preciosas ou algunhas caixas de prata que pertencían aos comerciantes vigueses.

Despois de descargar e para protexerse, a Frota da Prata navegou ata o remate da Ría, ancorando os galeóns na enseada de San Simón e formando os barcos franceses unha barreira na zona interior do estreito de Rande. Xa naquel momento o vicerrei de Galicia, Príncipe de Barbanzón, advertiu do perigo da manobra e da pouca defensa que tiñan neste lugar.

Varios días despois deste feito á escuadra de Rooke engadiuse a de Shovell que estaba no Cantábrico e o domingo, 22 de outubro, entraron na Ría de Vigo sen ningunha dificultade. Un pescador que os viu pasar anotou ata 189 buques de bandeira descoñecida e o párroco de Alcabre escribiu que seguramente pasaban de 140 navíos. Ao divisar a posición dos barcos franceses, os ingleses mandaron por diante as súas naves máis pequenas como recoñecemento, deixando que os bombardeiros e os barcos grandes marchasen detrás por se fosen necesarios.

Sendo aínda de noite os soldados anglo-holandeses, mandados por Ormond, desembarcaron en Teis e Moaña. Desde as baterías de Rande e Corbeiro disparaban sen moito éxito. Aínda así afundiron algúns botes, pero ás once da mañá había 2.500 soldados xa acampados en Teis e outros tantos no lado oposto. Pronto tomaron os fortes, pois aínda que se defenderon con gran valentía, as forzas do invasor eran moi superiores e foron derrotados rapidamente.

En canto se fixo de día, Rooke puxo en marcha os seus buques, facendo dous grupos de vinte e cinco. Por diante ía o buque inglés Torbay co encargo de romper a cadea que pechaba o estreito, acompañado doutras dúas naves. Por un cambio repentino do vento o Torbay encaixouse contra a barreira e sen poder saír aguantou a choiva de metralla que lle caía por todas partes. Ardendo e todo desfeito entrou na enseada, facendo camiño para os que viñan detrás, o holandés Zeven Provinciën e o inglés Somerset no que ía Rooke.

Como os fortes de Rande e Corbeiro xa eran do inimigo, Château-Renault atopouse con que os galeóns estaban sendo atacados ao mesmo tempo por babor e por estribor e que dentro da baía había xa máis navíos invasores que franco-españóis, a batalla era totalmente desproporcionada. O Torbay converteuse nunha xigantesca facha que prendeu na vela

maior do Berwick. A fragata francesa Favorit estoupou lanzando a súa carga de follas de tabaco contra os buques que estaban ao lado. En pouco tempo os estoupidos lanzaron metralla, estelas, canóns e cadeas contra amigos e inimigos, convertendo aquel espazo nun verdadeiro inferno.


Os navíos holandeses, máis grandes e con máis canóns, romperon totalmene a protección gala, bombardeando sen problemas aos barcos franceses que eran incapaces de defenderse.

Cando se viron perdidos, tanto o almirante Velasco como Château-Renault, mandaron queimar as naves que lles quedaban. Moitos soldados tiráronse ao mar tratando de salvarse agarrados aos restos dos mastros ou doutros madeiros, algúns ingleses procuraban recuperar as mercancías e morrían queimados no intento. Foi unha verdadeira carnicería. As baixas humanas contáronse por milleiros e se facemos referencia aos barcos perdidos por ambas bandas serían decenas deles. Plácido Feijoo, acaso

testemuña viva dos acontecementos, escribiu: “ Mirei as naves arder / vin volto en volcán o mar ... ” 30 de outubro a escuadra anglo-holandesa comeza o reembarco, facéndose á vela ao día seguinte. Pasaron fronte a Vigo cantando e tocando frutas para demostrar a súa vitoria, levando con eles todo o que de valor puideron remolcar. O 6 de novembro retírase a frota de Showell, despois de facer un troco de prisioneiros en Baiona.

Durante as manobras de saída o barco español Santo Cristo de Maracaibo, que levaban remolcado, afundiuse con toda a carga nos arredores das illas Cies.

Polo tanto, a Batalla de Rande foi o prólogo da Guerra de Sucesión na Península, guerra que rematou en xullo de 1715 coa capitulación de Mallorca. En España seguiu reinando Felipe V e perdemos as posesións de Italia, Flandes e Xibraltar en beneficio de Austria e Inglaterra.



SOBRE O NOME DO GROVE

Por: Fernando Cabeza Quiles

A actual península do **Grove** era antigamente unha illa como o testemuña un documento do ano 899, que cita a “insula Ocoebre” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 47). En 911 temos “in territorio saliniense insulan ocoebre” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 65). En 912 o *c* de “Ocoebre” aparece sonorizado en *g* no testemuño documental “sanctum Vicentium de Ogobre” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 70). En 1019 “insula Ogoure” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 2: 210). E no ano 1115 “sanctum Vicentium de Ogrove” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 3: 100). Segundo esta documentación a evolución diacrónica do topónimo sería *Ocoebre*>*Ogobre* (coa sonorización do *c* en *g*)>*Ogrove* (coa metátese do *r*)> **O Grove** (a forma actual con falso artigo). Secuencia que obriga a incluír **O Grove**, por ser anteriormente **Ocoebre** e **Ogobre**, no numeroso e característico grupo de topónimos galegos rematados en *-bre*, procedentes, na súa segunda parte, da voz celta **brig*, “altura fortificada”. Así, partindo da forma documentada “Ocoebre”, atopámonos cun topónimo composto de *oco+bre*. A súa primeira parte, *oco*, pode provir da raíz do indoeuropeo, reconstruída por Pokorny, **ak*, **ok*, “afiado, bicudo”, e despois “altura”. Sería así *oco*, “altura, altura fortificada”, unha voz parecida á do umbro *ocar* ou *ukar*, tamén “monte, cidade fortificada nunha altura”. En canto a *-bre*, o segundo compoñente de “Ocoebre”, debe provir, como indicamos antes, da voz celta **brig*, “altura, altura fortificada”, ou máis concretamente dun acusativo romanizado, **brem*, procedente de aquel. Vemos, xa que logo, que o actual topónimo **O Grove**, antes “Ocoebre”, é un nome repetitivo ou tautolóxico que debe aludir, con dous vocábulos distintos, *oco* e *bre*>**brem*>**brig*, a un poboado fortificado nunha altura, que pode ser o actual castro do monte

Con da Siradella, de 157 metros de altura, tamén chamado a Cidadela; ou outro recinto castrexo emprazado no actual Con de Loureiro; monte que, malia estar tamén a carón da plataforma costeira, acada os 167 metros.

En canto a orixe etimolóxica dos dous compoñentes antigos, *oco* e *bre*, do actual topónimo **O Grove** (partindo de “Ocoebre”), se a celticidade da súa terminación *-bre*, procedente de **brig*, “castro, altura fortificada”, é manifesta, a da súa primeira parte *oco* cómpre buscala na voz similar *ocelo* ou *okelo*, “altura, altura fortificada”, que aparece no topónimo antigo **Ocelo**

Durum ou **Okelo Durum**, considerado pola autoridade de Henri Hubert como un dos topónimos celtas da Península Ibérica (Hubert, 2000: 248). **Okelo Durum** que está formado por *okelo* e mais *durum*, unha das voces celtas para vila ou cidadela; de aí o seu posible significado de “a cidadela ou o castro (*durum*) da altura (*okelo*)”; poboación fortificada que aparece como “Ocelo Duri” no *Itinerario de Antonino* (It., 434, 6 e 439, 10). Como

“Ocelodorum” no *Anónimo de Ravena* (*Anónimo*, 319, 4). E como “Oceloduri” nun dos itinerarios das *Táboas de barro de Astorga* (*T. Astorga*, 3, 5). **Okelo Durum** repítese en **Okelo**, nome doutra cidade, que ocuparía tamén un lugar alto, citada por César e Strabón no territorio dos celtas da Galia Cisalpina (César, I, 10, 5) e (Strabón, IV, 1, 3). Moi parecido a **Okelo**, se non se trata do mesmo topónimo, é **Okelon**, nome dunha poboación dos vetóns citada por Ptolomeo (Ptolomeo, II, 5, 7); topónimo que este autor repite na antiga Gallaecia como nome dunha das principais cidades dos galaicos lucenses: “os galaicos lucenses, que teñen estas cidades interiores: ... Okelon” (Οχελον) (Ptolomeo, II, 6, 22).

Monte Siradella. Istmo da Lanzada ao fondo.



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Delegación Provincial PONTEVEDRA

Un topónimo galego e peninsular actual, que, se non podemos matizar como celta, si poderíamos chamarlle de maneira menos comprometida indoeuropeo, que pode estar relacionado cos antigos **Okelo** e **Okelon** e co actual **O Grove**, antes **Ocobre**, pode ser o de **Oca**, que sempre, nomea, segundo puidemos comprobar, lugares máis ou menos altos. Caso dun lugar chamado **Oca** da comarca de Bergantiños, Coristanco (A Coruña), topónimo que puido nacer no castro do mesmo nome, citado por Pondal, ou noutra altura similar e contigua hoxe ocupada polas casas da aldea e a igrexa parroquial.

Como o anterior, ocupando emprazamentos altos, existen outros lugares chamados **Oca de Arriba** (tautoloxía ou repetición de altura), Beseño, Touro (A Coruña). **Oca de Arriba** (a mesma tautoloxía), A Estrada (Pontevedra). E **Oca**, nome dunha aldea da parroquia e do concello de Ames (A Coruña), emprazada así mesmo, segundo puidemos comprobar, nun lugar alto.

Vista do Monte Siradella



Fóra de Galicia, os chamados **Montes de Oca** e a localidade de **Oca**, situados na provincia de Burgos no Camiño de Santiago, vólvennos amosar outro topónimo **Oca**, referido, como **O Grove** (antigamente **Ocobre**), **Okelo** e **Okelon**, a un lugar alto, se ben **Oca**, ao non sonorizar o seu *c* en *g*, requiriría un antigo **Okka*, coa velar xeminada, o que non é obstáculo, segundo pensamos, para facer provir este topónimo da devandita raíz **ok-*, “agudo, bicudo”, que puido xerar axiña unha forma xeminada **okk-* co mesmo significado. Así, dende a raíz xeminada do indoeuropeo **okk*, “agudo, bicudo”, pasaríase ao significado de “punta de monte”, “altura”, “cume”. Traspaso semántico igual ao que se debeu producir dende o non xeminado

ok*, “bicudo”, ao *oco*, “altura” de **Ocobre, logo **O Grove**; topónimo que aludiría nun principio a algunha das dúas alturas antes citadas ou a outra próxima, como ocorre noutros lugares galegos chamados, sen falso artigo, **Ogrove**. Caso de **Ogrove**, lugar da parroquia de Vilamor, Mondoñedo (Lugo); e **Ogrove**, lugar da parroquia de Andrade, Pontedeume (A Coruña), que está nunha altura con aparencia, segundo Isidoro Millán, de castro (Millán, 1987: 70).

Para rematar, dicir que **O Grove** da ría de Arousa pode ser irmán toponímico, ben entendido que é só unha posibilidade, do nome de lugar **O Xobre**, A Pobra do Caramiñal (A Coruña), que ten enfronte ao outro lado da ría. Así, **O Xobre** podería ser unha falsa corrección de **O Jobre*, pronunciado O Ghobre, o cal, á súa vez, puido ser gheada de **O Gobre*, presumible último antecesor diacrónico, antes de se producir a metátese do *r*, do actual **O Grove**; isto en combinación coa evidencia topográfica de que o lugar chamado actualmente **O Xobre** constitúe, como os devanditos lugares elevados **do Grove**, unha altura moi definida que domina unha ampla extensión e panorámica da ría de Arousa, neste caso dende a súa ribeira coruñesa.

Outra falsa corrección ou hipercorrección de gheada rexistrada na ría de Arousa pode ser a do nome dos illotes chamados Guidoiros, onde a pronuncia **Ghidoiros**, **Jidoiros**, é convertida, pola devandita falsa corrección en **Xidoiros**.

BIBLIOGRAFÍA

- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- HUBERT, H., 2000, (reedición), *Los celtas y la civilización céltica*, Akal, Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reedición), *historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago* (apéndices documentais), Sálvora, Santiago.
- MILLÁN GONZÁLEZ PARDO, I., 1987. *Toponimia del concejo de Pontedeume y castas reales de su puebla y alfoz*, Diputación Provincial de La Coruña.
- Nomenclátor de Galicia, A Coruña*, 2003, Xunta de Galicia.
- Nomenclátor de Galicia, Lugo*, 2000, Xunta de Galicia.
- ROMERO MASIÁ, A. M. e POSE MESURA, X. M., 1987. *Galicia nos textos clásicos*. Padroado do Museu Arqueolóxico Provincial Concello de A Coruña, Caixa Galicia.


ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN

CONCELLERIA DE CULTURA




NAMORAR, NAMORAR NAMOREIME, NAMOREIME NO MEDIO DO MAR

Por: Staffan Mörling

A conversación na taberna interrompeuse, perdido o fío. Ata algúns dos homes vellos ergueron a cabeza, e dirixiron a mirada cara á esquina do mostrador, onde a bomba do aceite reflectía a luz da porta. A chica que acababa de entrar levaba o corpo dereito e a cabeza erguida coa mesma suave dignidade que a do seu saúdo. Dende o outro lado do mostrador, a muller do taberneiro, Rosa, contestoulle:

- ¡ Boas tardes ! ¿ Que querías, Josefa ?

A manipulación da manivela da bomba deixou un chorro de aceite de oliva caer ao interior dunha botella cadrada etiquetada "Vino dulce Sansón", que a xove tendía a través do mostrador.



Josefa Otero Patiño e Concepción Otero Blanco, amenizan a Yenka en maio de 1965

- Máis un paquete de cigarros para papá.

Esvelta, de tipo fino, levaba unha limpa bata de traballo de cadros azuis e brancos. Unha cinta vermella feita a calceta suxeitaba a briosa cabeleira marrón escura. Durante uns preciosos segundos quedou no foco das nosas miradas. A liña redonda das súas meixelas, morenas da brisa do mar, era máis doce do que eu recordaba. Foise.

- ¡ Que guapa é !

Saudar, despedirse con cortesía, saber portarse. Josefa era bela, a moza máis bela da illa, e inconscientemente combinaba o cóctel, que supoñía a contemplación da súa beleza, con estilo. O estilo dunha cultura do fogar que lle daba confianza en si.

Mes de marzo coa súa "luenga" barba. En Suecia, en marzo

comézase a derreter a neve dos tellados, pero de noite as goteiras conxélanse e á mañá colgan como fíos de xeo. De aí que marzo é representado ante os nenos en figura de vello cano con impresionante barba de xeo. Na Illa de Ons, marzo estaba centrado en San Xosé, el tamén con barba, como ben se vía na capela.

- ¡ Para San Xosé vai a haber festa !

O meu interlocutor botou un sorriso introvertido.

- E tomarei unha borracheira criminal. E cantarei a sete voces.

Iso de criminal era só un superlativo, significaba máis ou menos enorme, pero quen pensaba que había que estar borracho era eu. Ocupando un espacio mínimo entre os demais homes no mostrador pedía alternativamente cervexa e coñac. Sen resultado. x Como podería cobrar valor para pedirlle un baile a Josefa ? Ela e unha amiga estaban nese intre amenizando a festa. De pé sobre un banco e acompañando o seu canto con sendas pandeiretas conseguían que unha "cumbia" soara por todo o local: <Paseando mi soledad por las playas de Marbella>. Non me atrevía a mirar moito en dirección a Josefa, non sería bo chamar a atención. Doce cara Tocárame terte preto nun baile ? Cantaban tan ben a "cumbia", as dúas chicas tiñan a letra ensaiada.

Acto seguido entoaron un rápido ritmo mexicano que falaba dun tal "Juan Chiarrasquiado, borracho, parrandero y jugador". Todas as mulleres lle querían. Ata o día en que, dende o lombo do seu cabalo, declarouse un gran galo e unha bala atravesou o seu corazón. Máis parellas saíron a bailar. Pero Josefa seguía fóra do alcance sobre o banco e eu non conseguía emborracharme. A estrofa final repetírona dúas ou tres veces, o baile animábase, caras sorridentes por todo o meu redor. Pois ben, así lle saen as cousas a quen pensa no que non debe. Señor Checho, ¡ Outra copa, por favor !

Pero a copa quedou sobre o mostrador. Outra parella de mozas acababa de subirse ao banco, as pandeiretas cambiaron de mans e de súpeto estaba Josefa na pista. Sen desculparme abrinme paso co estado de ánimo de quen vai a facer o seu primeiro salto en paracaídas.

- ¿ Bailas ?

Quente do esforzo coa pandeireta e as cancións, tenra, colleu a miña man e deixoume poñer a outra no seu ombreiro.

- ¡ Que ben cantastes ti e máis Concha !
- ¡ E isto, logo !

Ensinoume a man. Polo lado de dentro tiña ampolas do roce da pandeireta. A música de baile non saía por si soa. Para facela oír había que esforzarse. De novo, Josefa puxo a man sobre o meu ombro e acariñei os seus dedos con compaixón. A emoción converteuse en resposta. As mozas que se fixeran cargo das pandeiretas e do papel de animadoras perderon o ritmo. Non se acordaban da letra, comezaron de novo e volveron a perder o fío. A man de Josefa soltou a miña, para, de novo, tomar a pandeireta e dende o alto do banco facer a festa continuar. Non comprendín como era capaz.

Logo, cando o baile rematou e era hora de dicir: ¡ Ata mañá !, non perder a Josefa de vista e aparentar que era por pura casualidade que me sumara á mocidade que camiñaba rumbo ao sur, cara a onde a perspectiva terminaba na misteriosa silueta da Onza. Todos os mozos íamos nun grupo e as rapazas noutro, un pouco máis atrás. Cantabámoslle a modo de desafialas, e elas devolvían o desafío con outra canción, e logo nos tocaba a nós outra vez, e elas non quedaron a debernos resposta. A distancia entre os grupos decrecía e conseguín andar máis preto de Josefa, pero ela deixou o grupo. Chegabamos a unha casa de baixo e sobrado onde estaba radicada a escola da Illa. Ao lado, dúas altas pero pouco sólidas follas de porta pechaban o portal que daba acceso a un patio. Coa súa inconsciente graza natural Josefa dirixiuse a min:

- ¡ Boas noites !

Impedín que a folla da porta de pechara tras ela e metínme de costas. Josefa non me facía caso, ela acababa de darme cortesmente as boas noites. Para ela a velada rematara e debería estar terminada para min tamén. ¿ Que era o que eu me estaba proponendo ? Meterme nun patio alleo, cousa que non se pode facer. Na escuridade diante de min vin a Josefa ir cara a unha

casa baixiña pero ancha con tellado dunha soa auga. Desapareceu por unha porta na parede lateral. A porta era de postigo, o mesmo que nas vivendas dos labradores do sur de Suecia. ¿ Que dereito tiña eu a molestar un fogar que non era o meu e, pensar, a estas horas da noite ? Non, non pensar, non reflexionar, chamei á porta. Non era o momento para pensar, a ocasión se presenta e a ocasión non se pode deixar escapar, porque deixándoa escapar queda un atrás para toda a vida.

O postigo xirou cara a dentro e aí estaba Josefa. O seu pelo negro peiteado de paxe, facía de marco á cara que tanto desexaba ver. Debaixo da sensible liña das cellas a mirada, inquisitiva, estaba un pouco divertida. Eu tiña que coñecer a esta moza, ela era importante para min.


- Estou buscando a unha morena - comecei, cunha alusión o suficientemente ambigua ao botellín de cervexa que acababa de deixar nunha pedra -. Unha morena coa que vin todo o camiño dende a taberna. Facíame falta e agora estou sen ela. ¿ Onde estará?

Perspicaz, Josefa tomou as miñas parvadas polo que eran e parecía analizarme. Eu non estaba anta unha tonta, ante unha desas adolescentes que non saben facer outra cousa que rirse. Había nela unha intelixencia que valoraba pero non necesariamente de xeito fría. Ela tolerábame. ¿ Que máis podía pedir ?

Ao día seguinte, catro palabras no diario. Latín e letras rúnicas facían de pechaduras dobres salvagardando para min un recordo bonito. Acompañara a unha moza da Illa á casa, a moza máis bonita da Illa. Josefa.

Extracto do manuscrito de Staffan Mörling:

“El amor cerca del fin del mundo”



Josefa Otero en Ons en 1965, o ano no que naceu un amor tan alto coma o ceo e tan profundo coma o mar.



RÍA DE AROUSA VILANOVA DE AROUSA

Por: Manuel Chazo Cores

As praias milenarias, ribeiras de area branca, o teu vento e as mareas, fermosa Vilanova, seguen cos seus mesmos nomes, pero cambiaron o rumbo e o latido das súas vidas, delas leváronse todas as ilusións.



Esas praias de traballo, redes e moitos peixes azuis, son agora constantemente bañadas, no verán, por xentes de todas as partes. Antes latía o meu corazón buscando aquelas pegadas da miña sorte nestas praias. Por máis que buscaba, levábanas de día e noite as mareas. Recordo que nunha barca e, en dotación, largabamos as redes e varaban na praia, ás veces cargadas e cheo o seu cope de peixes.

De día e con marea dábanse as luras e, sobre todo de noite, halando, oía o murmurio das ondas na praia. Era a vida, a praia facíame deixar a festa, o alalá e, dende o porto, vogar e vogar ata conquistar a sorte que ansiabamos, ás veces xenerosa coma un milagre ofrecíanos a pesca, sen pensalo, na mar escura e ardente da vida, a pesca lanzada e varada na praia, ti fuches, Rabandeira Chica, ese milagre.

E sobre o mar, na barca, cantos recordos. O Vado de Arousa deunos a pesca noutra noite, coma outro milagre. Pero xa non volveron, Vado, ao teu abrigo e á túa corrente, máis peixes como aqueles.

Ría de Arousa, testemuña verdadeira, grande, limpa e xenerosa; mar de toda clase de peixes, as túas algas foron milagres de millóns de peixes, pero as túas fermosas praias quedaron tristes, sen aquelas lanchas de bulicios mariñeiros, do halar das redes e da sorte.

Vilanova, aínda que na vida camiñen os teus fillos ledos polas areas das túas praias buscando aquelas pegadas, non saberán do trafegar mariñeiro, o halar de miles de pasos, cinto en cintura, deixando pegadas de arriba abaixo, e da clase de redes que varaban en todas elas; redes ás veces baleiras, pero outras cheas de bocarte, espadíns, sardiñas, xurelos, panchos, xoubiñas,....., e moitos quilos de luras.

Ría de Arousa, de voar inmenso de aves mariñas, de gaivotas, de araos e do piar das súas crías; mar de cerco, de caceas e boureis e de toda clase de artes; de dornas, lanchas, racús e traíñas, chalanas, veleiros e galeóns...

Aínda que durman en soños, recórdalle aos teus mariñeiros que as túas praias foron sempre vida, faro de luz e esperanza, á alba e ao crepúsculo, e que sentían a vida amorosa e o borboriño das ondas na praia. Eu, Manuel, sentín a voz na costa como mariñeiro, a voz da vida que dende as praias de Arousa falábame, principalmente na praia da súa igrexa.



A EVOLUCIÓN DO CONCEPTO GALICIA

Por: Carlos Alberto Antuña Souto

A MODO DE INTRODUCCIÓN

A Revolución liberal vai permitir unha profunda transformación nas ideas e concepcións políticas dos estados europeos, que influirán de xeito determinante nos movementos reivindicativos de carácter nacionalista da época.

Nun primeiro momento, apareceu en Francia o denominado **nacionalismo xacobino** do Estado-nación, baseado no concepto de soberanía nacional. Supuxo a desaparición do Antigo Réxime mediante a eliminación das liberdades locais e gremiais. Apareceu o Estado burgués como monopolizador do poder político.

Segundo Ramón Máiz, esta é a nación dos xuristas nacida dos escritos dos revolucionarios franceses e que acadou a máxima radicalización nas ideas xacobinas, representadas por M. Robespierre. Nelas considerábase o deber da patria de asegurar o ben de cada individuo e o goce deste na prosperidade e na gloria daquela, e nela os cidadáns estarían sometidos ao maxistrado; este ao pobo e o pobo, á xustiza.

Fronte a este nacionalismo de corte xacobino, apareceu o **nacionalismo xermánico** de carácter **histórico-organicista**, defensor de moitas estruturas do Antigo Réxime. Este nacionalismo xermánico partía da existencia nas nacións dun vínculo misterioso e invisible entre os seus membros, forxado a través dos tempos e que supoñía unha “alma nacional” propia (Volksgeist). A raza e a lingua eran os signos de pureza e identidade dos membros da comunidade. A máis alta expresión da alma nacional correspondía á creación do propio Estado.

Na concepción nacionalista do **nacionalismo liberal italiano** produciuse unha síntese de elementos orgánicos, voluntaristas e liberais. Mancini superaría as formulacións histórico-naturalistas introducindo un novo elemento: a “conciencia nacional”, que operará como elemento actualizador do feito diferencial e servirá de expresión do dereito de cada nación a dispoñer libremente do seu destino. Este movemento estaba vinculado aos principios liberais e enfrontado ao Antigo Réxime.

Este pequeno repaso aos diferentes postulados de carácter nacionalista vainos servir de introdución para facer un estudio da evolución do concepto **Galicia**, desde o provincialismo da primeira metade do século XIX ata posicións nacionalistas anteriores ao comezo da guerra civil, no ano 1936. Quizais sexa oportuno empezar cunha incursión esquemática na situación global da España decimonónica.

A IDEA DE ESPAÑA

A vella idea de España arrinca do principio centralizador impulsado pola Casa de Borbón nos comezos do século XVIII, cando empeza a reinar en España. A obra centralizadora foi promovida por Felipe V cos decretos da Nova Planta, básicos para a implantación dun estado fortemente centralizado baixo o control dunha monarquía absoluta. Os decretos partían dunha idea de unidade e homologación entre as distintas rexións españolas e que, co impulso napoleónico, a Constitución de Cádiz de 1812 e a división provincial do século XIX proporcionarían, á realidade de España, unha dimensión xacobina que era allea á nosa tradición secular máis profunda.

A creación da provincia, nun Real Decreto de 30 de novembro de 1833, asinado por Francisco Javier de Burgos, significou o punto de partida da nova remodelación territorial de España. O seu fin era acadar unha maior eficacia administrativa e unha uniformidade de leis, usos e tribunais. A provincia foi dividida en partidos xudiciais e estes en municipios. Tratábase de que as canles de comunicación entre o presidente do Consello de Ministros e a última autoridade local fosen máis rápidos e constituísen unha cadea de mando eficaz.

Nesta nova idea de España, a división de poderes, os dereitos do individuo e a igualdade dos cidadáns ante a lei -consecuencias da Revolución liberal- conferíronlle, tamén, segundo José M^a Jover, “*un más elevado índice de racionalización y eficacia, al proceso de centralización administrativa [del Estado español] a partir de la fecha decisiva de 1834*”.

Ao quedaren trazadas administrativamente os alicerces do novo estado centralizado de arriba abaixo, fortemente unitario sen ningunha concesión á autonomía, facíase imprescindible a creación dunha base teórica nacionalista para dar forma física e espiritual á nova España. Para isto, o nacionalismo español detectará a presenza dunha Volksgeist existente a través dos tempos que dará forma á nación española: historia e lingua común, relixión, tradición, hábitos, etc. É dicir, existía unha “alma” española de antigo, creadora dunha idea “nacional”, por enriba do pensamento individual de cada comunidade.

Naceu así a necesidade de recreación dunha historia común de todos os pobos de España: a HISTORIA DE ESPAÑA. Con ela trataríase de confirmar unha conciencia

histórica, unha “conciencia nacional”. Modesto Lafuente, na súa *Historia General de España*, puxo as bases dese nacionalismo español enmarcado nas coordenadas europeas do seu tempo. Estas recreacións históricas necesitaban puntos de apoio fortes e sensibles, directos ao corazón das capas populares. Así, louse a Sagunto e Numancia, aos godos - portadores do sentimento de liberdade individual -, aos Reis Católicos, á Guerra da Independencia, etc. No ano 1857, a Lei Moyano implantou no ensino o estudo desta historia nacional para fomentar a idea de pertenza a unha comunidade histórica e cultural de carácter nacional.

A Constitución de 1869, consecuencia da Revolución do ano anterior, impregnou de democracia a vida política española. Apareceron nela o concepto de descentralización e o recoñecemento e garantía dos dereitos individuais. Pero sería a Constitución non nata de 1873 a que daba un paso máis na organización dos poderes do Estado, partindo dunha idea federal, non unitaria. Os seus impulsores propugnaban a renovación do constitucionalismo español e a historia de España con racionalidade imaxinativa para a proxectar cara ao futuro. Un dos instigadores destas ideas federalistas foi Pi i Margall, quen formou parte dos primeiros gobernos da I República (febreiro 1873 - xaneiro 1874). No ano 1876, restaurada xa a monarquía, publicou *Las nacionalidades*, obra na que expuxo a súa concepción federal de España.



Antolín Faraldo

A xeración do 98 contribuíu á interpretación castelá da historia de España, malia proceder os seus integrantes da periferia española. A literatura do 98 e, en especial, a obra de Menéndez Pidal crearon o mito de Castela como clave da nacionalidade española, sinalando a primacía da súa lingua e do seu espírito e transvasando as súas supostas esencias á totalidade do español. Sen embargo, pódese afirmar que esta construción finisecular de España non soubo absorber os rexionalismos e os nacionalismos periféricos.

No século XX, intelectuais de prestixio destacaron o mito de Castela como regulador da vida nacional, entre eles Ortega e Gasset que vía só en mentes castelás os órganos axeitados para percibir o gran problema da España integral.

Parece lóxico pensar, tomando prestadas as palabras de Santos Juliá, que “*España - sea cual fuere el significado histórico de la palabra - ha tenido un azaroso proceso de construcción como Estado nacional*”.

AS TENSIONES CENTRO PERIFERIA. DO PROVINCIALISMO AO NACIONALISMO GALEGO

Moitos estudosos do tema do nacionalismo interpretan a aparición do sentimento de nación ao redor de datas cruciais capaces de mobilizar á poboación. O proceso modernizador do concepto nacional de España naceu, para J. Álvarez Junco, na resistencia contra a invasión napoleónica. A emoción colectiva do “pobo español”, verdadeiro protagonista do acontecemento, e a súa reacción unánime de independencia do “estranxeiro” son a proba da existencia da nación española. Desde o noroeste peninsular vese, tamén, a loita contra o francés como a primeira manifestación da “nación” galega. A unión de todo o “pobo galego” na defensa da súa independencia e da súa liberdade permitiron a Galicia sentirse dona de si mesma.

Esta primeira pedra na identificación nacionalista galega complementouse coa aparición do movemento provincialista. Nos anos 1833 e 1834 sucederon dous feitos claves no eido político galego: a xa citada división provincial de Francisco Javier de Burgos e a desaparición da Xunta Superior do Reino de Galicia. Estes dous feitos provocaron un malestar nos intelectuais galegos e motivaron o levantamento de 1846.

Os anos centrais do século XIX, que se corresponde co reinado de Isabel II e o sexenio democrático (1834-1874), foron clave para entender as tensións entre o centro e a periferia. Moderados e progresistas representaron claramente o dualismo político da época; os primeiros, defensores do centralismo e unitarismo do Estado; os segundos, partidarios dun nacionalismo de corte máis progresista e descentralizador. A Raíña Isabel II poucas veces exercitou o seu papel moderador no senso de articular a alternancia pacífica de moderados e progresistas nas responsabilidades de goberno. Non foi neutral. Esta circunstancia levou ao progresismo cara ao retraemento do xogo político e a apelar, ben ao pronunciamento militar, ben aos movementos *xuntistas* para forzar á Raíña a contar con este movemento no goberno. O retraemento arrastrou aos progresistas á vía revolucionaria, provocando o levantamento en Galicia en abril de 1846, momento no que se combinaron o pronunciamento militar do coronel Miguel Solís e o movemento *xuntista* das capitais de provincia.

No manifesto da Xunta Superior do Goberno de Galicia do día 15 de abril de 1846, redactada por Antolín Faraldo, dicíase que a citada Xunta, vendo a Galicia convertida nunha verdadeira colonia da corte, “*se consagrará a engrandecer el antiguo reino de Galicia, dando provechosa dirección a los numerosos elementos que atesora en su seno,*

levantando los cimientos de un porvenir de gloria". Este movemento fracasou e o 5 de maio foron executados Solís e os seus once compañeiros que mandaban as forzas sublevadas. O Comandante Xeral interino, Miguel Solís y Cuetos, liderou o pronunciamento progresista contra Narváez en Lugo o día 2 de abril de 1846. Estaba en contra da administración centralista que esquilmba a Galicia con fortes impostos e que orixinaba un estado de descontento xeral.

Para Xosé Ramón Barreiro, aquel 5 de maio non todo fracasou, pese a que os Pío Terrazo, Antolín Faraldo, Santos, Romero Ortiz e outros tiveron que iniciar o desterro a Portugal, porque *"xusto naquel momento o espírito rexionalista galego purificouse das súas torpezas e comezou a ser unha esperanza inmorrante"*.

Este movemento **provincialista**, do que Faraldo foi o seu teórico, enmarcado entre 1840 e 1886, defendía a unidade política de Galicia como provincia en contra da división administrativa provincial de 1833. A intelectualidade dirixente descubriu a singularidade e especificidade de Galicia - idioma, historia, folclore - e a marxinação socio-económica á que estaba sometida. Pularon por conseguir unha Galicia nova e distinta. Como en todo movemento ideolóxico defensor do feito diferencial, foron os historiadores os que subministraron os argumentos. Verea e Aguiar, Martínez Padín e Vicetto, desde posturas liberais e románticas, contribuíron á formación do espírito galego nos tempos modernos.

Dous feitos interesantes no ámbito galeguista adornaron esta época: o xantar en Conxo (marzo de 1856) e os "Xogos Florais" de A Coruña (1861). O primeiro supuxo unha confraternización entre estudantes, obreiros e artesáns, na que Aurelio Aguirre e Pondal deron lectura no brinde final a poemas de corte social e democrático. Os "Xogos Florais", posibles grazas ao mecenado de López Cortón, foron concibidos como medio de alentar á mocidade estudosa no cultivo da poesía e da historia de Galicia.

Jover estima que o mantemento das cabeceiras das demarcacións militares e xudiciais e as divisións eclesiástica e universitaria contribuíron, no século XIX, a que non desaparecese totalmente, na vida administrativa, a imaxe dos antigos reinos ou a nacente idea de "rexión" como entidade entre a provincia e o poder central. A relación histórica que se estableceu entre o sistema rexional galego e o conxunto do sistema español a raíz do establecemento do Estado liberal constituíu, para José Luis Sequeiros, un "enxerto", pois todo o que afectaba ao conxunto afectaba tamén a Galicia, pero sen perder, como enxerto, todas as súas características, deixando sentir a súa existencia.

O **rexionalismo galego** (1886-1916) configurou a rexión como entidade nacional e con personalidade xurídica. Galicia, polas súas características de historia, xeografía, lingua e raza, formaba un todo perfecto e diferente doutras comunidades da península. A etapa rexionalista caracterizouse pola pluralidade ideolóxica e política: **o rexionalismo liberal, o tradicionalista e o republicano-federalista**.

Murguía foi o defensor dun rexionalismo liberal e capitalista. A súa *Historia de Galicia* significou o primeiro intento de lexitimación histórica de Galicia como nación. A súa configuración ideolóxica achegábase ao concepto manciniano de nación, pero renunciando ao principio das nacionalidades e a creación dun Estado propio. Isto levouno a magnificar os elementos orgánico-historicistas na súa defensa da especificidade galega. Raza, historia e lingua conformaban os factores fundamentais da nacionalidade galega. Esta concepción murguiana partía da necesidade da autoaseveración das nacións fronte ao construído e artificial. De aí o mito celta como impugnación do estado centralista, que se complementaba co substrato suevo, tamén centroeuropeo. Os galegos eran doutra etnia. Neste ideal diferenciador do resto das comunidades de España necesitábase a recreación dunha historia propia galega; é dicir, a HISTORIA DE GALICIA fronte ás outras Historias de España. Así, a partir do ano 1865 comeza a publicarse a súa *Historia de Galicia*. Para Murguía, a "alma colectiva galega" coas súas particularidades psicolóxicas -bravura, sentimento relixioso, tenrura, dozura, etc. - e culturais - mitos, lendas, costumes, etc.- configuraba o carácter especificamente galego.


Aureliano J. Pereira foi o máximo expoñente do rexionalismo republicano-federal; no que, segundo Máiz, se produciu un entrecruzamento da ideoloxía galeguista orgánica - patria, lingua, cultura propia, etc. - cos elementos do federalismo - democracia, estado federal, republicanismo, sufraxio universal, etc.- En Pereira, o elemento étnico pasaba a un segundo termo; definía Galicia apoiándose na existencia dunha serie de trazos diferenciadores: a historia, o territorio, a tradición, a lingua e, amais, unha vontade política e unha conciencia nacional. No discurso pronunciado en 1887 no Círculo das Artes en Lugo e titulado "El Regionalismo" definía con claridade o que para el era e quería o rexionalismo, apuntando a idea federalizante como solución á diversidade das rexións españolas.

No rexionalismo tradicionalista, Brañas representou o punto referencial na concreción teórica deste movemento. No ano 1889 apareceu en Barcelona o seu libro *El Regionalismo*, no que artellou as aspiracións dos rexionalistas. Para el, a rexión galega tiña o dereito de non ser confundida cos demais pobos da nación española, pero tampouco afastarse deles; debíase sacar adiante unha tarefa descentralizadora. Brañas achacaba ao liberalismo todos os defectos da sociedade

decimonónica. De aí que propuxera unha volta á Idade Media e á sociedade estamental do Antigo Réxime, cun marco católico tradicionalista.

O xermanismo e as ideas espiritualistas cristiás foron factores decisivos, segundo Brañas, na transformación do mundo. Grazas a eles os escravos convertéronse en servos da gleba, dignificouse a muller, apareceron os primeiros oficios e os primeiros homes libres. Os mosteiros tiveran un papel fundamental, nos séculos escuros da Idade Media, na salvación da cultura e da sabedoría antigas. Arredor deles fundáronse os primeiros obradoiros artesanís. Grazas á relixión e coa axuda dos homes libres, dos fidalgos, dos peiteiros, dos primeiros artesanís e mercaderes nacera o “Concejo, con

Estampa de Castelao



sus libertades y sus fueros, el Municipio germánico, base del estado moderno, germen de las libertades populares y cimiento del orden jurídico, civil y político de los pueblos”. E co Concejo libre apareceron os Gremios, comunidades de artesanís compostas de mestres, aprendices e oficiais, con Xurados propios, coas súas exencións e privilexios, que prepararon no século XIII o renacemento das artes, ao mesmo tempo que as Universidades desenvolvían o das ciencias.

Para Brañas, o gremio fora a primeira escola do pobre, do obreiro, do artesan. Alí estudábanse os principios e regras de cada oficio, alí ideábanse as obras espléndidas que lucían despois nas súas capelas, nas casas dos nobres e ata nos mosteiros e nas catedrais.

Sen embargo, todas estas vantaxes e posibilidades non evitaran a desaparición das asociacións gremiais. Nesta perda, xogaron un papel relevante os abusos cometidos, as ideas democráticas e os economistas. Deste xeito, se abriera paso o estado capitalista e burgués. Con el, ao se romper os vínculos profesionais e gremiais, apareceron a explotación do pobre polo opulento, a empresa anónima e o entusiasmo industrial e de negocios.

Cando esta obra de iniquidade se consumou e cando as ideas do individualismo económico enxendraron a miseria

dos obreiros, xurdiron, segundo afirmaba Brañas, o socialismo e o anarquismo “*como una reacción lógica contra el egoísmo del capital y del espíritu frío de empresa, entonces se ha pensado en proteger á los obreros y tenderles la mano, y educarlos é instruirlos para detener la catástrofe*”.

Nesta época rexionalista produciuse, tamén, unha recuperación da lingua e da literatura galegas. Foi o chamado *Rexurdimento*, que Ricardo Carballo Calero estenderá no tempo desde a publicación de *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro ata a morte de E. Pondal (1917). Neste movemento **co**braron importancia os elementos esenciais da ideoloxía romántica, aínda que nesta época o Romanticismo xa desaparecera en Europa. Rosalía, Pondal e Curros esforzáronse por crearen unha literatura galega propia e por daren prestixio á lingua galega materna. Dentro desta liña estivo a fundación en A Coruña da Real Academia Galega no ano 1905, presidida por Murguía.

Fito destacado tamén desta época foi a aprobación os días 5 e 6 de xullo de 1887 en Lugo do *Proxecto de Constitución para o futuro Estado Galego*. Este proxecto respondía á ideoloxía republicano-federal, tendo os caracteres da constitución dun Estado autónomo.

O período comprendido entre 1900 e 1916, denominado por Beramendi e Núñez Seixas como “segundo rexionalismo”, caracterizouse pola experiencia de *Solidaridad Gallega* que, tras uns frustrantes resultados electorais negativos, pasaría a organizar sociedades agrarias para modernizar o campo.

A aparición das *Irmandades da Fala* no ano 1916 sinalou o punto de superación da indefinición ideolóxica existente no galeguismo, apostando claramente polo concepto de **Galicia como nación**. Antón Villar Ponte foi o máximo ideólogo deste movemento que tiña na consecución dunha ampla autonomía para Galicia e na lingua os aspectos básicos da súa actuación.

Os días 17 e 18 do mes de novembro de 1918, os persoeiros das *Irmandades da Fala* reuníronse en Lugo nunha Asemblea, preparada por Luis Porteiro e Lois Peña Novo, na que se aprobou un manifesto (*Manifiesto da Asamblea Nazionalista de Lugo*) no que se afirmaba: “*Tendo Galicia tódalas características esenciaes de nazionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre nazionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle tódalas aspiración nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas*”. Pedíase tamén: a autonomía integral para Galicia; a autonomía municipal, distinguindo o municipio aldeán do vilego; a cooficialidade dos idiomas galego e castelán, a Federación da Iberia e, dentro dela, a igualdade de relacións con Portugal para chegar á federación; e o ingreso das nacionalidades da Iberia na Liga das Nacións.

Malia todo, a loita establecida diante da estratexia a utilizar provocou, en febreiro de 1922 na Asemblea de Monforte, unha escisión. Dunha banda, os que estimaban imprescindible a participación política - *Irmandade coruñesa* - e doutra, o grupo de Risco, centrado no labor cultural.

Antón Villar Ponte foi o piar básico na fundación e espallamento das *Irmandades da Fala*, a partir da *Irmandade coruñesa*. O 21 de marzo de 1916 apareceu o seu *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional*. Este escrito constitúe unha defensa total da lingua galega como sinopse da nacionalidade. Villar Ponte valoraba extraordinariamente a, para el, historia gloriosa do galego e a súa utilización pola meirande parte dos habitantes de Galicia, a pesar de tantos séculos de centralismo.

A *Teoría nacionalista* (1920) de Risco supuxo a operación teórica de maior alcance na elaboración construtiva dunha teoría nacionalista galega. Entendía a nación galega como unha síntese entre a raza - celta - e a terra (“*a nacionalidade supón a terra*”). O seu concepto nacional partía dunha definición orgánica da nación complementada, nun primeiro momento, coa teoría da vontade de Renan. Máis tarde rexeitaría a teoría da vontade por falsa e concibiría como verdadeiro o concepto orgánico da nacionalidade, xa que logo, “*a nación é un feito natural, un feito biolóxico, independente da vontade dos homes*”. O nacionalismo galego representaba, para Risco, máis que un partido político e conformaba unha organización de múltiples actividades, descansando a súa forza, non no número, senón na calidade dos seus membros, entre os que se atopaban as persoas de maior prestixio intelectual e moral da comunidade, cunha clarísima visión dos intereses e problemas de Galicia.

En 1921 Ramón Villar Ponte sacou do prelo a súa *Doctrina Nazonalista* con introdución do catalán J. Puig i Cadafalch. Beramendi destaca a capacidade do autor para fundamentar solidamente o seu nacionalismo sen renunciar ao seu republicanismo democrático e á influencia que exerceu Risco na súa teoría. Galicia naceu, segundo Ramón Villar Ponte, para vivir a vida dos pobos libres e, xa que logo, o seu libre albedrío, a súa vontade soberana, o seu dereito a se rexer e dispor de si mesma non deben ser intervidos e mediatizados por xentes alleas, doutras nacionalidades.

Os días 5 e 6 de decembro de 1931 celebrouse en Pontevedra a *Asemblea Constituínte do Partido Galeguista* coa asistencia de todas as forzas autonomistas de Galicia.

Conseguida a unión, concretouse un programa en base a exaltación e propagación do ideal galeguista, cun obxectivo claro: a **autodeterminación política** de Galicia con Parlamento e Goberno propios dentro da Constitución republicana. Esta obra da nova Galicia nun principio “*ten que ser feita por unha minoría dirixente capaz pol’o seu ideal, responsabilidade e sacrificio de representar as arelas escuras do pobo, e primeiramente do pobo labrego e mariñán. Unha minoría que desfaga para sempre o enganoso conceito da política que por mala costume imposta manda nos campos. Trátase de operar unha transformación na actitude psicolóxica do labrego que non é nativa sinon engadida pol’o exempro noxento d’un pasado. ¿Conseguirá esa minoría a confianza do pobo? Iso coma asegún ela se porte. C’un fondo e preciso coñecemento dos problemas da terra, un espírito de renunzación as grorías do istante, unha cega fe nos destinos do país, un traballo cotián i-espranzado, a minoría dirixente terá a confianza do pobo i-o pobo ollará n’ela a súa representación direita, inmediata, completa. A política-profesión debe ser sostitoida pol’a política-deber*”.



Castelao

A primeira edición de *Sempre en Galiza* de Castelao saíu o día 10 de marzo de 1944 baixo a marca de Edición “As Burgas” do Centro Ourenán de Bos Aires. Castelao parte dun concepto organicista da nación galega, no que a *Volksgeist* se organizaba como factor fundamental, ocupando a raza, a terra e a historia un plano secundario. En contraste con Risco, poñía o acento sobre os elementos espirituais constitutivos da nacionalidade. A solución política para o goberno de España sería a república federal, considerando como substantivo dentro do nacionalismo galego o federalismo, pois sería un erro que a República liberal e democrática se constituíra como Estado unitario.

España constituía, pois, para o nacionalismo galego, unha entidade plurinacional na que Galicia, Cataluña, o País Vasco e Castela, con idiomas diferenciados, tiñan que conformar un Estado federal en igualdade de condicións. Ningunha nación española posuía as prerrogativas únicas para imponer a súa autoridade. Fora Castela a que rompería a harmonía intrínseca entre os pobos da península. Facíase necesaria unha nova estruturación política de España. Na nova configuración, todas as culturas hispanas terían o recoñecemento que lles era debido. Deste xeito, Galicia podería expresar a súa propia personalidade, sentíndose solidaria cas demais, e vería satisfeito o seu particular anhelos de reunificación cultural galaico-portuguesa.

A IMPORTANCIA DA LINGUA NO MOVEMENTO NACIONALISTA GALEGO

Para o lingüista Benaviste, a cultura é esencialmente linguaxe, o que determina a identidade do propio suxeito. Toda a realidade do home -a cultura, a historia, as tradicións, as institucións- ten razón de ser e constitúe unha verdadeira identidade en canto está en concomitancia coa linguaxe. O mesmo individuo é a partir do mesmo momento en que é capaz de expresarse a través da lingua, medio de sociabilidade e de expresión dunha cultura, dunha arte. Roland Barthes chega a afirmar que o home para chamarse home necesita unha linguaxe, necesita unha cultura.



Alonso Ríos e Blanco Amor. Fonte: A Nosa Terra

A lingüística cartesiana desenvolve unha idea central: a linguaxe existe para dar camiño á libre expresión do pensamento. Descartes concibía a linguaxe como unha realidade afastada de estímulos externos que estaba dotada dun aspecto creador e que actuaba a modo de instrumento xeral para a libre expresión do pensamento, dando resposta axeitada a situacións novas. É, pois, esencialmente a linguaxe órgano do pensamento e só de forma secundaria serve de comunicación social. Existen unhas características universais e comúns para todas as linguas.

Será o pensador italiano Vico quen saliente no século XVIII a gran diversidade de linguas vulgares de acordo co número de pobos que existen. Considera que:

“del mismo modo que ciertamente los pueblos, por la diversidad de los climas, han surgido con distintas naturalezas, de donde han surgido costumbres distintas, así de sus distintas naturalezas y costumbres han nacido otras tantas lenguas. De manera que, por la misma diversidad de sus naturalezas, así como han observado las mismas utilidades o necesidades de la vida humana con aspectos diversos, de donde han surgido

tantas costumbres de naciones diversas y a veces contrarias entre sí, así y no de otro modo han surgido otras tantas lenguas diversas”.

A gran variedade de linguas réxense por dous principios: os da natureza universal que estima que os elementos das cousas son indivisibles e os da natureza humana particular.

Se seguimos as ideas de Hamann -un dos máximos expoñentes do irracionalismo moderno- veremos como a linguaxe e o pensamento constitúen a mesma realidade, non existe unha separación entre eles: a linguaxe é aquilo co que pensamos. A relación entre a palabra e significado é orgánica e indisoluble, sendo tan forte a unicidade das dúas que Hamann chegou a afirmar que incluso para entender o pasado hai que comprender a linguaxe empregado polos que fixeron ese pasado, xa que o home só pode crear na súa propia lingua. Non se poden captar significados -ideas, conceptos- nun estado sen palabras, sen unha linguaxe; e como esta é individual e senlleira non existe a linguaxe universal. Esta concepción da linguaxe está lonxe das ideas de Descartes e de Kant que estableceron leis universais para todos os homes.

En Herder, a linguaxe é expresión da propia alma que está en consonancia consigo mesma e é un distintivo externo da especie humana. O home, ao longo da súa vida, vai pasando e percorrendo unha serie de experiencias vitais e coñecendo cousas novas que o van conformando; pois ben, todas esas experiencias van enriquecendo, así mesmo, a súa linguaxe. Pero será a lingua materna, a lingua aprendida no seo familiar a que faga posibles o desenvolvemento e o progreso humanos e, ao tempo, ese progreso facilita o propio progreso da lingua, das linguas, porque para Herder, ao se haber diversificado a especie humana en numerosas nacionalidades, así tamén as linguas seguiron o mesmo camiño. Cada lingua transformouse nunha liñaxe. Maurice Olender na súa obra *Las lenguas del Paraíso* afirma que o que realmente subxace no fondo das concepcións de Herder sobre a lingua é a súa consideración da mesma como unha rede *“que estructura el pensamiento y modela el carácter de las naciones”*.

W. Humboldt adoptou, nos seus estudos lingüísticos, un punto de vista romántico ao atribuír ás linguas particulares un papel significativo nos procesos da mente. Nas súas concepcións, as linguas proporcionan un mundo de pensamentos e un punto de vista de carácter exclusivo. Levan aparelladas actos mentais creadores. Desde esta perspectiva, a visión que todo home ten do mundo está determinada pola súa lingua. A



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

realidade que nos rodea se concibe pola lingua. Hai unha relación vital entre lingua, realidade e pensamento. A lingua de cada nación é un modo peculiar de contemplar o mundo.

Na mesma liña estaba Ludwig Wittgenstein que vía na linguaxe o límite fóra do que non ten sentido o pensamento. Ademais o uso da linguaxe -da lingua- está en consonancia coas formas de vida de cada comunidade de falantes, de cada cultura.

Actualmente está en certo retroceso esta consideración tan íntima e relacional entre lingua e pensamento. Ramón Lodares en *Gente de Cervantes. Historia humana del idioma español* expón unha tese dalgún modo interesante sobre a imposición dunhas linguas sobre outras que se afasta da importancia da relación lingua-pensamento. Na súa análise e reflexión, a comunidade lingüística, no caso de España, é filla da comunidade económica. Os xuros económicos, desde esta posición, determinan a necesidade dunha lingua común que permite a consolidación da comunidade lingüística (dunha comunidade lingüística sobre outras). Na súa formulación, as linguas están “*más bien sujetas a los avatares de la sociedad y a los intereses de la gente pues la ciudadanía no está obligada a dar cada paso calculando si traiciona, o no, a la tradición y al abolengo*”. Sen embargo, e de acordo co que aquí interesa determinar para fixar as posicións do nacionalismo en xeral e do galego en particular, é a estimación da linguaxe, da lingua de cada comunidade, de cada nación como unha forma de ver o mundo e a realidade; unha forma de entendela e de interpretala. Como afirma Emilio Lledó: “*el lenguaje de un pueblo no es más que la biografía de su espíritu; de su lucha por entender y asimilar el mundo*”. Non é, xa que logo, a linguaxe só un instrumento de comunicación.

A reivindicación lingüística feita polo nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX buscaba un punto de apoio para a súa loita autonomista. De aí que establecese a lingua galega, no seu ideario, como un dos factores específicos da personalidade de Galicia porque reflectía o alma dunha comunidade senlleira. Valentín Paz-Andrade, figura relevante do movemento, contemplou a súa aparición pola lingua. A Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918 artellou un programa para Galicia no que xa estipulaba a cooficialidade dos idiomas galego e castelán

A maioría dos pensadores e políticos galeguistas fixeron un esforzo teórico sumamente importante por defender o idioma galego como factor fundamental no rexurdir dunha comunidade, dunha nacionalidade: Galicia. Viron na lingua un dos signos da diferenza, expresión dunha raza e dunha alma diferente, modo de comunicación dun pobo específico e


particular dentro do concerto de pobos e nacións de España e do mundo. Quizais faltoulles -no campo que se está manexando- unha maior fondura entre a relación teórica que existe -ou pode existir- entre lingua e pensamento, entre a lingua galega e o pensamento que se expresaba nesa lingua e que vía -ou podía ver- a realidade a partir da influencia que o propio idioma -segundo as teorías que ata aquí se analizaron- tiña nesa visión do mundo circundante.

Dito isto, non é menos certo que nalgunhas das exposicións de personaxes ilustres do galeguismo realizadas na defensa do idioma galego e do ensino en galego sobre todo no rural, non fixesen referencia e establecesen esa relación entre lingua galega e pensamento, aínda que nos albores do provincialismo -primeira metade do século XIX- con Antolín Faraldo á fronte, a lingua galega non ocupou un lugar predominante na concreción histórico-filosófica da propia personalidade de Galicia.

A aparición das *Irmandades da Fala* en 1916 xa apuntaba o idioma -“a fala”- como o elemento que máis fixa o carácter dos pobos. O seu impulsor, Antón Villar Ponte, no seu *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional* -obra aparecida o 21 de marzo de 1916- chegaba a afirmar que “*hablar el idioma nativo significa pensar por si mismo*”. Ademais, para él, a lingua galega era o escudo da autonomía e independencia espiritual. O seu uso permitiría sentar os fundamentos do pensamento e da acción propios que levarían aos galegos “*a la búsqueda y encuentro de nosotros mismos en el fondo de nuestras almas*”.

Non afastado destes postulados estaba Castelao, quen consideraba que os galegos o eran por mor da súa lingua, expresión fundamental do seu pensamento e da súa alma.

Na mesma liña moveuse Xoán V. Viqueira, quen, aínda considerando a lingua galega como instrumento esencial na educación, por considerar, no rural e nas máis das vilas de Galicia, o castelán unha lingua estranxeira, non deixou de establecer cando menos a relación que pode existir entre lingua e pensamento, cando ao falar dos problemas educativos de Galicia considerou que para que a fala galega entrara na escola só era necesario que “*o mestre permita aos rapaces a expresión do seu pensamento na súa lingua*”. O mesmo Vicente Risco, na súa *Teoría nacionalista*, soubo ver no idioma un dos eixes fundamentais da diferenza, malia a fundamentar esencialmente esta sobre a raza e o territorio, pois “*está recoñecido por cantos se ocupan destas cousas, que, de tódolos vínculos sociaes, é a fala a que máis sopara e caracteriza ós pobos, porque é o máis espiritual de todos, é o que conforma o pensamento e fai a maneira de ser das xentes*”.



Paz-Andrade, por Castelao (Vigo, 1924)




MARÍN: O SEU NOME E A SÚA EXPANSIÓN COMO POBO, TEN A SÚA ORIXE NA ÉPOCA ROMANA

Por: Laureano Mayán Taboada

Ao longo da historia, Marín padeceu a invasión de numerosos pobos: Oestrymnios (parece ser o pobo máis antigo en habitar a nosa terra), cretenses, fenicios, celtas, gregos, cartaxineses, romanos, suevos, visigodos, árabes... e aínda que cada unha destas épocas foi transcendente no devir do noso pobo, a que nos vincula a Roma é a máis expectante e intrigante. Posiblemente por ser a máis descoñecida. Tan descoñecida que o material informativo é practicamente nulo e, ademais, confuso.

Ruta empregada polos romanos no seu primeiro contacto coa localidade, e situacións das vivendas na primeira fase de evolución da vila.



Sen embargo, é coa chegada dos romanos cando se produce a orixe e proxección do futuro de Marín.

Os romanos entran na península no século III a. C. Pero é entre os anos 136 / 139 cando o fan nas terras galegas, con accións bélicas de Quinto Servilio Cepión e Décimo Junio Bruto a quen se lle apelidou “El Galaico”. A esta primeira fase considéraselle de penetración e estudo. A segunda fase, de sometemento, ten lugar coa chegada por mar, a Brigantium, segundo uns, Betanzos, segundo outros A Coruña; de Julio César no ano 61 a. C. Na terceira fase, de asentamento e pacificación, a Marín sitúaselle no ano 30 a. C. que é cando se produce o primeiro establecemento fixo, sendo Emperador Octavio César Augusto. Marín, ata entón, fora utilizado como lugar de paso xa que a presenza dos romanos limitárase, tan só, a simples expedicións.

Non obstante, Gallaecia non será feita provincia ata o ano 216 d. C. polo Emperador Caracalla.

No 1762, o Padre Sarmiento descubre un “miliario” romano (marco de pedra para indicar distancias ou, ás veces, algunha conmemoración) na propiedade dun veciño que o utilizaba como peso nun lagar. Dito miliario estaba radicado en Almuña, lugar radicado entre os límites das parroquias de Salcedo e Lourizán. Segundo reza a inscrición, é de tempos do Emperador romano César Trajano Adriano (117 / 138 d. C.). Noutra inscrición inferior, traducíuse “Desde Lucus Augusta 95.000 pasos (viña a equivaler a uns 140 quilómetros).

Dito miliario emprázano como pertencente a un ramal secundario (vrea ou veredae: paso de xentes), dunha “Vía romana XIX” “Per loca marítima” (camiño por lugar próximo ao mar / pola costa) que comunicaba Brácara (Braga) con Brigantium.

Aquí é onde un se atopa opinións un tanto confusas con respecto ás “Vías romanas XIX e XX”, xa que hai historiadores que citan a número XIX como “Per loca marítima”, e outros asígnanllo á número XX.

A número XIX comunicaba Braga con Lugo a través de Tude (Tui), Duos Pontes (Pontevedra), Aquas Caelena (Caldas de Reis), Iria Flavia...

A número XX comunicaba Braga con Lugo, a través de Tui, Vicus Spacorum (Vigo), Turoqua (Pontevedra), Aquis Celenis (Caldas de Reis), Iria Flavia, Grandimirum (Brandomil), Trigandum, Brigantium... Esta ruta é a que denominaba Antonino “Per loca marítima”.

A maioría dos historiadores opinan que dende Lugo existía unha “vrea” que pasando por Pontevedra, atravesaba Marín por todo o val no que hoxe se asenta a Vila, pasaba polo Castro de Porteliña e seguía ao longo de toda a península do Morrazo, ata Cinnania (¿Cangas?). Outros opinan que ese ramal, dende Lugo, tiña punto final no porto de Marín que seguramente estaba en Porto Cellus: Portocelo.

Hai, tamén, algún historiador que opina que, máis adiante no tempo, tivo que existir un ramal transversal da “Vía XIX que partía dende Moaña ou Vigo, ata Marín.

Sexa como fora: ramal da vía XIX ou XX con final en Portocelo ou en Cangas, a información que se posúe é que os romanos atravesan o lugar, por primeira vez, a través dunha ruta que, parece ser, era a única e iniciábase por detrás da Mouta (hoxe está o Concello), e continuaba polas rúas, hoxe, Cementerio Viejo (lateral ao IES Salvador Moreno) e Chan de Aniñada, para seguir por debaixo do Castro de Porteliña e afastarse do núcleo por Seixo. Este itinerario podería corresponder aos anos 50 / 40 a. C.

A existencia desa única vía fainos supor que, entón, a auga debía ocupar unha grande superficie. Tanta, que moitas das rúas de hoxe, nesas épocas, estarían ocupadas polo mar. Fainos supor que a zona onde está enclavado o Novo Templo, serían terreos cunha importante altura e prolongación, tanto cara á Alameda, como cara á Calzada.



Vista actual da vila



Os romanos, entre outras cousas, gozaban dun gran prestixio como arquitectos, destacando polos seus grandes coñecementos con todo o relacionado coa terra: construcións (teatros, basílicas, ximnasios...), comunicacións (estradas, pontes, acuedutos...). Non deixaban nada á improvisación e realizaban un metódico e profundo estudo do terreo, sen arredalos a distancia e a orografía, (en Galicia as obras eran complicadas, lentas e custosas dado o particular relevo da terra), e por iso abrían importantes e magníficas vías de

comunicación. É de supoñer que se utilizaron esa única vía existente, é porque estaba en condicións e viña a confirmar que fora realizada no lugar máis apto para elo.

Sen embargo, os romanos, a pesar da súa grande capacidade para a construción e, tamén, para a agricultura, tíanlle medo ao mar a quen consideraban “unha profundidade sen fondo”.

Construían as súa “vilas” “grañas” ou “granjas” afastadas da orela. A “vila” non era máis que unha parcela rural coa casa do “Señor” ou “Poseedor”, as de servidume, as cortes dos animais, celeiro, e no centro, a horta. Arredor, as terras de cultivo, o val.

Pertencía a un señor xubilado, con notables merecementos, logrados, xeralmente, nas milicias. Trouxo consigo o fin das armas e o cultivo da terra. Durante moitos anos, a residencia converteuse nunha explotación agropecuaria unitaria.

Hai quen estima que a primeira “vila” puido estar en Coirados e que ao evolucionar converteuse en “Sancto Juliano Vallis Marini” (nome do Señor: Marinus). Sen embargo está máis estendida a crenza de que esa primeira “vila” estivo na zona próxima ao río Lameira, posiblemente en A Costa. Nunha pedra exterior do portal de entrada a un inmoble con finca (hoxe propiedade municipal), figura a inscrición “La Granja” ¿Posible herdanza desa época, mantida a través de Oseira?.

PANADERIA



CAFETERIA

PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

¡PÍDANOS PRESUPUESTO!

Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio

Cando os romanos se establecen no val, aínda vivía xente nos Castros próximos, pero a colonización faina baixar para traballar na "vila". A pesar da súa recoñecida altivez, respectaron certos hábitos do pobo sometido. Falábanse distintas linguas aínda que predominaba o céltico. O latín foi estendéndose paulatinamente.

A paz reinante trae consigo a expansión urbana. O proceso de integración dos primeiros focos de poboación iníciase, parece ser, moi pouco antes da nosa Era, probablemente entre os anos 20 / 10 a. C. A primeira zona de consolidación fíxose mediante unha liña de vivendas á beira do mar. Arrincaba dende Puerto Zapal ata Estribela.

Se cando os romanos entran en Marín só existía un camiño de entrada e saída, (xa comentado), esta evolución tradúcese na existencia de máis comunicacións, como as actuais, Praza do Reloxo, Rúa Real, La Roda, Méndez Núñez e cóntase cun novo porto en Arenas de Marín (actual Alameda)...

Pois a pesar de que a evolución comezaba a marcar o futuro da localidade, ninguén quixo, puido ou soubo ver, que a grande riqueza estaba ao alcance da man; logo sería Santo e Señá da nosa Vila "Nostra in mare fortuna".

Os descubrimentos que se foron verificando na Rúa Real e en La Roda, polas condicións naturais do seu emprazamento e os restos arqueolóxicos recuperados, sinalan a presenza dun asentamento romano baixo o centro urbano da Vila que podería situarse entre os anos 1 / 10 d. C.

Ao marxe de que a comarca marinense é, polos seus achados, unha das zonas máis romanizadas de Galicia, é moi posible que Marín, concretamente, fora unha poboación romana.

A principios do século V prodúcese a invasión dos suevos, o que significa a saída dos romanos da nosa terra. Eses cinco séculos non se caracterizan, precisamente, pola abundancia de recordos físicos que nos quedaran. Sen vestixios das vilas, calzadas, vreas, pontes, peiraos... Pouco e ben gardado (museos e particulares): restos de ánforas, tellas, fragmentos de cerámica, fragmentos de terra selada, ladrillos, restos de


morteiro, ferramentas, moedas... Os achados efectuados fóra do casco urbano non se poden situar en que datas foron efectuados, aínda que temos constancia de que en 1990 o comandante da Armada José María Mosquera Gómez, atopou en Cabo Udra, o que pode ser unha nave romana, posiblemente unha galera birreme de guerra. Caso de que, nun futuro, isto se confirmara, a noticia sería dun valor histórico, único no mundo.

No que respecta ás moedas, agás unhas atopadas en Puente Zapal, todas son de bronce e de diferentes tamaños. Pertencen ás épocas de Tiberius Claudius Drusus "Claudio I" (anos 41-54); Nerva Trajano (98-117); Plubius Aelius Hadrianus "Adriano" (117-138); Antonino Pío (138-161); Marius Antonius Gordianus "Gordiano Pío" (235-243); Magencio (305-312); Graciano (367-383) e Flavius Teodosius "Teodosio I" (375-395).

A pesar dos poucos vestixios que nos quedaron, mantemos vocábulos como: Calzada, beira, eido, corredoira, devesa, area, viña, eira, maceira, quinteiro... "Vrea" en Castro, "Vrea" en Seixo, "As Vreas" en Soage... Topónimos como: Allariz: Aliarici; Bagüín: Vila Baculini; Padraín: Vila Paternini; Francolín: Vila Francellini; Resille: Vila Recillo; Xermade: Vila Germati... e, sobre todo, como xa quedou indicado, quedanos o máis imperecedoiro dos recordos: o nome da Vila.

Unha Vila que aínda ten moito que ofrecer á historia. Non sei se porque non quixemos, soubemos ou puidemos, nunca se efectuou un traballo serio e profundo sobre o noso riquísimo patrimonio cultural que, nuns casos permanece oculto baixo terra e baixo o mar, e noutros, estando á vista, requiren urxentes coidados.

Desexos e ilusións serán imposibles de cumprir e realizar, mentres se permita ao home construír estradas, pontes, vivendas, fábricas... (o cal é bo), en lugares que conteñen vestixios de civilizacións antigas e que son trasladados a outro lugar, deteriorados ou destruídos (o cal é malo). Só cando sexa posible levar a cabo as imprescindibles escavacións, poderemos realizar os estudos que nos levan a coñecer o noso pasado. Mentres tanto a continuar coas conxecturas...



Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483



O NAUFRAXIO DO MARÍA LUISA EN ONZA

Por: Lino J. Pazos Pérez

De novo é a paradisíaca illa de Onza a que centra a nosa atención, dado que no seu entorno, ao que asoma discretamente o seu lombo redondeado polos ventos, danse con demasiada frecuencia tráxicos accidentes.

Xa apuntamos no artigo anterior (Aunios 2007) a fatal coincidencia de que nestas augas, nada turbulentas por certo, nas que navegamos e pescamos centenaes de veces, producíranse os desgraciados naufraxios de buques de guerra, nos que houbo que lamentar numerosos mortos e desaparecidos,

sen que a veciñanza de Ons, que naqueles momentos era numerosa, puidera socorrelos, como seguramente intentarían.

Outro tanto sucedulle ó pesqueiro de altura *María Luísa*.

Navegaba o *María Luísa*, o xoves 9 de

LA MUTUALIDAD NAVIERA

INSTITUCION BENEFICA DE SEGUROS MUTUOS
CONTRA LOS ACCIDENTES DEL TRABAJO Y DE MAR

POLICARPO SANZ, 21-2.º - TELEFONO 2746 - VIGO

RESULTADOS AL 31 DE DICIEMBRE DE 1957

SEGURO DE ACCIDENTES DEL TRABAJO CON LOS RIESGOS
DE MINAS, CATASTROFE Y DAÑOS A TERCERAS PERSONAS:


Nóminas aseguradas . . .	145.605,784.- Ptas.
Depósitos de garantía . . .	3.154.402,37 "
Obreros asegurados . . .	5.577

FONDO DE RESERVA 6.532.228,88 PTAS.

novembro de 1950, en demanda do porto de Vigo, en medio dunha borrasca que ía acadando cotas de temporal, cando pola proa veu as luces doutro barco que levaba o mesmo rumbo, adiantándoo ao pouco dada a súa maior potencia. Tratábase do *San Diego*, do armador Francisco Suárez García, movido por unha máquina alternativa que aínda queimaba carbón, que tamén se dirixía ao Berbés co fin de descargar as súas capturas na lonxa.

O *María Luísa*, ex *Essex*, era un "trawler" das Pesquerías Pasaitarras (unha agrupación de armadores fundada no 1925 no País Vasco) adquirido por D. José Romero, que someteuno no ano 1948 a grandes reformas nos estaleiros da Constructora Naval, de Bilbao, entre as que figurou a conversión de carbón, a fuel-oil, cun custe aproximado de 2.600.000 pesetas da época.

Unha vez á súa altura, o patrón do *María Luísa* fixo soar a bucina e, axudándose do megáfono, comunicou á tripulación do *San Diego* as boas xornadas de pesca que tiveran, invitándoos a comer un mero asado na Parra, una coñecida baiuca do Berbés, deixándoo atrás en poucos momentos, non sen antes recibir tres bucinazos de aprobación.



Cando o *San Diego* recalou no porto, de madrugada, o seu patrón votou en falta ao *María Luísa*, dando aviso do feito á Dona M^a Puga, que exercía de intermediaria na lonxa. Inmediatamente deuse a alarma, intentando con todos os medios dispoñibles contactar co barco, sen resultado positivo algún.

Avisadas as autoridades da tardanza, organizouse rapidamente un tren de rescate, ante a posibilidade de que o *María Luísa* estivera necesitado de axuda, saíndo na súa busca os pesqueiros, *Carmen*, *San Diego* e *Ribeirán*, con tripulacións de fortuna compostas por mariñeiros de diferentes barcos.





As labores de busca foron infrutuosas por moito que os pesqueiros o intentaron, rodeando as illas Cíes e incluso achegándose ao perigoso Boeiro onde se tíñan producido numerosos naufraxios.

Nada, as pescudas non deron resultado algún, a excepción de atopar o *Ribeirán* algunhas manchas de aceite e restos de caixas de madeira das utilizadas para estibar o peixe.

No Berbés, as xentes da gran familia mariñeira esperaban arremuiñados ante os peiraos o regreso dos pesqueiros, mentres pola comarca comezaba a circular a noticia de que un barco naufragara perdéndose a totalidade dos homes da tripulación.

As tabernas enchéronse de xente e nas mesas xurdiron, como non podía se doutra maneira, arrepiantes lendas sobre naufraxios, escoitados polos presentes con extrema atención.

Ao regresar a porto, os barcos encargados da busca comunicaron que o temporal ía en aumento, e que soamente puideran observar algunhas manchas de aceite, e restos de caixóns de madeira, pero nin rastro do buque e da súa tripulación.

O mesmo lles aconteceu aos veleiros procedentes de Vilagarcía; *Industrial* e *Joaquín que*, cando navegaban cara a Vigo, viron ditas sinais entre Ons e Cíes.

O armador do *María Luísa*, don *José Romero Núñez*, prestixioso home de negocios pesqueiros, veciño de O Freixo, viviu durante eses días de espera un verdadeiro calvario pola perda do barco e os seus homes, entre os que, para maior desgraza, figuraban dous irmáns da súa dona e dous sobriños.

O domingo día 12, mentres continuaban as labores de busca, comezaron a aparecer os primeiros corpos, algúns en Sanxenxo, outros, os dous fogueiros e un dos patróns, en O Grove, e dous mariñeiros máis sobre unha rocha na costa de Ons.

O *María Luísa* embarrancara na pedra coñecida como A Onesa nas proximidades da illa de Onza, esnaquizándose, non logrando poñerse a salvo ningún dos 16 homes que compoñían a dotación do barco, e que, posiblemente, no momento do naufraxio viaxarían no interior arraxando as súas pertenzas para desembarcar.

Segundo os veciños da illa de Ons, o día 9 escoitaron unha sirena largo rato, e observaron algunhas sinais feitas con luces, pero non puideron facer nada por axudarlles debido ao imponente temporal que azoutaba aqueles cantís.

O María Luísa, ex Essex, construído nos estaleiros Smith Dook Co., de North-Sields, con casco de aceiro, 37 metros de eslora, 6,54 de manga e 4,20 de puntal, desprazaba 211 toneladas brutas. Fora adquirido en Inglaterra en 1923 polas Pesquerías Pasaitarras de San Sebastián, folio 567, lista 3ª. En 1941 adquiriuno o que sería o seu derradeiro propietario.

Deuse a circunstancia de que o María Luísa faenaba habitualmente nos mares de Terranova pescando bacallao, pero ao chegar a época do mal tempo destinárono á pesca nas nosas augas. Nesta ocasión realizaba a súa terceira marea.

O patrón de gran altura, Vicente Rodríguez, era natural da Pobra do Caramiñal e o patrón de pesca M. Rodríguez Mayo, cuñado do armador. O marmitón, de 14 anos, Manuel Mayo Romero era un dos seus sobriños.





PRISCILIANO *VERSUS* SANTIAGO

Por: Pablo Pérez Fernández
Vicario da Armada

1.- A SUA ORIXE E A SUA DOCTRINA

Prisciliano ten sido sempre –e aínda hoxe- un personaxe fortemente controvertido. Para algúns trátase simplemente dun herexe. Para outros, estamos diante de un reformador relixioso con mostras de grande clarividencia

Non se coñece con precisión o ano nin o lugar do seu nacemento. Moitos din que naceu o ano 340 na Hispania Occidental, mais concretamente na provincia romana de Gallaecia, no seo dunha familia senatorial. Outros din que era lusitano ou bético. Sexa o que sexa, o certo é que foi aquí en Galicia onde o seu movemento resultou especialmente intenso e duradeiro.



En datas anteriores ao ano 370 trasladouse a Burdeos para recibir formación co retórico Delfidius. Alí, nas aforas da cidade, xuntamente co seu mentor e coa muller deste, chamada Eucrocia, fundou unha comunidade de tendencia rigorista. Tamén se lle recoñece unha relación con Prócula, filla deles.

Alá polo ano 379, durante o consulado de Ausonio e Olibrio, retornou a Galicia e comezou a súa etapa predicante. Home de extraordinaria cultura, empezou a súa actividade pública difundindo e espallando unha nova mentalidade. Tomando como base e alicerce o gnosticismo, promovía e fomentaba un conxunto de prácticas máis ou menos máxicas que estaban relacionadas ou vencelladas coa natureza e co respecto e consideración cara aos ritos e costumes tradicionais. A súa doutrina, que algúns definiron como “unha mestura de cristianismo, de maniqueísmo e de panteísmo astrolóxico”, caracterizábase por un forte rigor ascético e baseábase na igualdade, na liberdade e no respecto.

As súas ideas obtiveron un grande éxito. Primeiro foi entre as mulleres e as clases populares. Pero axiña gañou moitos

adeptos tamén entre a xente culta e de certo nivel económico. En pouco tempo os seus seguidores contábanse por milleiros. Entre eles estaban numerosos cregos e mesmo algúns bispos.

2.- BISPO CONDENADO E ABSOLTO

Denunciado e delatado como herexe polos bispos Hidacio e Valerio e por algún outro, reuniuse o ano 380 un Concilio en Caesaraugusta para condenalo a el, aos seus seguidores e máis ás súas ideas. Sen embargo, este Concilio non se atreveu a tomar ningunha decisión e ningunha determinación ao respecto. Ao contrario, Prisciliano, auspiciado e impulsado polos seus influentes valedores, principalmente polos bispos Instancio e Salviano, foi elixido bispo para a sé de Avila que estaba vacante.

Esta elección para o episcopado, lonxe de calmar e aplacar as iras e o furor en contra del, fíxoas medrar. As loitas entre os seus partidarios e os seus detractores foron a mais. Os seus inimigos obtiveron do emperador Graciano, que daquela tiña instalada a súa corte en Milán, un *rescripto* polo que excomungaba e desterraba das súas sés episcopais a Prisciliano e aos seus adeptos. Ao ir a máis a persecución contra eles, Prisciliano foi expulsado da Península. Abandonou todos os seus bens e cos seus seguidores marchou a Roma co gallo de xustificarse e defenderse diante do Papa San Dámaso. Corría o ano 382.

En Roma o Papa non o recibiu pois non se consideraba competente para anular un *rescripto* do emperador. Entón Prisciliano dirixiuse a Milán. Alí tampouco atopou en San Ambrosio, bispo de Milán, todo o apoio que desexaba. Sen embargo, aproveitando a ausencia do emperador Graciano, logrou convencer ao “mestre dos oficios” para que anulase o anterior decreto imperial.


Ceibe da condena expresa, puido retornar á Península. E diste xeito, os seus partidarios viron reafirmada a situación do grupo e acadaron licenza para recuperar as súas dioceses e as súas igrexas. Foi nese momento cando os seguidores de Prisciliano medraron sobranceiramente, sobre todo entre o clero e a burguesía

3.- NOVA E DEFINITIVA CONDENA

O ano 383, Máximo, despois do asasinato de Graciano, foi nomeado polas súas lexións novo emperador de Occidente. Para afianzarse no trono, buscou apoio na Igrexa católica, brindándolle amparo institucional fronte aos numerosos

movimentos disidentes que pululaban dentro dela, axitándoa fortemente. Un dos mais activos e buldeiros era, mesmamente, o de Prisciliano. De aí, o desexo imperial de condenalo oficialmente.


Con esta finalidade convocou o ano 384 un concilio en Burdeos, ao que decidiron acudir Prisciliano e varios seguidores seus. Parece que todos querían resolver, dunha



vez por todas, o conflito provocado pola súa persoa e pola súa doutrina, que xa se espallara por toda a Península Ibérica e mesmo polas Galias.

Durante a celebración deste concilio, no que se condenou de novo a doutrina priscilianista, unha multitude alienada e acirrada lapidou a Urbica, unha boa discípula de Prisciliano. Entón, este apelou directamente ao emperador. Abandonou o concilio e dirixiuse ao norte, a Treveris, onde Máximo tiña establecida a súa corte. Descoñecedor das intrigas que se tecían en contra del na corte imperial, tentaba convencer ao emperador para que terciase a prol do seu grupo.

Cando Prisciliano chegou a Treveris, o emperador, desexoso de contar co apoio da xerarquía católica, prendeuno e someteuno a xuízo. Nel foi acusado de bruxería e de practicar rituais máxicos. Entre eles estaban, concretamente, as danzas nocturnas, o uso de herbas abortivas e a práctica da astroloxía cabalística.



Tras obter mediante torturas unha confesión do propio Prisciliano, foi condenado como herexe. E, malia as dúbidas e vacilacións de importantes persoeiros e coa oposición de San Martiño de Tours, foi decapitado o ano 385 xuntamente con moitos dos seus. Era a primeira vez na historia que o brazo secular condenaba a morte e executaba a un herexe.

Despois da súa morte, axiña comezou a ser venerado como mártir e santo. Os seus seguidores trouxeron o seu

corpo por mar e enterrárono nun lugar de Galicia. E foi aquí en Galicia onde o seu influxo se fixo sentir dun xeito sobranceiro, aínda que non se poida determinar con seguridade ata que ano perdurou. De feito, dous séculos despois da súa morte, aínda atopamos alusións a el no concilio de Braga, que se celebrou o ano 573.

4.- O SEU SARTEGO

¿Onde está soterrado Prisciliano?. Non o sabemos. Téñense aventurado moitas hipóteses e suposicións. A mais común e usual fala dun misterioso edificio en Santa Baía de Bóveda, na provincia de Lugo. Outros falan dun lugar chamado “Os Mártires” na parroquia de San Miguel de Valga, na provincia de Pontevedra. E unha hipótese, moi popular por certo, propón unha alternativa a tradición cristiá, sospeitando que o que está soterrado en Compostela é Prisciliano e non Santiago. Baseados no feito de que os seus discípulos trouxeron o seu corpo a Galicia e dito corpo nunca apareceu, tense lanzado a hipótese de que moi ben este poida ser o seu sartego.

Esta teoría naceu, ao parecer, nos ambientes rexeneracionistas de finais do século XIX. Pénsase que foi formulada por primeira vez Louis Duchaste. Este haxiógrafo publicou o ano 1900 na revista “Annales de Midi” un artigo titulado “Saint Jacques en Galice”. Nel suxire, baseándose na viaxe que os discípulos de Prisciliano fixeron cos seus restos mortais á súa terra natal, que é el o que está soterrado en Compostela. Tamén Don Miguel de Unamuno faise eco desta posibilidade. Nunha ocasión, en chegando a Galicia, exclamou: “O sartego de Santiago é propiedade de toda España; pero quizais o que repousa nel sexa Prisciliano, o gnóstico galego, bispo de Avila, quen no século IV mesturou o paganismo dos seus paisanos coas doutrinas cristiáns”.

Esta suposición, aínda que nunha primeira ollada, poida resultar atraente e atractiva, carece de todo apoio científico. Trátase dunha hipótese que adoce dunha elemental falta de rigor. Non existe nin un só testemuño que a confirme con fundamento e que poida alicerzar a súa veracidade.

Ademais, como di Sánchez Albornoz: “a suposición de que as santas reliquias veneradas na catedral de Santiago de Compostela pertencen ao herexe Prisciliano, ten un tafo anticlerical e antieclesial moi do século XIX”.

Pablo Pérez Fernández
Vigairo da Armada

O XACEMENTO ROMANO DO CANTIL DE CANEXOL (ILLA DE ONS, BUEU).

O ESQUECEMENTO DO RECURSO MARIÑO

Por: Paula Ballesteros Arias

Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe (IIT, USC) Unidade Asociada ao CSIC a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. E-mail: phpaulab@usc.es

1. Contexto xeográfico e arqueolóxico

O arquipélago de Ons, situado na ría de Pontevedra, está conformado pola illa de Ons e Onza ou Onceta (ao N), e os illotes de Centolo (ao S) e Freitosa (ao SW), e forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas dende o 2002. Este promontorio granítico de forma alargada de dirección N-S, presenta dúas vertentes claramente diferenciadas. A parte orientada ao E, que mira cara á ría de Pontevedra, presenta un perfil rectilíneo cuxo desnivel descende cara ao mar de forma suave, desembocando en diversos areais. A parte orientada ao W, cara ao mar aberto do Atlántico, caracterízase por ser unha costa abrupta e recortada con pequenas enseadas de coidos, acantilados e covas mariñas, tamén chamadas “furnas”.

O xacemento arqueolóxico de Canexol sitúase sobre o cantil da praia do mesmo nome, emprazada ao SE da illa e na costa orientada cara ao leste. Concretamente ubícase sobre un depósito sedimentario antigo que na actualidade funciona como un cantil activo.

Dende o punto de vista edafolóxico, segundo M. Costa (1995) gran parte da costa galega está fosilizada por depósitos sedimentarios antigos non consolidados. Na actualidade, a forma litoral que define a estes depósitos é a dun cantil activo. Pode estar precedido por unha praia ou plataforma litoral, que o protexan dos procesos erosivos mariños ou pola contra caer directamente sobre o mar, mostrando evidencias máis claras de retroceso. Estes depósitos sedimentarios antigos, como o localizado na traspraia de Canexol, están compostos pola intercalación de facies de orixe mariña-eólica e continental, que se suceden de muro a teito, localizándose preferentemente as primeiras, na base do depósito. Soen ter potencias variables, pero dependendo da súa ubicación poden acadar ata os 8-10 metros de espesor. As características morfosedimentarias tenden a ser variables tanto vertical, como horizontalmente. A nivel sedimentario pódense distinguir niveis formados por material fino inorgánico (rico en arxilas, limos e areas, dominando estas últimas), niveis de material fino rico en materia orgánica e acumulacións inorgánicas compostas pola intercalación de areas e limos con material de tamaño grosso (gravas, cantos e bloques), que se dispoñen de forma aleatoria ou formando estruturas sedimentarias claras. Estas facies significan que estes depósitos rexistran nos cambios sedimentolóxicos variacións claras a nivel de ambientes sedimentarios, que se poden relacionar con cambios nas condicións climáticas.

As datacións radiocarbónicas obtidas para diferentes depósitos localizados na costa Atlántica Galega, permiten enmarcar a súa formación dende o Pleistoceno Final ata o Holoceno. A existencia destas acumulacións na actual liña de costa, ten moita importancia para os estudos de reconstrución de ambientes pasados, debido a que estes depósitos son arquivos de gran valor paleoambiental, que nos informan sobre a evolución e interacción do medio mariño e continental, e particularmente sobre os momentos de cambio no Pleistoceno Final e no Holoceno.




Figura 1. Vista parcial da Illa de Ons onde se sinalan as principais entidades culturais ás que se fai mención neste traballo.

Polos indicios arqueolóxicos atopados neste cantil de Canexol, poderíamos vincular a este xacemento cunha factoría de salgadura de época romana destinada á conservación do peixe. Este xacemento pasou totalmente desapercibido debido a que na actualidade non se aprecia ningunha evidencia en superficie, sendo só visible nos perfís estratigráficos deste

Figura 2. Emprazamento da praia de Canexol, vista cara ao SW. Na imaxe pódese apreciar o cantil onde se atopan as estruturas arqueolóxicas expostas neste artigo. Ao fondo distínguense o promontorio pertencente ao castro de “Castelo dos Mouros”



cantil. Tampouco se atoparon referencias nos diferentes artigos ou publicacións históricas consultadas sobre a illa. De feito, nin tan sequera existe na memoria histórica das xentes que poboan esta illa (ou se a houbo, desapareceu). Polo tanto, o seu achádego ven a ampliar un pouco máis a lista de entidades culturais existentes na illa de Ons, remarcando a súa importancia como lugar estratéxico e funcional dentro do contexto marítimo da ría de Pontevedra. Tamén ven a ocupar un baleiro crono-cultural da illa como lugar habitado dende épocas prehistóricas ata a actualidade, feito que deixou (e segue a deixar) as súas pegadas na paisaxe.

De forma sintética, poderíamos dicir que, para os primeiros momentos de ocupación na illa de Ons, encontrámonos con moi poucas evidencias arqueolóxicas, non por carecer delas senón pola falla dun estudo arqueolóxico rigoroso. Hai documentados vestixios do Paleolítico, da Idade do Bronce, Idade do Ferro, medieval e moderna ata a actualidade coa pervivenza dunha paisaxe rural tradicional agraria e pesqueira en uso. Deste xeito, ao Paleolítico-Epipaleolítico (11000-5000 a.C.) poderían pertencer un raspador de gneis e unha peza trapezoidal de granito tallado, materiais líticos de especial relevancia, pero dos que se descoñece o seu lugar de procedencia e o seu contexto arqueolóxico. Ambos están

depositados no Museo Arqueolóxico de Pontevedra. Para o Neolítico (4300-2600 a.C.) Xurxo Lourenzo, no seu Diario Arqueolóxico (1934), di que na súa corta viaxe pola illa tiveron noticias de mámoas e de “camiños cubertos” aínda que non puideron ser comprobados. Álvaro das Casas (1934) tamén fala de presuntas mámoas e de ósos humanos descubertos en paraxes distantes do actual cemiterio. Á Idade do Bronce (2600-900 a.C.) pertencerían dous machados de talón que, ao igual que o material anterior, tamén están descontextualizados (Vilas 2005: 149). Á Idade do Ferro pertence o castro “Castelo dos Mouros” ou “Castro do Alto” situado no Alto de Altura (97 m sobre o nivel do mar). Descríbese coma un recinto cun antecastro separado por un foso. Aquí atópase “A Cova dos Mouros”, lugar que aglutina moitas das lendas da illa. Pola bibliografía consultada, hai referencias da posible existencia dun segundo castro situado na zona norte da illa denominado “Cova da Loba” e na que, segundo as fontes, apareceron restos de materiais cerámicos e concheiros. Xurxo Lourenzo dalle o nome de “Coto da Cova do Lobo” e di que ten tradición da existencia de vivendas calificándoo, por outra banda, como o máis interesante da illa.

Recentemente, e produto do traballo realizado para a elaboración deste artigo, documentáronse evidencias de ocupación romana. Aínda que a escaseza de datos non o permitan concretar, poderían estar asociados a unha explotación de recursos mariños situada sobre o cantil de Canexol.

De época medieval é “A Laxe do Crego”, sepulcro antropomorfo escavado nunha das rochas máis destacadas da praia de Area dos Cans e á que se accede en baixa mar. E xa en época contemporánea están rexistradas dúas fortificacións, unha coñecida como “Castelo da Roda” en Curro, e unha segunda situada no barrio de Pereiró, ambas construídas no 1810.

Finalmente, dentro deste patrimonio construído debemos ter a paisaxe agraria tradicional, que afortunadamente aínda consérvase e que ven a remarcar a insularidade da illa, debido a que os longos temporais de inverno facían imposible vivir cara ao mar e, polo tanto, limitaban a entrada de produtos da península. E a paisaxe mariñeira, paisaxe que, como veremos, dotaba, e o segue facendo, de parte dos recursos aos habitantes da illa.

AGRADECEMENTO Á:



XUNTA DE GALICIA

SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN
DO PLAN XACOBEO

2. Descrición do xacemento do areal de Canexol

O xacemento arqueolóxico de Canexol esténdese ao longo de aproximadamente 300 m do cantil da praia do mesmo nome, e é visible só na parte superior desa parede, non

Figura 3. Vista xeral dunha parte do cantil de Canexol onde se aprecia o amplo depósito antigo sedimentario sobre o que se escavou unha fosa de orixe antrópica.



apreciándose ningunha evidencia en superficie. Este xacemento está orientado cara ao E. Entre a vexetación que cubre parte do cantil do areal pódense distinguir varias estruturas de distinta tipoloxía.

Figura 5. Detalle do cantil onde se pode ver parte da estrutura dun muro antigo



De N a S, o primeiro elemento antrópico que se aprecia no perfil e unha fosa en forma de “U” de mediano tamaño, escavada no xabre, con pedras de pequeno e mediano tamaño na base da mesma, fundamentalmente no lado norte, e selada por unha amplo paquete de terra moi homoxéneo e que tamén parece que está presente ao longo do perfil do areal.

A poucos metros e cara ao S apréciase parte dun muro feito con pedra de granito coas súas caras traballadas. Aquí, sobre a estratigrafía natural do perfil pódese distinguir un solo a modo de cimentación, realizado cunha argamasa a base de seixo moi fragmentado e cal de uns 3 / 4 cm de grosor (*opus signinum*), que tamén se aprecia nas diferentes partes do perfil estratigráfico do areal.

Máis ao sur, distínguense unhas laxes de granito de gran tamaño dispostas de xeito horizontal a modo de pontella, aínda que o seu oco está recheo de cachotes de pedra granítica e de cantos rodados. Neste caso, estarían así dispostas para

Figura 4. Detalle da fosa escavada no xabre.



salvar un desnivel. Pero coa abundante vexetación non se pode apreciar con certeza a que tipo construtivo se pode corresponder.

A partir desta estrutura, e cara ao S, é onde se localizan os vestixios máis visibles deste xacemento, os máis evidentes para poder vincular este lugar cunha factoría de salgadura de peixe.

Deste xeito, sobre o horizonte natural de xabre regularizado e horizontal, dispónse un leito de cantos rodados e pedras de formas irregulares tendentes a forma cuadrangular. Sobre este leito, levántanse tres muros paralelos distantes uns dos outros 1,5 m aproximadamente. Son muros de dobre cara, compostos por pedras de granito de formas cuadrangulares e pouco grosor, dispostas unhas enriba das outras a modo de lousetas.



Figura 6. Vista xeral das estruturas arqueolóxicas máis visibles e identificativas do xacemento de Canexol. Pola súa forma, disposición e materiais poderían vincularse a unha antiga factoría de salgadura.



Figura 7. Detalle dos muros, posiblemente correspondentes a unha pía de salgadura. Apréciase a colmatación destas estruturas por diferentes materiais en distintas posicións.

A base e a parte inferior dos muros caracterízanse por ter un revestimento composto por un morteiro realizado a base de seixo moi fragmentado e cal, compactado e aprisionado. E o chamado *opus signinum*, morteiro utilizado para impermeabilizar construcións relacionadas con estruturas

¹Destacar que o seixo está composto por dióxido de silíceo que é un desecante natural que quita a humidade do lugar no que se atopa.

²Estes materiais de cubrición son sinais evidentes de romanidade xa que o seu uso desaparece a principios da Idade Media sendo substituídos pola cobertura realizada só con imbrices dispostos en fiadas paralelas e alternando o dereito e o revés, sistema que perdura ata hoxe. Por outra beira, a tégula non só foi utilizada para a cuberta senón que tamén se utilizou para pavimentos, canalizacións, tumbas, etc. funcións que parecen que se alongaron no tempo xa que aparecen en rexistros altomedievais.

hidráulicas¹ como canais, estanques, cisternas, piscinas, etc... Este depósito xa aparece caracterizado en tramos anteriores.

Polo que se pode apreciar, e por comparación co rexistro arqueolóxico documentado noutros xacementos de similares características, parece que estes muros formarían parte duns contenedores ou pías para a salgadura do peixe. Cada unha destas estruturas aparecen colmatadas por pedras, *tégulas* (tellas planas de reborde) e *ímbrices* (tellas curvas)² en diferente grao de rodamiento e fragmentación, carbóns de diferentes tamaños, ósos procedentes de mamíferos e de peixes, podendo ser froito tanto do seu antigo uso mesturado cos derrubos ou/ e da amortización destas estruturas como vertedoiro. Sobre estas estruturas distínguese un amplo paquete de terra non moi orgánica e de gran fino de

características similares ao que aparece selando a fosa que se describiu en primeiro lugar, o que leva a pensar que parece que foi depositado todo ao mesmo tempo coa intención de cubrir estes diferentes elementos construtivos e aplanar o terreo para darlle un novo uso.

Uns metros ao S distinguimos un derrubo recente provinte dun muro de contención tamén realizado con cachotería de granito. Se seguimos observando o perfil na mesma dirección,



Figura 8. Base dunha pía ou depósito revestida con *opus signinum*.

seguiremos apreciando estruturas de diversa índole pero, como xa se resaltou máis arriba, debido á abundante vexetación e á altura que adquieren estas no perfil, non é posible caracterizalas con precisión.




Figura 9. Detalle da cimentación revestida co *opus signinum*.

Procedentes dos derrubos e da erosión constante á que está sometida esta parede do areal, longo da praia e en superficie, distínguense restos materiais construtivos procedentes destas edificacións como *tegulas*, *ímbrices*, pedras de formas escuadradas, así como tamén algunhas pezas de cerámica das que se recolleron varios fragmentos para poder facer unha análise algo máis pormenorizada.

2. 1. O material cerámico³

O conxunto está formado por tres fragmentos cerámicos. Dous de factura claramente indíxena e un fragmento de ánfora romana.

No que se refire aos dous fragmentos de tradición indíxena hai que sinalar que trátanse dun fragmento de bordo e un



Figura 11. Conxunto de materiais cerámicos recuperados no areal de Canexol procedentes das estruturas arqueolóxicas situadas no cantil.

³A descrición da cerámica, así como as hipóteses procedentes desta parte da cultura material foron realizadas polo arqueólogo Marco Antonio Rivas Nodar, adscrito ao Laboratorio de Patrimonio, Paleambiente e Paixase (IIT, USC).

fragmento de panza. O fragmento de bordo defínese tipoloxicamente como *tipo Cíes*. Caracterízase por un labio engrosado. Este tipo de cacharro relaciónase coa tradición alfareira das Rías Baixas. Desde un punto de vista cronotipolóxico o período de maior desenvolvemento deste tipo cerámico dáse entre os séculos IV a.C-II a.C. aínda que hai pervivencias no século I a.C. No que se refire ás pastas deste fragmento de bordo trátase dunha pasta de fractura irregular, con inclusións correctoras de tipo granítico e na que destaca tamén a ampla presenza de chamotas. A proporción das inclusións correctoras é abundante e o grao é grosso. As arestas da fractura son vivas e non presentan restos de feluxe nas pastas. A cor das paredes é regular, presenta unha coloración marrón clara. O interior da pasta é dunha coloración grisácea presentando a sección unha combinación cromática tipo “*sándwich*”. O acabado




Figura 10. Derrubos no areal froito da constante erosión, onde se poden apreciar diversos materiais cerámicos e de construción.

caracterízase por ter un alisado moi basto. A cocción é redutora e é posible que se empregase o torno lento.

O outro fragmento de cerámica de tradición indíxena é un fragmento de panza que non se pode adscribir tipoloxicamente a ningunha tradición alfareira. Desde o punto de vista cronolóxico é unha cerámica que se vincula á Idade do Ferro. No que se refire á pasta deste fragmento hai que dicir que trátase dunha pasta cunha proporción de inclusións correctoras de orixe granítica moi abundantes. Cambia con respecto ao anterior fragmento na materia prima, xa que a orixe das inclusións correctoras desta panza ven da praia, ou alomenos, dunha praia. Aprécianse grande cantidade de fragmentos de mica e feldespato. A cor das pastas é homoxénea. No exterior das pastas presenta unha coloración alaranxada e no interior grisácea. A combinación cromática da sección é igual que o anterior fragmento de tipo “*sándwich*”. O acabado defínese como un alisado basto, se ben hai que dicir que este fragmento está moi rodado á diferenza do anterior fragmento. A cocción é redutora.

O terceiro fragmento procede dunha ánfora que, desde o punto de vista tipolóxico, defínese como unha Dressel 2-4. Trátase do arranque dun asa e parte do colo do cacharro. Defínese como un ánfora de colo troncocónico e labio esvasado. Presenta unha acanaladura na parte superior da asa. A súa cronoloxía sitúase entre o século II a. C e I d. C. A pasta é de cor roxiza-alaranxada. Presenta inclusións correctoras de orixe cuarcítico en escasa proporción e de gran fino. Hai que destacar a presenza de grandes fragmentos de cuarzo na zona de contacto entre o colo e a asa. Finalmente destacaremos que esta zona presenta dixitalizacións producidas no momento de unir a asa ó colo.

3. Problemática arqueolóxica. O mar como recurso na costa galega

A descrición e análise das estruturas localizadas na praia de Canexol lévanos a pensar que, por analogía co rexistro arqueolóxico documentado noutros xacementos de similares características emprazados ao longo da costa parece que, en conxunto, formarían parte dunha factoría romana de salgadura, ou polo menos dun asentamento con algunha instalación de salgadura, localizado nas proximidades do castro e na beira do areal.

Nese sentido, hai que ter en conta os estudos específicos que demostran que a pesca e o marisqueo alcanzaron unha importancia considerable xa na época castrexa como un alimento base da subsistencia dos seus habitantes. O que non quere dicir que os recursos mariños non se tiveran en conta

dende épocas anteriores. Pero si é certo que nestes momentos é cando este rexistro arqueolóxico é moito máis evidente e abundante. A pesca practicaríase nas augas próximas á costa, utilizando anzois e redes, como o confirman os restos paleontolóxicos dos concheiros e os artefactos de pesca atopados nos castros⁴.

Dende o punto de vista historiográfico, o primeiro estudo sobre este tema das salgaduras data de mediados do século pasado cando se escava Troia, en Portugal, iniciándose así unha traxectoria no estudo das pesquerías e das salgaduras. En 1965 será cando apareza un traballo de Ponsí do que arrincarán o resto dos estudos. Traballos como o de Fernández Ochoa (1994) se refiren máis ao N e NW peninsular. Tamén están os traballos de Naveiro López (1991), Castro Carrera (1992), Vázquez Varela (1992) entre outros.

A tradición da conserva do peixe en salgado parece que ven dos púnicos, no século VI a.C. e serán os romanos os que recollerán esa tradición alcanzando con eles os niveis máis altos de manufacturación e comercio. As evidencias arqueolóxicas sobre a industria de salgadura establecen no S da península a clave, a partires de onde se estendeu, en época romana, pola costa atlántica (Naveiro 1991: 101). As importantes factorías que se concentran en torno aos estuarios do río Sado e o Tejo parecen facer de ponte para aproximalo NW á área básica destas producións. Estímase que o establecemento masivo prodúcese entre o século I a.C. e II d.C. sendo no século III e IV d.C cando se abandona esta práctica.




Figura 12. Debuxo da factoría de salgadura de Cariño, Ferrol. O superior correspóndese co corte estratigráfico do perfil costeiro e o inferior coa reconstrución hipotética das estruturas (Naveiro 1991: 104). Polo que se pode apreciar, estas estruturas son moi similares ás atopadas en Canexol.

⁴Para este apartado consultar o artigo realizado por Vázquez Varela et al. (1992) no que se presentan datos e interpretacións arqueolóxicas e paleontolóxicas sobre a pesca no mundo castrexo e romano en Galiza, complementadas á súa vez, con explicacións baseadas en estudos etnoarqueolóxicos.

Dende o punto de vista do rexistro arqueolóxico, nos últimos anos rexistráronse importantes achádegos arqueolóxicos romanos costeiros vinculados á explotación dos recursos mariños (Suárez 2003) que permiten valorar a importancia desta produción no contexto de Galiza. Documentáronse factorías de salgadura no Fiunchal (Alcabre, Vigo), en Punta Borralleiro (praia do Cocho, Alcabre, Vigo), no núcleo urbano de Vigo. Aquí, dentro da área do xacemento da rúa Pontevedra /Areal localizáronse salinas con varios niveis de ocupación. No extremo E da praia de Barra (Cangas) menciónase a presenza de catro lagares de salgadura dispostos en bloque e fabricados en argamasa de tipo romano (Bouza et al. 1971: 65). A Igrexiña (Nerga, Cangas), xacemento relacionado con salinas que abastecerían as instalacións romanas próximas. En Bueu, no barrio de Pescadoira, onde se constatou a existencia dun conxunto de estruturas relacionadas cunha fábrica de salgadura, e de olería posiblemente asociados a unha *villa*. En Adro Vello (San Vicente do Grove) tamén se documentou una pequena fábrica de salgadura onde as especies piscícolas integrantes da última capa de salgado correspóndense con sardiñas e xurelos entre outras. No porto de Vilagarcía de Arousa, na que se documentaron estruturas relacionadas coa salgadura de peixe. E, máis ao N, en Cariño, Espasante (Ortigueira), Bares (Mañón) ou na praia de Area en Viveiro, Lugo, entre outras.

4. Aproximación ás características formais das factorías de salgaduras

Por norma xeral, as factorías de salgaduras de época romana, aséntanse na costa, preto das praias, en lugares abrigados que puideran funcionar como embarcadiros naturais para os pescadores. O seu emprazamento tiña en conta fundamentalmente tres factores: ter bancos de pesca para o seu subministro, a proximidade a regos para o aprovisionamento de auga doce para limpar o peixe e para as fases do salgado, e dispoñer de salinas próximas para

⁵Estes factores tamén foron tidos en conta para a construcións de fábricas de salgadura en época moderna e contemporánea.

⁶A salgadura é o proceso fundamental para a conservación do peixe. Pero tamén elaborábanse outros produtos derivados del como as salsas entre as que destaca o garum; e da moenda do seu esqueleto obtíñase fariña para o alimento dos animais ou como abono para os campos de cultivo.

abastecerse de sal, imprescindible para o proceso de conservación⁵.

As pías de salgadura, cadradas ou rectangulares, son o elemento fundamental destas instalacións, variando o seu tamaño segundo a capacidade de produción da factoría. Segundo o rexistro, poden ser rupestres (onde as pías están escavadas na rocha, polo que non necesitan ningún revestimento impermeable, tendo unha distribución máis anárquica xa que se adapta á configuración da rocha), ou de obra, onde os estanques están formados por muros de cachotería que se cruzan perpendicularmente nun trazo reticular e impermeabilizados con una capa de morteiro de cal e seixo.

Os derrubos documentados nalgúns destes xacementos inclinan a pensar que parte do recinto ocupado por estas estruturas estaría cuberto por un tellado sinxelo a base *tégulas* e *imbrices*.

Como paralelo etnográfico tomamos as descrições feitas por Xaquín Lorenzo (1962) sobre un edificio de salgadura contemporáneo onde resalta a importancia desas instalacións para a economía galega de mediados do século XX. Describe a construción emprazada nun patio rectangular con alpendres ao redor, podendo estar cuberto na súa totalidade con tellados descansando en columnas ou pés dereitos. As pías, pilos ou lagares feitos en cachotería miden 2, 5 m de lado por 1, 5 m de fondo, variando acordo co tamaño da instalación e van provistos de tapas de madeira ou *batiportes* que descansan nuns pontóns que atravesan as pías. En cada fábrica hai tamén un depósito para o sal, almacéns para as barricas, redes e ata unha carpintería para facer o instrumental.

Segundo Campos (1996) o proceso de salgadura en época romana realizábase torando o peixe para despois introducilo nas pías que contiñan auga cunha determinada proporción de sal, manténdoo así durante un tempo ao sol ata que estivera listo para ser consumido ou comercializado⁶. Xaquín Lorenzo describe, unha forma máis complexa para o proceso artesanal da salgadura da sardiña ou xurelo, elaborado nalgunhas das factorías galegas da súa época. Explica que o peixe traíase en pequenos cestos –*os paxes*– que contiñan arredor de douscentos cincuenta pezas cada un. Este peixe deitábase directamente nos pilos, alternando un *paxe* de sardiñas cunha *patela* de sal; a patela é un cesto que contiña unhas vinteoito

AXUDA DE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

libras dese produto. Botábanse de xeito que o peixe e o sal estiveran ben mesturados. Unha vez cheo o pilo cubríase cunha grossa capa de sal e finalmente tapábase coa *patiporte*. O peixe tñíase neste estado, chamando a *chanca*, durante un tempo que variaba de trece días no verán a quince no inverno. Rematado este tempo rompíase a capa de sal formada enriba do peixe e, por ese burato, botábanse sete ou oito *portadeiras* (medio barril de madeira con dous paos atravesados para coller entre dúas persoas) de *salmoira*. A salmoira ou moira⁷ é auga saturada de sal feita noutro pilo. Finalmente, remexíase ben para que todo o peixe se empapara ben coa mestura. Este era o proceso fundamental e do que se collía o nome para denominar o conxunto do das tarefas (Lorenzo 1962: 441-51).

5. Hipóteses arqueolóxicas. O mar como recurso olvidado

Ante os datos presentados, nos que o establecemento romano na illa semella bastante probable, parece unha realidade que na illa houbo unha continua ocupación desde tempos moi lonxanos, como así o testemuñan as evidencias documentadas ata a actualidade, posiblemente con momentos de maior ou menor intensidade, debido a unha serie de motivos, ben sexan sociais, económicos ou culturais e que, polo momento, por unha falla de estudos históricos, arqueolóxicos, antropolóxicos, etnográficos e paleoambientais non é posible averiguar.

Normalmente, nestas fases de ocupación tense en conta unicamente a cultura material produto desa ocupación, pero case nunca se pensa no factor social, en como eran ou de que vivían esas comunidades, e se algo se tende a pensar é case de forma instantánea cara aos recursos agrarios e non cara ao mar, a pesares de estares arrodeados del, e de seguir sendo o recurso motor de moitas das comunidades costeiras.

Se temos en conta o contexto arqueolóxico, Castrelo do Mouros (97 m de altura), atópase a uns 90 m ao W do areal de Canexol, coas terras de labor en forma de amplos aterraxamentos en suave pendente situados na ladeira orientada ao leste do castro. Deste castro sabemos moi pouco agás da súa forma e dimensións e das lendas asociadas. Descoñecemos a súa cultura material e polo tanto todas as interpretacións que derivarían da súa análise, o seu espazo doméstico e as súas áreas de captación de recursos agrarios e gandeiros e, sobre todo, a súa relación co mar. Este último aspecto cobra relevancia ante o rexistro documentado en Canexol. É evidente

o carácter estratéxico do emprazamento de Canexol encol do mar funcionando como área de explotación de recursos dende alomenos a época castrexa (o que explicaría a existencia de material castrexo na praia) é continuaría neste lugar con maior incidencia en época romana ata pasados uns séculos e caer no desuso. Pero o certo é que non dispoñemos de datos suficientes como para valorar esta secuencia de ocupación. O carácter estratéxico ven acentuado pola ideonidade do emprazamento deste xacemento para funcionar como unha factoría de peixe. Sitúase sobre a praia de Canexol, lugar que na actualidade segue funcionando como embarcadiiro natural (especificamente a parte norte do areal) utilizado polos mariñeiros hoxe en día. De feito eles din que o topónimo de Canexol derivaría de *canle* explicando que nesa parte da praia fórmase un canal natural que facilita a entrada e saída de pequenas embarcacións. Tamén hai auga doce cerca, hoxe en día captada por un lavadoiro.

Figura 13. A esquina N da praia de Canexol funciona como un embarcadiiro natural onde hoxe en día seguen a atracar as pequenas embarcacións dos mariñeiros da illa



Dende o punto de vista da cultura material recollida, non cabe dúbida que un conxunto cerámico representado por tres fragmentos cerámicos non aporta ningún tipo de conclusión. É preciso subliñar que os materiais, ao aparecer en superficie, non poden vincularse claramente con algunhas das estruturas anteriormente descritas xa que tamén poden estar relacionados directamente co castro posto que se este se atopa a moi poucos metros desta parte de costa⁸.

En canto á funcionalidade e cronoloxía das estruturas documentadas no areal de Canexol poucas precisións poden facerse con base nos datos actuais. Está claro que non se pode facer unha secuencia cronocultural con base nunha estratigrafía e poñela en relación co material cerámico localizado. O que si é certo que, polas evidencias identificadas, parece que estamos ante un conxunto de estruturas relacionadas cun asentamento costeiro que destinaría a súa produción ao consumo ben local, ben coa península. Pero, a zona visible do xacemento non permite determinar si esas estruturas amortizan estruturas castrexas previas ao

⁷Xaquín Lorenzo suxire que deste nome derivaría o topónimo do barrio pontevedrés da Moureira.

⁸Neste sentido resulta interesante contrastar os datos coa tesis de C. Rodríguez Fernández ou a consulta de traballos recentes coma o de Aboal Fernández, R. e Castro Hierro, V. (Coord.). 2006. O Castro de Montealegre. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos. Ou o de Ayán Vila, X. M. 2005. Os Castros de Neixón. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos.

asentamento romano, se puideron formar parte dunha *villa* ou un pequeno asentamento cun área doméstica que contaría con algúns estanques ou pías de salgadura entre outras construcións, ou ben se constitúen unha factoría illada e esa comunidade estaría asentada no castro... En relación con isto, pouco se sabe sobre a secuencia cronocultural e tipolóxica, tampouco sabemos nada sobre a súa extensión, e que ámbito puido ocupar xa que, pese a estar emprazadas nun rechán antes do descenso á praia, a erosión foi borrando de forma vertical o rexistro.

Encol do emprazamento axeitado para a construción de factorías de salgadura cómpre sinalar a edificación na illa, moi posterior, dunha fabrica de salgadura contigua ao peirao e á praia de Curro⁹ agora desaparecida. Foi nos anos 1835-40 cando se instalou esta fábrica. A actividade dos insulares dirixíase á pesca para subministrar á fábrica. Neste momento constátase a chegada de xentes do Barbanza cun aumento da poboación debido a unha época de mellora económica. Pero parece ser que as irregularidades na pesca da sardiña ocasionaron o declive e o peche da empresa (Vilas et al. 2005: 146). S. Portela (1954: 68) a describe, xa na década dos cincuenta coma “unha construción arruinada, de planta baixa con adintamentos de extensa galería e con vistas ao mar”.

De todos os xeitos, hai que ter en conta que a existencia destas factorías documentadas na costa vinculadas á explotación dos recursos mariños, tanto de salgaduras como de salinas, ten unha serie de implicacións que vai máis alá da conservación do peixe. A existencia destes xacementos leva implícito outro tipo de actividades e de coñecementos relacionados coa pesca, o comercio e o seu consumo e o seu estudo que permitirá valorar a importancia desta produción no contexto de Galiza.

6. Conclusións

É certo que estamos ante unha pequena mostra do rexistro arqueolóxico que contén a illa e, en concreto, esta zona de Canexol e que quizais esteámonos a aventurar con hipóteses arqueolóxicas máis ou menos acertadas do que poden ser os restos documentados e do que representan, pero non é menos certo que se non o facemos estamos obviando parte dun rexistro de por si esquecido.

De feito, practicamente non quedou rastro algún no imaxinario da xente da illa con respecto a este lugar. E dicimos case porque efectivamente hai unha lenda que une de forma imaxinaria e simbólica o castro co illote de O

Cairo¹⁰ situado no medio do mar, enfronte de Canexol, que pola súa forma e tamaño destaca entre o resto. Segundo Irene Patiño Otero, veciña de Ons:

“Eu escoitaba dos antigos que había un túnel que ía dende o Buraco dos Mouros, que baixabas por unhas escaleiras que alí había e ías a dar O Cairo por debaixo do mar. Cando eramos pequenos e íamos co gando a pastar por alí, íamos ó buraco e baixabamos polas escaleiras pero, cando se facía escuro, escapabamos correndo para fora. Escoitabamos da xente que alí estivera que no buraco había moito ouro pero nos nunca o miramos...”

Quizais esas escasa referencias imaxinarias poden deberse a que eses restos foron invisibilizados fai moito tempo. De feito é significativo que nun mapa da illa de 1904, que aparece nunha publicación de S. Mörling et al. (2006), non apareza nada ao respecto e si parte das construcións domésticas que se conservan na actualidade. O amplo paquete de terra que aparece selando as estruturas de Canexol, descrito anteriormente, debeuse de depositar nun tempo no que estas estruturas eran ruínas dun pasado sen ningunha utilidade e polo tanto un estorbo. Posiblemente, coa necesidade de

Figura 14. Vista cara ao S da praia de Canexol co illote do Cairo (indicado cunha flecha) e a illa de Onza ao fondo.



ganarlle terreo á illa racheáronse dándolle un uso a este terreo totalmente diferente. E, ao non se percibir nada en superficie, o tempo propiciou que se borrarán tamén da memoria das xentes.

Xunto a estas dúbidas xurdidas pola escaseza do rexistro dispoñible pero de importancia cultural considerable hai que engadir o mal estado de conservación do propio xacemento por varias razóns:

- Pola súa situación, ao marxe do cantil do areal, facendo que sexa unha zona especialmente sensible á erosión. De feito, aprécianse derrubos actuais, xa que na area hai restos dos muros e de materiais asociados á actividade realizada nesa construción.

⁹Denominada tamén praia das Dornas.

¹⁰Poderíase pensar que o seu nome de Cairo derivaría da súa forma de peñón cunha característica forma de dente canino, que en galego denomínase *cairo*.

• A situación de emerxencia provocada polo desastre do *Prestige* fixo que, ademais de que nos perfís poidan ver restos de chapapote, se construíse unha nova vía de acceso á propia praia, e que coincide coa zona onde as estruturas construtivas son máis senlleiras e abundantes. Consta dunhas escadas formadas por troncos fincados no perfil e apoiadas con material procedente da zona.

Neste sentido, considérase que se non se actúa dalgunha maneira perderase unha boa parte da historia e, en definitiva, parte da identidade dos seus habitantes.

Por outra banda, non debemos esquecer que este é unha entidade máis dentro dun amplo rexistro cultural que con seguridade contén a illa. Esa paisaxe natural foise conformando ao longo do tempo nunha paisaxe cultural onde a propia natureza, o compoñente material resultado da acción

das actividades humanas en diferentes épocas e o compoñente inmaterial ou intanxible, xa máis alá do obxecto rexistrado, foise formando un entramado de relacións sociais e culturais, e de coñecementos vinculados a esa materialidade, a partir da cal se constrúe a cultura dunha sociedade. Non hai paisaxes naturais, que todo o que vemos son paisaxes antrópicas modificadas, construídas, usadas e semantizadas polas xentes para establecerse, vivir nelas e delas o longo do tempo. Hai unha paisaxe castrexa, hai unha paisaxe romana, medieval, e unha paisaxe tradicional agrícola, gandeira e pesqueira. Como di Staffan Mörling (2006) “O par de vacas, o xugo de bois e a dorna eran as bases da economía do fogar da illa”. Son os tres elementos que posiblemente estiveron presentes dunha ou doutra maneira ao longo do tempo. O que si parece certo e que a maior parte dese patrimonio está por descubrir.

Agradecementos

Ao mar, á illa... aos isleños, a Ángela e a Pedro... porque con eles descubrín outra illa.

7. Bibliografía

- Aboal Fernández, R. e Castro Hierro, V. (Coord.). 2006. *O Castro de Montealegre*. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos.
- Alonso Romero, F. 1981. Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y Sálvora. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXII, 285-306. Instituto Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.
- Ayán Vila, X. M. 2005. *Os Castros de Neixón*. Noia, A Coruña: Editorial Toxosoutos.
- Ballesteros Arias, P.; Criado Boado, F.; Andrade Cernadas, J. 2006. Formas y fechas de un paisaje agrario de época medieval: A Cidade da Cultura en Santiago de Compostela. *Arqueología Espacial*, 26 Teruel.
- Blanco Chao, R. e Costa Casais, M., 2001. Influencia de formas y depósitos antiguos en la dinámica litoral: un ejemplo de la costa sur de Pontevedra (Galicia). *Actas del XVI Congreso de Geógrafos Españoles*. Univ. de Oviedo, CeCodet; AGE, GEA, pp. 137-140.
- Bouza Brey, F.; Álvarez Blázquez, J. e Massó Bolívar, E. 1971. Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXVI, 64-81. Instituto Padre Sarmiento. Santiago de Compostela.
- Campos, J. M.; Pérez, J. A. e Vidal, N. O. 1996 (e.p.a.). Las industrias de salazones del litoral onubense: el caso de El Eucaliptal (Punta Umbría Huelva). *Actas Segundo Encontro de Arqueología do Sudoeste*. Faro.
- Campos, J. M.; Pérez, J. A. e Vidal, N. O. 1999. *Las cetariae del litoral onubense en época romana*. Huelva. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva.
- Costa Casais, M. 1995. *Formas e procesos costeiros nun sector da costa Occidental Galega (Fisterra-Corrubedo)*. Depósitos costeiros e evolución xeomorfolóxica. Memoria de Licenciatura. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.
- Das Casas, A. 1934. A illa de Ons. *Rev. Nós*. T. II. Seminario de Estudos Galegos. Santiago.
- González-Alemparte Fernández, J. M. 2003. *Crónicas históricas de las islas Cíes. (De mitos, ermitaños, piratas y mar por medio)*. Betanzos, A Coruña: Briga Edicións.
- Hidalgo Cuñarro, J. M. 1990-91. Últimas excavaciones arqueológicas de urgencia en Vigo: castros y yacimientos romanos. *Castrelos*, III-IV: 191-215. Vigo: Museo Municipal “Quiñones de León”.
- Lorenzo Fernández, X. 1962. Etnografía: cultura material. En R. Otero Pedrayo, *Historia de Galiza*. Tomo II. Buenos Aires: Editorial NÓS.
- Lourenzo Fernández, X. 1934. Notas do meu diario arqueolóxico. *Revista Nós*, tomo XI, nº 130.
- Mörling, S.; Otero Patiño, J. e Mörling, M. 2006. *A Illa de Ons, unha cultura, unha identidade*. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- Naveiro López, J. M. 1991. *El comercio antiguo en el NW peninsular*. Nº 5. Museo Arqueolóxico de A Coruña.
- Portela Pazos, S. 1954. Apuntes para la Historia de la Isla de Ons. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo IX, 35- 73. Santiago de Compostela: Instituto Padre Sarmiento.
- Rodríguez López, C. Aproximación ao estudo da explotación do mar na Galicia Romana. En: *Galicia: da romanización a xermanización. Problemas históricos e culturais en Homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973)*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Suárez Piñeiro, A. M^a. 2003. La explotación del mar en la Galicia romana: El ejemplo de las instalaciones de salazón. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, nº 116, tomo I. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- Vázquez Varela, J. M. (Coord.) 1990. *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Vigo: Exma. Diputación de Pontevedra. Servicio de Publicaciones.
- Vázquez Varela, J. M.; Rey Salgado, J. e Camino, M. 1992. La pesca en el mundo castreño y romano de Galicia. En: *Galicia: da romanización a xermanización. Problemas históricos e culturais en Homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973)*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Vilas, A.; Gamallo, M.; Framil, J.; Bomache, J.; Sanz, K.; Lois, M. e Toubes, M. 2005. *Guía de visita do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*. O. A. Parques Nacionales.



PONTEVEDRA: BASÍLICA DE SANTA MARÍA

Por: Pepy Clavijo

Alguén a chamou “Das vinte bóvedas”. É o edificio galego no que concorren todas as novidades que marcan o paso da etapa do gótico ao proto-renacemento plateresco.

Foi construída co esforzo e os cartos dos pescadores, que reservaban unha parte dos seus beneficios para a realización desta magnífica obra. Cando no 1551 escaseou a pesca da sardiña as obras paralizáronse. A construción iniciouse na segunda década do século XVI, pechándose as bóvedas o ano 1559; nesta primeira época dirixiu as obras o mestre Juan de Cuetos.

A fachada comezouse en 1544 e en 1570 trazouse o coro. A torre das campás tardaría moitos anos en rematarse.

O retablo que se constrúe en 1623 derribouse nos primeiros anos do século XX e foi substituído polo actual que é obra do Magariños ao igual que o púlpito.

Consta Santa María de tres naves e tres portas de entrada: a sur, na praza de Alonso Fonseca é a máis usada; á súa esquerda atópase a capela do “Cristo del Buen Viaje”, moi venerado na cidade e visitado por aqueles que por traballo ou divertimento deben poñerse ao volante durante todo o ano.

A porta norte é a que dá ao Campillo, e a porta oeste é ese gran retablo pétreo, obra de Cornelis de Holanda e de Juan Nobre.

A crestería que circunda toda a parte superior da Basílica constitúe unha filigrana que asemella un encaixe de pedra.

Imos a facer a visita interior entrando e saíndo pola porta sur. Á dereita atopamos o altar da Virxe do Carme, San Antonio e Santa Rita; síguelle a capela dos Neto e Colón. Nela atópase un altar da Virxe co seu fillo nos brazos e pódese ler unha inscrición con letras góticas que di: “Os do cerco de Juan Neto e Juna Colón fixeron esta capela”. Nesta capela existiu un retablo de madeira e o nicho de pedra divo?? relevos con adornos barrocos.

Xa fóra do altar hai, ás veces, unha imaxe de Xesús atado á columna.

Segue a capela da Purísima ou da Concepción. Nela hai un retablo de madeira con cinco táboas, obra do portugués Atayde, de principios do século XVI.

Nun altar de pedra atópase a Virxe de Covadonga. Na parte dereita vemos un escudo con seis cuarteles e coa seguinte inscrición: “*Estas armas son de D. Diego Arango y Soto Mayor, y primer regidor más antiguo desta villa. Primero patrono de esta capilla*”.

Ven a continuación a capela do Pilar que pertence á familia Araujo Abreu; dous dos seus membros foron rexedores da cidade.

Pasamos agora ao altar barroco do Cristo. É unha imaxe do século XVII, obra de Ferreiro. A ambos lados do Cristo atópanse as imaxes de San Telmo e San Pascual Bailón.

É unha capela que foi fundada pola familia Barbeito de Padrón, segundo a inscrición datada en 1525, nela están soterrados os fundadores D. Juan de Barbeito e a súa esposa Teresa Álvarez de Figueroa.

Chegamos xa ao altar maior cun magnífico retablo de castiñeiro e nogueira, obra realizada polo tallista santiagués Magariños nos primeiros anos do século XX.

Destaca no centro a Asunción da Virxe rodeada de apóstolos e anxos. Na parte superior o Padre Eterno e, á dereita e esquerda atópanse dous baixorrelevos que representan a Anunciación e a visita da Virxe á súa curmáñ Santa Isabel.

Diante do altar maior e nas columnas que sosteñen a bóveda destaca no lado do Evanxeo o púlpito, obra tamén de Magariños e no lado da Epístola unha peaña que sostén unha talla da Virxe co neno. É unha peza de grande valor.

Pasamos a continuación a describir os altares da esquerda e atopámonos ante o altar da Santísima Trindade no que destaca a imaxe do Padre con Xesús á dereita e na parte superior o Espírito Santo en forma de pomba.



Basílica de Santa María. Pontevedra



Vinilo

Bar de copas e conciertos
Rúa da Praza OGROBE

A modo de Sagrario atopamos o Arca de Noé cunha talla da Virxe e o neno considerada de grande valor.

A ambos lados atópanse as imaxes de San Pedro e San Pablo. Posiblemente foron soterrados nesta capela os pais dos ilustres mariños Irmáns Nodal.

Encontrámonos a continuación cunha das capelas laterais da esquerda do altar Maior, é a chamada de San Xosé. Ademais do Santo, que está nun sepulcro de pedra, vemos dous soterramentos, posiblemente da familia Pereira de Sangos ou Pereira de Castro; tamén houbo unha lápida con inscrición xunto ao escudo.

Na seguinte capela vénrase á Virxe de Fátima e a San Miguel. A talla da Virxe atópase nun altar policromada, fronte a ela, en fornela de pedra San Miguel, tan vinculado ao gremio de mareantes. A confraría de San Miguel era a encargada dos soterramentos dos agremiados polo que se acostumaba a pagar a chamada "Lume de San Miguel".

É a capela do Perpetuo Socorro a seguinte neste percorrido polo interior da Basílica, capela que estivo dedicada á Natividade.

Ao contrario de outras representacións do Perpetuo Socorro que son en forma de cadro, esta de Santa María é unha imaxe de corpo enteiro. Hai tamén un soterramento con escudo e unha inscrición que di: "*Éstas son las cimer e a fin. Ber da // La qual es tomo por bandera en la mi // fin postrimería*".

Pasamos polo interior da porta norte e atopamos o altar da Virxe das Dolores, con retablo de estilo barroco, na parte inferior do mesmo. Nunha urna de cristal hai un Cristo xacente.

Seguimos cara á esquerda e estamos ante o altar de Santa Bárbara, patroa de artillería, por iso ten un castelo e unha bomba.

A porta oeste ten dentro da Basílica, ademais do rosetón, un Cristo Crucificado coas Santas mulleres a ambos lados e unha serie de inscricións referentes á vida de Santos ou aos pecados. Tamén podemos ver a representación máis antiga da cidade nos relevos que mostran a muralla e o río.

Sigue, antes do baptisterio, un cadro de Xesús crucificado, moi similar ao de Velázquez. No baptisterio atópase a pía de mármore, traída polos mariñeiros dende Italia.

Un cadro do irmán Rafael Arnáiz Barón, patrón das rutas do románico, obra do pintor pontevedrés Rogelio Lorenzo. Na parte inferior do cadro atópase unha reliquia do beato, vida expresamente dende Roma.

Finalmente o precioso Cristo coa Cruz a costas que sae ás veces nos carteis de Semana Santa

Saímos pola porta sur e imos a dar a volta á Basílica. O primeiro que atopamos é unha imaxe da Virxe da O, patroa da cidade e, baixo a mesma un soterramento que se di pertence a Alfonso de Baltuino.

Pasaremos polo exterior da porta norte para deternos na magnífica fachada oeste, retablo pétreo. Nela podemos admirar de abaixo cara arriba, á dereita San Pablo, Felipe II, San Jerónimo (coas gafas), e Santa Bárbara; á esquerda San Pedro, Carlos V, Santa Catalina e San Gregorio. Enriba da porta, a morte da Virxe, con San Marcos e San Lucas (dous dos evanxelistas), os outros dous, San Mateo e San Xoán atópanse un pouco máis arriba, os catro en medallóns con forma de cuncha de vieira.


Se seguimos elevando a nosa mirada, encontraremos o rosetón e a ambos lados dous bustos que se cre que son de Hernán Cortés e de Colón. O rosetón aparece rodeado de anxos en

representación do ceo. Enriba encóntrase a Asunción da Virxe e máis arriba a santísima Trindade (curiosamente co fillo á esquerda), segue unha preciosa crestería que rodea toda a Basílica, a modo de encaixe, para rematar a fachada co calvario, a cruz no centro e a ambos lados a Virxe e San Xoán.


Non podemos esquecer que paralelos á Trindade atópase Teucro (o mítico fundador da cidade), e San Miguel.

A igrexa de Santa María foi consagrada Basílica o 10 de xaneiro de 1962 por disposición de Xoán XXIII.

Baixamos as escalinatas para poder contemplar con maior perspectiva a monumental obra da fachada principal e despedímonos ata un próximo número onde mostrarei outra das nosas igrexas pontevedresas.



Fachada exterior. Detalle de San Jerónimo con gafas.



MARISCOS
COCIÑACASEIRA
VIÑOS DE GALICIA

Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)

OUTRAS CRENZAS POPULARES

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

A crenza xeral de levantar a “paletilla” chegou a ser sinónimo de atopar un benestar de repente como por exemplo: “vivía moi mal pero co que herdou levantou a paletilla” e outras máis que se utilizan neste sentido, por veces, como frases feitas. Así mesmo tamén se usa como curación dun mal do corpo ou dunha enfermidade. Este último levantamento da “paletilla” sempre me trouxo intrigado de saber, con máis ou menos certeza, como era iso. O que puiden saber ao respecto é o que sigue:

Hai un tempo atrás cando alguén tiña un mal raro, un mal que quitaba o ánimo, producía tristeza, un mal adelgazante, con falta de apetito e co que nada máis que se tiña gaña de estar sentado, deitado ou escondido pois ata a conversa dos máis achegados aburrían e molestaban. Dicíase entón que se tiña unha doenza botada por unha meiga, un feitizo, que se coñecía por todo Galicia polo nome de “paletilla”.

A sintomatoloxía é idéntica a unha enfermidade que hai hoxe, igual máis que nunca, nesta sociedade moderna pero a que non se lle chama senón “depresión” resultando moi difícil de curar e sendo moi latoso e complicado o seu tratamento.

Da “paletilla” tense falado moito. Dicía a xente que era ignorada polos médicos que non a tiñan en consideración de enfermidade. Pola contra, resultaba moi coñecida polos chamados curandeiros ou menciñeiros que dicían que vén sendo un óso que está na boca do estómago e que se move dentro sen ter ningún punto de apoio. É dicir, está solto pero ten o seu sitio determinado e cando,

polo que sexa, sae de alí produce esta terrible enfermidade de desesperación e inquietude, na que non se ten humor para nada e cada día vanse as forzas a menos. Ao moverse cara a arriba din que oprime a “arca do sangue” e aprisiona á persoa ata incomodala completamente e ata se reflicte a enfermidade na cara.

Quen contraía este mal non ía ao médico por considerar que esta non é unha enfermidade propiamente senón un mal motivado pola envexa dos veciños que lle desexan a un o peor. E así, chegado o momento, procedía facer o proceso para sandar ao

enfermo. Hai que ir, entón, a buscar un curandeiro quen, unha vez chegado comeza a súa faena. Deume información sobre este procedemento dona Encarnación Patiño da parroquia de Noalla, Sanxenxo, pois ela realizouno con certa frecuencia na Illa de Ons, dicíndome que era así:

- “Mándase tombar o enfermo no chan sobre unha superficie lisa e dura. Logo cóllenselle as mans e lévanse para diante e para atrás, para a dereita e para esquerda. Mídese a lonxitude dos brazos e dásele unha forte sacudida e vólvese a tirar de novo dun

lado para o outro e de arriba para abaixo. Hai que mirar de novo erguendo ao deitado para volvelo tombar e vólvese a medir os brazos e darlle unha nova sacudidela que o faga estremecer, entón debe escoitarse un estralo e xa está”.


Para rematar o curandeiro debe estenderlle os brazos ao doente e mirar se coinciden os dedos de cada man, que deben coincidir se a “paletilla” está curada. De seguido continuou informándome:

- “Ao tempo hai que dicir unhas palabras que son o ritual pero son secretas e non se poden dicir a ninguén”.

Rematado este rito sandador procede deitar, con toda precaución, ao enfermo para que a “paletilla” non volva a caer. Debe permanecer deitado na cama a lo menos unha semana pero mellor se son quince días. O menciñeiro, mentres o enfermo estea xa na cama debe ir visitalo cada dous días e dicir outras palabras secretas, que só coñece el, que non llas pode dicir a ninguén pois, nese caso, perden a virtude de curar. Só llas pode transmitir a outra persoa que viva moi lonxe do lugar

e que non vaia, baixo motivo ningún, a curar ao sitio onde as aprendeu. Se isto acontece, ámbolos dous quedan desposuídos da súa arte e perden os seus poderes para sempre.

O doente, nos primeiros días, debe de comer unha galiña nova e saborear o seu caldo regado con un bo viño. Nos días seguintes xa pode comer carne de tenreira seguindo co viño, para rematar nos últimos días con carne de porco que non sexa touciño, sendo a mellor a costela, o xamón e o chourizo sen esquecer, tampouco, uns bos grolos do viño.



Encarnación Patiño procedendo a levantar a paletilla a un suposto enfermo.

Non faltan versións que din que este padecemento é bastante común nas mozas que son abandonadas polos seu noivos pola envexa dunha veciña. Houbo un curandeiro que acadou unha grande sona por mor do levantamento da “paletilla” dunha moza á quen conseguiu curar sen lle por a man. Sandouna de todo visitándoa cada tres días para lle dicir as palabras do ritual, dándolle unha boa comida e gardando repouso. Tanta sona colleu este home que os pacientes formaban unha longa fileira para ser tratados por el. Pasaban por quenda, facían os exercicios de rigor e ao escoitar o estralo, entón pagaban e marchaban contentos e convencidos que se non fora polo poder do curandeiro a súa enfermidade non tiña remedio.

Ao parecer os verdadeiros curandeiros teñen a m p l o s coñecemento da linguaxe chamada o Verbo Xido dos Zurregos, que é un dos idiomas das meigas e trasnos. Nesta linguaxe soamente poden comunicarse entre eles os diferentes procedementos curativos.

Rematada esta cuestión imos pasar a outro tema t o t a l m e n t e diferente no que



O Trasno. Debuxo de Luís Cid

veremos a maneira de botar fóra da casa o trasno.

Hai familias que son moi malpocadas sen sorte, con desgrazas persoais, morte de animais e que ao remate non poden levantar cabeza ben por unha causa ben pola outra. Non hai operación que lle saia ben e viven aflixidos, acomplexados, tristes e chorosos mirando o porvir como unha eterna desgraza e crendo, a ciencia certa, que realmente a vida ven sendo un val de bágoas. Miran a fatalidade como un sino co que están marcados e consólanse manifestando as súas desventuras no momento que poden facelo e desafóganse das súas penas cando atopan persoas axeitadas do seu agrado ás que contarlle as desgrazas.

Houbo quen, pasándolle isto, creu que o mal estaba onde residían, e desprazouse cos seus a outros lugares pero a fatalidade acompañábaos e por moito que se esforzaban nunca conseguían deixala atrás.

Así hai quen lle atribúe tanta mala fortuna a envexas, malquereres, males de ollo, etc., que lles habían de ser botados, por medio de feitizos, a través dunha meiga ou bruxa, dun trasno, dun demo, etc., sen dúbida influencias funestas que forman parte da súa vida que fan que esta sexa pobre, triste e desgraciada,

asumindo eles, coa tranquilidade que da o fatalismo, todo o que lles pasa.

Os curandeiros ou mulleres sabias son os que saben como librar estas sortes en ocasións, se o azar lle resulta favorable, mediante uns rituais e coa confección duns preparados axeitados a cada caso.

Fai bastantes anos Rosa, a Sabia, - feito que quedou escrito e deixou gardado nos seus documentos particulares o cóengo da Catedral de Tui don José Alonso Estévez - mandoulle facer o seguinte a unha familia desgraciada veciña nosa:

“Para librar a casa dese fado perigoso deben arrincarse unha follas de abeleira e loureiro. Dentro dun xerro de cristal colócanse unhas brasas acendidas e sobre elas hai que por as follas. Cando comezan a arder votan un fume e uns vapores que fan rebentar o xerro. Neses mesmos intres hai que recorrer a casa a modiño dicindo: ¡Estrelas do ceo, peixiños do mar, ventos do monte levade con vos os espíritos que habitan nesta casa para os reinos onde fagan falta. Traede para este fogar espíritos bos para que entre nela a tranquilidade e a bondade. Facede que se acabe a miseria e que comecen os días de abundancia!”.

Rematada esta pregaria as cinzas deben ser botadas nun regueiro que leve pouca auga para que non as arrastre moi rápido senón, pola contra, que as vaia levando de vagar, paseniñamente, levando no medio o trasno ben mollado e cheo de frío para que non teña forza para volver atrás de novo.

Pero no caso de que realizado o anterior no se acadaran os efectos desexados ou por si se perdera algunha palabra do ritual cumpre facer o seguinte:

“Vaise á primeira feira do mes e mércase unha ovella vella e xa antes de chegar á casa deixase a pastar nunha finca propia. Pola noitiña vaise buscar pero non hai que metela na corte e pola mañá levala a pastar a outra finca diferente e así tódolos días ata ter pasado pola totalidade das fincas pertencentes á casa. Pasada a ovella por todas métese no cortello e alí hai que lle botar de comer outros tantos días como foron os do percorrido polas veigas. Se a ovella engordou, non colleu catarros nin está coxa é sinal de que o trasno anda moi lonxe. Pero o caso é e que pode vir transformado nun año. Para evitalo hai que ir de novo á feira e nese caso comprar un castrón co que se fai a mesma operación que coa ovella”.

Facendo iso si que, se todo resulta ben, o trasno non volverá nunca a esa casa.

Esta segunda parte do remedio ten os seus perendengues, digo eu, xa que aínda que se teña a casa no rural resulta máis complicado ter corte ou cortello en uso. Atopar unha ovella vella na feira ata pode ser, pero atopar un castrón en venta nunha feira debe ser difícil de verdade, pero... como di o refrán: “O que algo quere, algo lle custa”.

Aparte destas crenzas existen moitísimas máis espalladas pola nosa comarca e por Galicia enteira que trataremos, se cadra, en vindeiras ocasións.

VAI DE POLIQUETOS: ¿O QUE?

Por: Ricardo Arnaiz Ibarrodo

¡Si! Liches ben: PO-LI-QUE-TOS, está ben escrito. É o nome co que a bioloxía denominou a un conxunto de animais aos que o común dos mortais, por estas terras, coñece co nomes tan prosaicos como bicho, bichoco, miñoca, “gavilán”, senrada, “gusana”, mangón.... GUSANO. ¿Xa caíches? O nome quere dicir moitas (“poli”) serdas ou pelos (“quetas”) e alude a que este grupo de vermes presenta numerosos “pelos” ao longo do corpo. O dicionario da lingua española (2005 Espasa-Calpe S.A. Madrid) na súa segunda entrada defíneo como: “Clase de gusanos anélidos, predominantemente marinos y unisexuales, de cuerpo cilíndrico, con branquias, anillos provistos de numerosas cerdas llamadas quetas y una región cefálica diferenciada con ojos y tentáculos.”. Está claro?

A administración podería ter atopado un nome máis próximo á linguaxe común, aínda que por unha vez poderíamos darlle a razón e considerar que, polo menos, define con concreción aquilo ao que quere aludir. Veremos o que se lle ocorre cando se comece a explotar outros vermes que non sexan poliquetos.

Ben, ¿E que pode interesarlle á administración isto dos poliquetos? ¿Para que quere meter o fociño neste tema? Pois... a parte de para tocar o nariz ao persoal, que tamén, para regular unha actividade, que como todas as humanas que derivan en lucro, vólvense perigosas para ese algo ou alguén. Neste caso lexislou para evitar que un recurso máis, explotado polo home, sexa espoliado e levado á case desaparición.

O mar non é fonte inesgotable de todo tipo de seres que serven de alimento ou de abono ou do que sexa, como se veu dicindo incansablemente por todo tipo de “sabios”. Certamente outro tipo de “sabios” defendeu e segue preconizando que a vida no mar estase extinguindo a causa da sobreexplotación e a contaminación. Desastre, hecatombe, fin do mundo ¡Agoireiros! Ni tanto nin tan calvo, dificilmente no mar unha especie se extinguirá por sobrepesca, pero si que poderá

diminuír ata o punto de volverse rara ou sumamente escasa, e polo tanto a súa extracción volverase antieconómica, e unha vez máis unha riqueza, unha galiña dos ovos de ouro volatilizarase (¿pillas?).

Este non é o caso da miñoca, polo momento, pero tampouco parecía que a sardiña, a pescada ou o ollomol foran resultar tan escasos, especialmente nalgunhas campañas, e fíxate como están as súas pesqueiras. O ollomol especialmente está baixo mínimos e a pescada xa non existe, só hai pescadiña, non hai unha que chegue a vella.

Desgraciadamente para eles os poliquetos alcanzan uns prezos que non os queren para si outras especies. Mellor pasar desapercibidos, porque aquilo do que se pode sacar beneficio teno claro. Quédalle pouco.

Para exemplos vallan a angula que se pagou, a unha media, este ano de 2007 a 450 € o quilo, o camarón a 33, o percebe a 32 e o ollomol a 10, por citar só unhas poucas especies. Comparativamente a miñoca captúrase unha a unha e véndese, tamén por unidade, a prezos de 0’05 a 0’21 €/bicho dependendo da especie. Como cada exemplar pesa 3 e 15 gramos resulta que o quilo saenos a entre ¡17 e 40 €!, nalgúns casos chegou a 120 €. ¿Paréceche un motivo suficiente para que o persoal se tire en prancha a por el e non deixe nin raspa?

Arenícola mariña



Táboa comparativa entre diversas especies de poliquetos e outras de alta cotización. Prezos medios e máximos en primeira venda. Tamaño relativo e pesos.

Nome científico	Nome común	Peso medio (gr)	Lonxitude (mm)	Prezo medio (€/u €/kg)
Arenícola mariña	Mangón, butifarra miñocon (lira)	7 Ata 30	120 Ata 400	0.12 €/u → 17 €/kg
Hediste diversicolor	Gusana vermella ou gusana de fango; saltarina, papona	3	60-70 Ata 12	0.05 €/u → 18€/kg
Lumbrineris impatiens	Gavilán; tripa (lira);		250 Ata 500	0.17 €/u
Diopatra neapolitana	Gusana ou miñooca de tubo ou de canutillo; casulo	5 - 10 -15	20 Ata 500	0,21 €/u → 40.4€/kg Máx. = 120 €/kg
Pollicipes pollicipes	Percebe	10	42 Ata 130	32 €/kg Máx. = 307
Palaemon serratus	Camarón			33 €/kg Máx. = 235 €/kg
Pagellus	Ollomol	1000 gr		10.6 €/u → 10.6 €/kg Máx. = 68 €/kg
Anguilla anguilla	Angula	0,33	70	450 Máx. = 1000 €/kg

É por iso que a administración (¿Que será iso?) lexislou sobre a explotación de estas especies, para sentar unhas bases mínimas para ordenar a súa extracción e tratar de impedir a sobreexplotación destes recursos. Naturalmente ao pescador acostumado toda a vida a buscar o cebo por si mesmo amolárono porque xa non pode ir collela cando e onde queira, pero ao señorito que pode pagalo a medida veulle estupendamente, xa que en calquera momento pode achegarse á súa tenda favorita e adquirir as unidades que queira, no seu envase preparado e con exemplares en perfecto estado. Incluso os pode elixir un a un das bandexas do viveiro. Por iso a recolección de poliquetos vai camiño de converterse en Galicia nun bo negocio. Hai mercado tanto nacional como internacional. Vamos con atraso pois noutras zonas e países o tema está tan desenrolado que incluso cultívase, ¡Si, hai acuicultura de bicho!


O prexudicado, que prefire pescar el mesmo o seu cebo, ten dereito, en teoría e por estar en posesión da súa licenza de pesca, a poder coller 50 unidades por día na praia para o seu uso particular sen ter que facer desembolso de cartos. Na práctica este dereito case non existe xa que non pode extraerse cebo nas zonas nas que se practica o marisqueo

tradicional, é dicir onde existen Plans de explotación autorizados cada ano pola administración. Mariscadores e vixiantes de confrarías encárganse de que ninguén baixe aos “seus” areais a extraer nada por temor a que alguén poida por “despiste” levarse ameixas ou berberechos perdidos entre a miñooca, incluso en zonas onde esta non se explota. O desenlace soe saldarse incruentamente pero cunha forte frustración por parte do pescador de caña.

Os poliquetos tamén, ao igual que o marisqueo, están sometidos a plans que regulan cada ano a forma, as cantidades por mariscador, as especies, os horarios, o calendario e as zonas onde se extraerán, polo que tampouco o que recolecta poliquetos, o poliqueteiro ¡Manda carallo!, non pode tampouco estar autorizado a recollelos en calquera época e cantidade.

A Arenícola e o Hediste extráense a pé nos areais mediante pala, sacho ou forca, cavando a area e tomando un a un os exemplares enteiros e en bo estado que logran desenterrarse. A Diopatará ou verme de tubo extráese mediante sal e esperando pacientemente a que saia para podela atrapar no intre no que saca a cabeza do tubo para, cun rápido e hábil movemento, agarrala cos dedos cubertos de guante de tea.

Arenícola ou mangón e "churriño" de area expulsado polo ano ¡que fino!



Algúns intentan facelas saír do seu tubo botándolles areñas pola boca do tubo e esperando sufridamente a botarlles o guante. A Lumbrineris ou gavilán recádanse mediante mergullo removendo a area e baixo as pedras.

Algunhas agrupacións de mariscadores vende o produto directamente a compradores especializados. Outras dispoñen de acuarios ou viveiros adecuados ás necesidades destes animais dotados de todos os sistemas necesarios para garantir a calidade da auga, a súa temperatura, filtrado, niveis microbiolóxicos, etc., para manter por longos períodos de tempo os vermes en perfectas condicións e expostos en bandexas e separados por especies e tamaños para a doada elección por parte do pescador de caña.

Falemos agora do papel que desempeñan estes animais na natureza. Xa Charles Darwin dedicou un libro completo a uns parentes terrestres dos nosos amigos os poliquetos, as modestas e laboriosas miñocas de terra. Nel analiza o traballo que levan a cabo de mesturado de terra, levando materia orgánica dende a superficie cara abaixo, aportando nutrientes e formando o solo. Logrou describir como ao longo duns anos o solo fértil elevábase nos campos, como un pedregal podía converterse en fértil e rica terra por efectos destes animais. Comprobou que nunha hectárea podían vivir dunha a dúas toneladas de exemplares, é dicir entre



Hediste diversicolor



Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931- Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

cinco e dez millóns de miñocas capaces de remover e facer pasar a través do seu tubo dixestivo 250 toneladas de terra anualmente. Forman solo, airéano e enriquecéno. Ata que este xenio da bioloxía non se decatou do beneficio que para o home e os seus cultivos, tiñan as miñocas de terra, os agricultores dedicábanse a intentar eliminalas dos seus campos pois pensábase que comían as raíces das súas plantas. Na actualidade hai granxas dedicadas exclusivamente ao cultivo de miñocas de terra, aínda que non da mesma especie que a que coñecemos nos nosos campos, e que se venden aos agricultores para sementar campos.

Pois de igual maneira os poliquetos traballan, removen, airean os areais e lameiras das nosas costas. Algunhas especies toman os materiais orgánicos da superficie e entérranos en capas máis profundas, mentres que outras realizan o traballo oposto trasladando materiais ata a superficie. Hediste airea os solos que doutro modo estarían totalmente reducidos e negros, é dicir sen osíxeno algún por consumilo totalmente as bacterias que se alimentan da materia orgánica destes solos. Así grazas ás súas tobeiras verticais fan circular a auga con osíxeno por elas e osixenan a area. Isto pode apreciarse ao cavar o terreo no seu hábitat, onde se observa que o conduto onde viven ten as paredes de cor claro (area osixenada) mentres que o resto é absolutamente negro (anóxico, sen osixeno). Arenícola transporta a materia orgánica que cae na súa tobeira a través do seu dixestivo, dixeríndoa e expulsándoa novamente na superficie formando eses característicos montonciños como de *churriños* ou espaguetes enrolados.



Finalmente gustaríame facer algunha consideración que algún pensará que está fóra de testo pero que creo que merece a pena nunha época tan cambiante como esta na que se legisla de case todo.

Refírome a que xa existen leis sobre o benestar dos animais (aínda que

o dos humanos parece que non teña moita importancia).

Os animais deben ser sacrificados sen sufrimento e co mínimo de estrés, deben ser

transportados en condicións adecuadas sen amoreamento ou condicións de excesivo

frío ou calor, incluso non deben estar encerrados durante máis

dunhas horas estipuladas. Nesta época digo, podemos seguir

disparando aos animais ou arpoalos sen atrancos (eu mesmo practiquei

a caza submarina durante anos e se non o fago agora é porque non estou

en forma, non porque non me apeteza seguir exercéndoa). Incluso no caso

dos poliquetos, dos que hoxe tratamos, capturámoslos delicadamente

e mantémolos nas mellores condicións que podemos para que se atopen en


inmellorable estado cando ¡vivos! os ensartamos nun anzol ou nunha agulla,

segundo os métodos, para que sirvan de cebo e sexan comidos ¡vivos! polos

prezados peixes que ansiamos. ¿Contradicións? Pode ser, en calquera

caso tema para pensar.

¿Imaxinas a un poliqueto xigante que collera pola cabeza, cha apertara ata que abriaras a boca e botaras a lingua para a continuación ensartarte ou empalarte coidadosamente para que duraras vivo o maior tempo posible nun afiado anzol ata sacarcho polo cu? O famoso Conde Drácula ou Vlad “El Empalador” debía ter complexo de poliqueto.



ONS, MEU PARAÍSO DE ONTE (VII) PROMESAS DE MISTER MARSHALL

Por: Julio Santos Pena

O verán esmorecía e a Natureza daba os primeiros sinais de estremecemento ante a inminente outonada. Os días eran xa máis curtos e a Illa volvía a ser nosa, afastados xa os contados veraneantes que daquela pasaban nela todo ou parte do estío. Corría xa a segunda quincena de setembro e rebulían pola escola os nenos e nenas que retomaban a normalidade cun tempo climatolóxico excelente aínda que refrescara bastante con relación a poucos días antes.

O alcalde pedáneo chamou á porta da escola. Viña cunha nova que nos sorprendeu pola inmediatez do anuncio xa que nos avisaban que, ao día seguinte, chegaría de mañanciña un barco con autoridades e persoeiros que viñan visitar a Illa



Antigo barco de Faros

e aos illáns. A nova apuntaba a presenza no grupo de nada menos que o Gobernador Civil que por aquela, con Franco en plena forma, era a máxima autoridade na provincia.

No aviso quedaba claro que o grupo de persoas, tras a súa chegada a Ons, almorzarían no bar de Checho e despois farían un percorrido pola Illa para rematar cunha reunión cos veciños. O primeiro que nos veu á mente foi o de determinar o sitio onde se celebraría a reunión, dispoñendo de dúas posibilidades: o local do Teleclub, ou a propia Escola, e a min ocorrúseme que era esta a mellor das dúas opcións por capacidade e comodidade para todos. De

inmediato puxémonos mans á obra e zafarrancho de combate. Uns varrían, outros fregaban e os demais ordenaban as cousas para dar a mellor das sensacións aos nosos visitantes. Rematado o traballo cada quen foise á súa casa e, para a seguinte mañá quedounos a tarefa de converter a sala grande da escola nun auditorio coas cadeiras ben colocadas e unha mesa presidencial tapada cun artístico pano que daba un aspecto rexio ao local. Aquela mañá fixemos a clase no exterior sentados baixo o patio cuberto, experiencia que aos nenos pareceu gustarlles pola sensación de liberdade que lles daba aquel lugar practicamente ao aire libre.

Pouco logo do mediodía apareceu a silueta do barco de faros rumbo a nós e baixo un sol que empezaba a esconderse tras unha certa bruma que nos facía recordar que o verán empezaba a afastarse dalí. O barco, lenta pero elegantemente foise aproximando ata o pequeno peirao sabiamente, como non podía ser doutro xeito, dirixido polo señor Benito, capitán da nave que cada mércores nos saudaba desde a ponte tras facer o relevo dos torreiros que, quincenalmente, alternábanse no seu traballo. Dende a escola apreciamos a manobra exacta do vello patrón que deixando o peirao por estribor atracou

suavemente largando os cabos de proa e popa que recollidos por Checho e outros mariñeiros que estaban en terra, immobilizaron aquel bonito barco branco e pulcro pola acción axeitada e permanente da súa tripulación. Ao pouco tempo empezaron a desembarcar homes e mulleres que ían sendo axudados polos tripulantes e tamén pola marea chea que posibilitaba case o desembarco arriba do peirao. O grupo foise compactando en terra e, tras saudar alguén ao alcalde pedáneo, púxose en marcha deixando atrás a punta do peirao e o barco que balanceaba contra el amortecendo os efectos do movemento polas grandes defensas que o separaban da parede.

A comitiva decidiu primeiramente facer o almorzo, polo que se introduciron no bar pouco a pouco. Mexillóns, camaróns, percebes, tortilla e polbo ao estilo inconfundible da Illa foron sendo consumidos polos comensais que, de xeito silencioso ao principio, no que a penas se apreciaba a súa presenza desde fóra, foron elevando o nivel do volume desencadeando desenfadadas conversacións elevando o murmurio e facendo soar, ao arrecendo do café de pota algunha que outra canción apropiada nestes eventos. A escola permanecía silenciosa, xa sen nenos aos que se lle deu a tarde libre, á espera da visita do grupo.

Sobre as catro da tarde aquela trintena de persoas foron saíndo do interior da taberna e notábase que lles prestara o almorzo pola continuidade eufórica das conversacións entre eles. Fóra, na rúa estaban os veciños e veciñas da Illa que avisados da visita e da asemblea, decidiran acercarse a Curro para decatarse do motivo. A xente saudaba aos visitantes e viceversa, nun ambiente desenfadado aínda que algo ríxido pola incerteza dos motivos que atraeran a aqueles señores e señoras á nosa Illa. O alcalde pedáneo, xunto co Gobernador Civil puxéronse á cabeza da comitiva e tomaron rumbo a escola aínda que ao chegar a súa altura, decidiron seguir cara arriba como quen quere dar un paseo para rebaixar os efectos da “pulpada” e tamén para ver por primeira vez a maioría dos forasteiros, a paisaxe que desde a zona alta da Illa se podía apreciar. Daquela o sol perdía a súa forza tras as brumas que por entónces ían compactándose e formando negros nuboeiros que pasaban rápidos empuxados polos ventos das capas altas aínda que en terra a penas se apreciaban. Visto este panorama, o paseo reduciuse e a comitiva tomou sentido oposto retornando cara abaixo para chegar ao edificio da escola no que, primeiro o Gobernador Civil, e despois todos os demais, foron entrando para acomodarse na aula que entre uns e outros quedou abarrotada. O señor Gobernador sentouse na mesa que lle preparamos co bonito mantel e, mirando cara ao mar, quedou abraiado pola paisaxe que os rapaces da escola podían ver, a falta doutras cousas, cada día desde os seus pupitres. Eu que daquela xa vestía como os mariñeiros da illa cun xersei de colo alto, non me diferenciaba moito deles e por iso pasei completamente desapercibido para os visitantes. A xente foise acomodando nas insuficientes cadeiras que tiñamos e o resto quedamos atrás delas de pé e dispostos

a escoitar as novas que, polo visto, aquelas autoridades nos traían. Durante o día os veciños comentaran que podía ser que o Gobernador viñera a ofrecer casas “en terra” porque se oía dicir que cerca de Marín estíbese construíndo unha barriada para mariñeiros.

- ¡A ver se é certo! - dicían algúns desexosos de seguir os pasos dos illáns que empezaran o éxodo cara a Bueu.

- ¡Pois eu da Illa non me vou!, - exclamaban outros aferrados á terra que lles vira nacer a eles e aos seus antepasados.

Un dos acompañantes do señor Gobernador fixo a presentación do acto en perfecto castelán sen explicar os




motivos do mesmo aínda que deixando ben ás claras que o señor gobernador estaba encantado de atoparse na Illa cos veciños e veciñas que tan ben o acolleran desde a súa chegada.

Seguidamente, co maior silencio na sala, falou o representante do goberno para todos e repetiu o contido das palabras xa escoitadas do seu presentador. Co seu doado discurso fixo un enalzamento da continua preocupación que o goberno que presidía “el Generalísimo” tiña por todos e cada un dos españois e, especialmente, cos habitantes da Illa de Ons aos que na súa representación visitaba naquel intre. O señor Gobernador, (Ben vido Mister Marshall), seguiu falando da marabilla da travesía feita; da paisaxe da Illa; da amabilidade dos súbditos do Caudillo e das excelencias da papada, e os veciños empezaron a botar en falta referencias

ás casas e á solución dos seus problemas pois eran tantas as carencias que xa nin se sentían como tales. Terminou o discurso o señor Gobernador e, animados polo séquito

Ilustración de Xosé Conde Corbal



*... las noches de prolongada invernía las abreviaban en la taberna
"Checho", que no será rey, pero pedáneo sí es...*

acompañante, todos aplaudimos a intervención, xesto popular que agradecía desde a mesa de mantel bonito con amplo sorriso medio oculto polo bigote ao uso do mando.

Daquela, o sol deixara de deixarse ver e as nubes empezaban a ser máis densas e rápidas no seu decorrer polo ceo. O barco de faros desamarrara do peirao e atopábase

fondeado a poucos metros do mesmo para evitar danos polo balanceo crecente que lle aplicaba o mar.

E foi entón cando o presentador do acto invitou aos veciños a que interviran para pedirlle algo ao señor Gobernador. Todos eles remexeron no lugar onde se atopaban, uns sentados outros de pé sen atreverse a falar ou, seguramente sorprendidos polo contido do discurso, sen saber que dicir retorcendo nerviosamente máis de un a boina que tiñan entre as mans. Ao mirar aquel panorama e cando estaban a punto de poñer fin ao singular acto, erguín a man desde o fondo da aula e o señor presentador invitoume cun sorriso entre sorprendido e preocupado a intervir.

Saudei ao Gobernador e a todos os presentes. Agradecinlle a súa estancia entre nós e comprobei cómo a máxima autoridade lle preguntaba ao alcalde pedáneo quen era eu ao que Checho lle respondeu.

- É o mestre

-¡Qué joven! - acertei a escoitar mentres observaba a súa incerteza.

Reordenei as miñas ideas nun intre e comecei a presentarlle ao señor Gobernador, un por un, todos os problemas que día por día nos apremaban. Explíqueille como quedabamos incomunicados porque o barco que tiña que facer o servizo entre Ons e Bueu só aparecía cando lle conviña e sen que mediase ningún tipo de motivo, e comprobei cómo ao axudante de mariña que estaba preto do Gobernador, se lle poñía a cara de todas as cores sobre todo cando, insistindo en tan importante abandono, acuseino indirectamente de ser consentidor do mesmo. Faleille da falta de atención médica nin sanitaria porque alí non tiñamos nin persoal nin sequera unha simple caixa de urxencias que nos permitira curar unha ferida a non ser o meu propio e algo que nos regalara o director do hospital de Pontevedra meses antes. Deixei ben claro que padecíamos unha carencia de comunicación telefónica pois, o radioteléfono que dispoñíamos como cabina pública, só funcionaba cando quería. Expúxenlle sen medo algún e

escoitando na tensión da sala un silencio absoluto, a carencia de material educativo, deportivo, cultural... e todo o que se me ocorreu apuntarlle mentres o señor Gobernador miraba para uns e para outros, remexéndose na cadeira e como querendo pedirles explicacións porque en realidade cada un daqueles tiña a súa responsabilidade nas distintas áreas ás que eu facía referencia.

“- Me alegro de haber estado aquí-” dixo o Gobernador cando rematei a miña intervención cun novo agradecemento pola súa visita - e continuou: “Tenga usted las seguridad de que hemos tomado nota de todas las necesidades que usted nos expone. Vemos que la Isla tiene un maestro preocupado y nos agrada”- e mirou para o delegado de Educación ao que non se lle ocorrera ata aquel momento preguntar por min nin pola nosa escola, e asentía coa cabeza- “Y tendrán ustedes noticias nuestras muy pronto”, terminou.

Daquela o serán era pura escuridade entre a cuberta de nubes que se fora formando e que, o?? reflexo do sol que se pon pola outra banda da Illa, adianta a noitiña. O barco de faros esperaba impaciente e con este panorama. o Gobernador aproveitou para estimar que xa estaba ben de visita e que o mellor era embarcar. Saímos da escola e enfiamos o peirao. Naquel

traxecto de cento e algo de metros foron moitos dos visitantes os que se acercaban a min para que lles explicase como era a vida naquela Illa. Aproveitei para dicirlles que non estaba a cousa doada pero que nós eramos felices.

O barco de faros fixo outra manobra de atraque e os visitantes foron subindo un a un agora con máis dificultade porque a marea estaba moi baixa. Dende a cuberta nos saudaban mentres o señor Benito poñía rumbo a Marín, e nós mirabamos a fendida que aquel bonito barco facía no mar que aumentara considerablemente o seu movemento con respecto á mañá.

Pasaron os días e xa nos esquecéramos da estancia na illa do grupo “Mister Marshall” e recibín unha carta do delegado Provincial de Deportes na que me invitaba de parte do señor Gobernador a que lle remitira un pedido de artigos deportivos para a Illa. Non me cabía o pan no corpo e de inmediato púxenme a escribir pedindo redes para porterías, balóns de

varios deportes, camisetas de dúas cores, raquetas de batminton e todo o que se me foi ocorrendo. Días máis tarde recibimos na escola varias caixas que contiñan moitas das cousas que lle indicara ao delegado provincial. Nunha delas había un albará no que se especificaba o remitido, pero feita a comprobación, onde poñía 20 camisetas había 10; se dicía catro balóns de fútbol, había dous; tres xogos de redes de Voleibol e había unha... E así un desfalco tras outro que non acertei a comprender e menos cando lin a pé do albará onde

Peirao da Illa de Ons asulagado un día de marusía.




me ordenaba firmar a recepción do pedido e mandarllelo a unha dirección de Vigo que alí constaba. Seguramente non acertei naquel intre a comprender o “negocio” que se montaban con este tipo de remisións de material e o que mandei a aquela dirección foi a relación comparativa entre o que recibira e o que figuraba no papel atrevéndome a solicitar que nos mandasen o que faltaba.

Por suposto non tiveron máis noticias nin do delegado aquel ni do señor Gobernador, nin de máis ninguén. Nin sequera o responsable da Educación provincial se dignou a poñerse en contacto nós...

... O que si soubemos despois dalgún tempo foi que a viaxe de volta dos nosos visitantes tivo moitos problemas porque o mar, alá polo medio da ría, bateunos o suficiente como para que moitos deles deixaran nel parte ou todo o que comeran catro ou cinco horas antes na Illa.

Xustiza.



O GALO PICÓN

Por: José Taboada García

E a nosa terra galega, terra de moitas tradicións e costumes. O motivo non se sabe certamente, tal vez se deba ao noso illamento en tempos pasados, á nosa idiosincrasia, ao noso pasado cultural, e por que non tamén?, por facernos algo diferente aos demais pobos.

Unha das cousas que sempre se mesturaron foron os actos festivos e os relixiosos, ou sexa, as misas e as festas.

A mañá para o clero e a noite para o pobo, pois era costume facer romarías con música, baile e improvisados bares, deste xeito todos ledos.

Moitas destas romarías facíanse en carballeiras cristianizadas, é dicir, carballeiras nas que se fixo unha ermida, lugares nos que os nosos antepasados celebraban cultos pagáns, e mesmamente se xuntaban nas noites de luar para trataren asuntos de interese para a comunidade.

O día do Santo Patrón da ermida, despois da misa cantada por tres ou máis cregos engalanados con roupa de festa e na que se pasaba bandexa:

- Devotos de San Antón !
- Decía o bandexeiro –

Era tamén costume que, aos santos máis milagreiros, os paisanos lles levaran ovos, pitos, galos, galiñas, ñaos,...

Á saída da misa, o bandexeiro, despois de entregar a bandexa coa correspondente recadación, era tamén o encargado de poxar os animais ofrendados ao santo.

Eran uns verdadeiros artistas, mesmamente parecían vendedores de feira, dun pito facían un galo, dun ñao un carneiro, dun poldro un cabalo...

A poxa comezaba de abaixo arriba, quedándose con ela o mellor ofertante, ou sexa, o que máis subía, coma no "Tour de Francia".

Así foi como chegou as mans de Pedro o Galo Picón, polo módico prezo de dez euros.

Xa camiño da súa casa non paraba de darlle voltas á cabeza, pois non as tiña todas consigo:

- Se o levo ao mellor teño liorta coa muller!
- Con dez euros aínda da para uns viños!

Decidiu revender a mercadoría. Nada mellor sitio para intentalo que probar no bar Loureiro. Pasou por diante, aproveitando que era a hora dos viños e o bar atopábase ben de clientes – raposo el -, saudounos a todos levantando a man na que portaba o galo:

- Que levas aí? – Díxenlle eu –
- O galo de San Antón ! – Respostou –
- Este é bo para vós? – Dixo polo baixo –

Estabamos alí os catro amigos de sempre, mirámonos uns para os outros:

- Que vos parece se o mercamos? – Asentiron –
- Canto pides?
- Dez euros, por ser para vós, o mesmo que me custou.


Pagámoslle os dez euros, meteunos no peto e foise marchando como se levase presa.

O galiño acabou no galiñeiro de Lucho para que medrase e engordase.

Aí comezou o noso calvario !

Levou o animal máis vinte euros para comprarlle penso. Pasou un mes e volveu a pedirnos outros vinte esta vez para millo.

Preguntámoslle como ía de grande e respostounos poñendo as mans separadas uns vintecinco centímetros – Non medrara nada!



Ao mes seguinte, a mesma historia, máis cartos para máis comida e o galo sen medrar.

Xa ao cabo de catro meses e cando íamos polos noventa euros de gasto, decidimos en asemblea, que había que meterlle o dente.

Mandámosllo matar, non sen antes anestesiálo con un trago de ron do Caribe para que non sufrise. Paco o Velas fixo de mestre de cerimonias. Díxolle como o tiña que desplumar, limpar, telo dous días no conxelador para que a carne abrandase,...

Chamámolo e pedímoslle o galo e, ao ver que viña sen nada:


- Está iso listo? – Pregunteille –
- E, e, e ! – Foi a resposta –
- Pero a ver ! ¿ Está ou non ?
- E, e, e, ..., que a miña muller botouno no cocido.

Miramos uns para os outros e botamos unha gargallada. Iso si, pagou unha botella de viño do caro.

E así remata a historia deste Galo Picón que foi vendido e revendido o día de San Antón.

Mercouse como Polo Picantón, cando en verdade era un Quirico moi lambón.

Ía a ser estufado, ía a ser asado e acabou nun cocido, iso si, ben preparado.





"QUEIMADA GALEGA" « CONXURO DOS CELTAS E DRUÍDAS »

Por: Maracas

¡Oh, Sagrados Espíritos do verdemente país dos petroglifos!
 ¡ Castros, ánforas e citanias, dolmens e mámoas !
 ¡ Sabios devanceiros da doce nación de Breogán !
 Invocámosvos, seres sagrados, viaxeiros do vento, lindo lar,
 espíritos das flores, trasnos, trasgos, meigas, ninfas e elfos.
 Buguinas, delfíns veloces e misteriosos carros de lume
 da Estrela Madre, no tempo de tódolos comezos.
 ¡ Pedímosvos a Paz, Harmonía e Sabedoría !
 E con sumo respecto ofrecémosvos o Conxuro
 desta erótica Queimada con flores de Verbena.
 Dende Bretaña ata Galicia,
 cara aos confíns da Vía Láctea,
 seguindo as estrelas chameantes.
 No Máis Alá deste misterioso Océano de estrelas e galaxias
 infinidade de seres, as túas guían aos sagrados ancestros.
 Na eternidade da Noite, iluminan as ánimas do Mundo,
 polo infinito camiño dos pobos primitivos,
 salvaxemente sacrificados e torturados
 no lume das santas fogueiras.
 ¡ Ánimas perdidas e malignos espíritos das consciencias
 cambian na escuridade do poder.
 ¡ Reencarnadas auras, momias e fantasmas do inferno !
 ¡ Sodes os diaños das Santas Compañas de Corsarios e Piratas !
 Camiñades atormentados polo negro sendeiro
 do Máis Alá da morte.
 Estadés condenados polos séculos dos séculos,
 ata o Fin da Terra.
 Fanáticos dos ídolos, Deuses sanguentos,
 e colosos con pés de escravos.
 ¡ Guerra nunca máis !
 ¡ Nunca máis ao xenocidio das Guerras !
 ¡ Que nunca xamais volva a barbarie das Guerras !
 Polos sagrados espíritos da Paz da Natureza.
 Pola eterna luz da Vida do Universo.
 ¡ Que así sexa !
 ¡ Pola Terra, o Amor e a Liberdade da Humanidade !
 ¡ Sabios devanceiros dos bravos pobos da Galicia !
 ¡ Celtas e Druídas !
 ¡ Pola Terra Nai ! ¡ Oh, Manitú !
 Ofrecémosvos o doce elixir
 Nas Noites dos Deuses

Desta Sagrada Queimada.



SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




O MOVEMENTO IRMANDIÑO NA COMARCA DO SALNÉS

Por: José Miguel Besada Fernández

A mediados do século XV ten a culminación en Galicia a derradeira batalla da Revolución Irmandiña, unha verdadeira guerra civil que se desenrola na totalidade do territorio galego. Este movemento cidadán foi un episodio histórico, aínda que non suficientemente divulgado e moi pouco coñecido pola gran parte do pobo galego. Ten a importancia, entre outras, por ser a primeira rebelión do pobo chan, principalmente os labregos, artesáns, burgueses das incipientes cidades, contra a dura represión e abusos a que estaban sometidos polo poder da alta nobreza e as mitras episcopais cuxos principais responsables, entre outros, eran o Arcebispo Fonseca, o Conde de Lemos, Pedro Albares de Soutomaior (Pedra Madruga),...

Torre da Lanzada. Noalla



Este malestar e situación crítica xa se viña arrastrando dende o principio do século XIV por unha longa depresión, a máis grave e longa que tivo Galicia ao longo da súa historia, na que se deron varios factores negativos que se produciron simultaneamente en todas as ordes produtivas e sociais e frearon o desenrolo natural e a modernización da cidadanía. Entre estes factores negativos cabe destacar que, no campo, que seguía sendo a base da economía galega, despois dunha mellora importante pola implantación de novos cultivos e ferramentas, xurdiron unha serie de adversidades como grandes secas, xeadas, temporais e a Peste Negra que xunto cos abusivos impostos a cargo dos señores donos das terras, produciu un significado abandono do campo e a conseguinte fame. Nas cidades, principalmente nas sedes episcopais de Santiago, Lugo, Ourense e Tui, os artesáns e comerciantes

estaban en permanente conflito tamén por abusos, co señorío eclesiástico do que dependían, creándose unha situación crónica insostible.

Nos precedentes destes conflitos destaca a lendaria loitadora María Castaña, muller de Martiño Cego, que no ano 1386 loitou contra o bispo de Lugo don Pedro López de Aguiar, a quen nunha das revoltas lle quitaron a vida; en Ourense, noutra revolta, asediaron a catedral mataron ao bispo e chimpárono ao río. Estes son, entre outros, os esporádicos precedentes das dúas Guerras Irmandiñas.

A primeira Guerra Irmandiña, chamada a “fusquenlla”, foi un levantamento burgués e campesiño no ano 1432 por mor da dureza con que os señores trataban aos seus vasallos. Foi dirixida por Roi Xordo na zona de Pontedeume, Ferrol, Betanzos e Vilalba estendéndose ata os bispados de Lugo e Mondoñedo na que foron derrotados polas tropas do arcebispo e Andrade. Pero o malestar e os abusos sobre os cidadáns seguían aí presentes ata que se organizou a segunda, que foi a derradeira e a de máis repercusión, por ser a máis longa, a mellor organizada e por estenderse por todo o territorio galego, e que tamén tivo unhas consecuencias irreversibles para a posterior historia de Galicia.

Esta segunda revolución levouse a cabo entre os anos 1467 e 1469 e tivo enorme importancia pola organización e a extensión. Estaba formada por uns 80.000 irmandiños distribuídos en todo o territorio galego e formada por xentes dos distintos grupos sociais: campesiños, artesáns, comerciantes das cidades, fidalgos e certo sector do clero, todos eles asoballados pola minoría dominante formada pola nobreza laica e as principais igrexas e mosteiros donos das terras, castelos e fortalezas.

As irmandades formáronse, en base do respaldo á lexitimidade da Coroa de Castela, nas cidades coa finalidade de defensa e protección de cidadáns debido á extrema situación caótica na convivencia e falta de seguridade polo abuso das tropas nobiliarias e polos abundantes grupos de bandidos cos correspondentes roubos e asasinatos forzados pola gran crise na que seguía sumido o país.

Para elo, e como o malestar era xeral, organizáronse dunha vez por todas, primeiro nas comarcas onde os alcaldes

eran os primeiros responsables, logo os procuradores que poñían en práctica os acordos das asembleas e por último os cuadrilleiros que eran os grupos populares armados, todos eles coordinados pola Xunta de Irmandade que residía na cidade cabeceira de cada comarca e dependendo principalmente da Irmandade de Santiago. Coa forza desta organización e co mencionado respaldo da coroa de Castela, os irmandiños triunfan en toda Galicia tomando e destruindo máis de 150 fortalezas e obrigando a fuxir aos principais representantes do señorío feudal e eclesiástico a Castela e Portugal. Non obstante, esta nobreza exiliada reármase e co apoio do reino de Portugal, Pedro Madruga volta a Galicia en 1468, toma Pontevedra e logo Santiago, recuperando o poder e quedando definitivamente derrotado o movemento irmandiño.

A GUERRA IRMANDIÑA NA COMARCA DO SALNÉS

A comarca do Salnés xa era unha zona con certa relevancia, formada por numerosos núcleos de poboación moi activa, destacando a ocupación pesqueira, o comercio marítimo e a gran importancia das salinas, ademais da proximidade de Pontevedra e Santiago.

Era un territorio pertencente á Mitra Compostelá cunha organización defensiva formada polos enclaves, dos que aínda quedan as ruínas da Torre da Lanzada, San Tomé do Mar en Cambados e as Torres do Oeste en Catoira, así como posiblemente áureas do que xa non queda rastro pero que figuran nos arquivos históricos. Non foi un centro neuráxico destas guerras como foron as cidades con sedes episcopais e onde estaban radicadas as residencias do señorío dominante, pero con todo, contribuíron eficientemente á causa irmandiña.

En canto á organización e Guerra Irmandiña no Salnés, no ano 1466 creáronse grupos activos dependentes da Irmandade de Pontevedra e que segundo a testemuña do veciño de Cambados Xoán Cufiña, chegou un representante do rei co encargo de reunir xente para a organización da dita irmandade expoñendo a misión que tiña.

A este representante da coroa uníronse Xoán de Deus, alcalde de Vilanova e o veciño Pedro Casal e estes co clamor popular organizaron xuntas reuníndose de todos os lugares do Salnés... Organizados e seguindo os obxectivos, houbo fortes loitas, polo que consta, en Lobeira, Vilanova, Vilaxoán, Santomé, A Lanzada e os irmandiños do Salnés, destruindo, entre outras, as Torres de Santomé do Mar pertencentes a Suero Gómez de Soutomaior, as Torres de Pedrais de Aldao e a da Lanzada do arcebispo compostelá.

En canto á fortaleza de A Lanzada, temos a sorte de coñecer a testemuña do veciño de Noalla, Alonso de Soutullo, que nos relata un episodio importante que foi o derradeiro


da guerra, ou sexa, a rendición dos últimos irmandiños que resistiron ás tropas de Pedro Madruga cando a guerra xa rematara.

Neste relato, ampliado polo veciño de O Grove, Xoán Brión, di que chegaron de Pontevedra Xoán García da Barca e Xoán García de Chinchón con

vinte ou trinta homes e fixeron unha cerca dentro da torre na parte destruída e un muro na parte da ponte para desfacer o camiño para que as tropas non puideran dar con eles. Máis tarde viñeron uns escudeiros de Pedro Madruga co obxecto de que se renderan e saíran da torre. Saíron a pelexar e houbo mortos, prenderon ao escudeiro e levárono a Pontevedra para aforcalo.

A causa disto, Pedro Álvarez de Soutomaior, Tristán de Montenegro e Fernando Dianès asediaron a torre onde resistía Xoán García con sete ou oito homes. Lograron tomar a torre axudados pola traizón dun dos que estaban dentro, aforcaron a dous deles e ao resto matáronos a lanzadas.

A Lanzada, a torre e a ermida é un enclave importantísimo ao longo de todos os períodos históricos a pesar de que non está o suficientemente coñecido e moito menos divulgado e esta historia é unha delas. A Lanzada foi o derradeiro bastión dos irmandiños.



Torre de San Sadurniño. Cambados

Torres do Oeste. Catoira



AS RELACIÓNS PESQUEIRAS ENTRE PORTONOVO E PONTEVEDRA AO LONGO DO SÉCULO XVI: UN ENFRONTAMENTO PERMANENTE

Por: Xosé Manuel Pereira Fernández
Universidade de Santiago de Compostela

MOUREIRA

Ao igual que sucedía noutros lugares do litoral cántabro-atlántico da península Ibérica, durante o século XVI a actividade pesqueira na ría de Pontevedra estivo regulamentada polas ordenanzas de pesca. A execución deste corpus xurídico pola confraría do Corpo Santo, unido á condición de porto privilexiado de que gozaba o arrabalde

Barrio da Moureira



pontevedrés da Moureira, deu lugar a un interminable rosario de preitos. Os mesmos aparecen rodeados dunha grandilocuencia verbal que semella esaxerada, e adobados coa reiterada referencia a arcabuces, espadas, lanzas, pedras, "armas ofensivas e defensivas" nos envites protagonizados polos homes do mar. Sen embargo, a pesar das recorrentes alusións a mortes, a información emanada da documentación presenta unha situación onde as permanentes liortas remataban en pequenas rabuñadas, algunhas contusións, un pouco de sangue e algún que outro mergullo.

Fronte ao acontecido con outros portos da ría de Pontevedra, caso de Combarro, onde unicamente está documentado un único preito levado durante máis de dez anos pola vía xudicial, sen existir practicamente violencia física, ao longo do Cincocentos os habitantes de Portonovo foron os que mantiveron o máis directo e permanente enfrontamento cos mareantes do arrabalde pontevedrés da Moureira e a súa confraría do Corpo Santo. Disputas que aparecen rodeadas de violencia física.

O emprego de sacadas e cercos deu lugar, a finais da década dos anos oitenta do século XV, ao comezo dun preito entre as vilas de Portonovo e Pontevedra por sentirse prexudicados os mareantes da Moureira pola que consideraban mellor localización na ría dos seus homólogos de Portonovo.¹ En 1489 os mareantes de Pontevedra atacaron aos de Portonovo tomándolles o trincado e as redes de cerco. Despois de case vinte anos de disputa legal, e antes de que a Real Chancelería de Valladolid ditase sentenza definitiva, en 1515 ámbolos dous portos acordaron someterse á sentenza arbitral de García Sarmiento, señor de Salvaterra e Sobroso². A resolución fortaleceu as pretensións exclusivistas pontevedresas de faenar con cercos e sacadas, ao tempo que bloqueaba todo intento por parte dos outros portos da ría. A situación contrasta co que sucederá nos derradeiros anos do século XVI, momento en que ante a política de potenciación

¹SAMPEDRO Y FOLGAR, C., *Documentos, Inscripciones y Monumentos para la Historia de Pontevedra. Tomo III*, Pontevedra, 1904, p. 565.

²SAMPEDRO Y FOLGAR, C., *Opus. Cit.*, pp. 565-566.




MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



da pesca con cercos levada a cabo polas máis altas instancias da Coroa de Castela e Reino de Galicia, premerase para que os portos de Portonovo e Sanxenxo fuman un ou dous cercos. A sentenza tamén contemplaba que, no caso de autorizar Pontevedra o furnimento de cercos a outro porto da ría, a facultade se fixese extensiva a Portonovo. Como compensación polos danos ocasionados pola nova conxuntura privilexiada, Pontevedra tiña que pagar ao "concejo" de Portonovo e ao seu señor, Pedro Enríquez de Guzmán, dous mil ducados. No caso de que Pontevedra se demorase no pago ou non o fixese efectivo, Portonovo quedaba lexitimado para furnir cercos. A sentenza remataba ordenando ás dúas vilas que no sucesivo a paz e a harmonía presidise as súas relacións³.

O 26 de novembro de 1552, Portonovo e Pontevedra subscribiron unha concordia pola cal o maior núcleo urbano de Galicia recibía en veciñanza aos habitantes de Portonovo. Ao mesmo tempo, ámbalas dúas vilas comprometíanse a defender usos e costumes. Tamén delimitaban a área de pesca

³MUSEO DE PONTEVEDRA (M.Po.), *Sec. Colección Sampedro*, mazo 83-XVIII, sf.

⁴ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (A.R.G.), *Sec. Confrarías*, mazo 557/4, sf.; M.Po., *Sec. Col. Samped.*, mazo 83-XXXIX, sf.; *Sec. Gremio*, mazo 51, fs. 27vo.-29ro.; *Sec. Sampedro*, mazo 106, fs. 3ro.-3vo.

⁵"...andando Alonso Rodríguez Pedro Garçia Alonso Rico Estebo Hestevez e otros vezinos de la dicha villa del Puertonuevo pescando con redes de geito (...) conforme a la Concordia los acusados armados de piedras espadas y palos hescudos rodela con çinco anguletas (...) y cuatro trincados (...) arremetieran a sus partes y les dieran muchos golpes y porradas y les cortaran muchas redes y quebrantaran un barco o dos y aunque sus partes les requerieran guardasen la dicha Concordia y les deixasen caçar y no les hiziesen fuerza ni les maltratasen (...) de nuevo les començaran a dar de palos y porradas y cortar las redes y correr tras dellos y aunque sus partes daban bozes del Rei dezian que no les abia de baler el Rei questaba lexos que ellos eran el Rei y que los abian de hazer yr a beber a Berberia o Tutuan que hes tierra de moros y en efeto los mataran si no echaran a uir e demas de las redes que les cortaron les tomaran otras muchas e dieran a sus partes muchos golpes y eridas en espeçial al dicho Alonso Rodriguez le quebraron un braço e a Pedro Garçia otro e hirieran e maltrataran a otros muchos e les amenazaran que si otra vez volvian a pescar les abian de matar..." (A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo 557/4, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, maz. 51, fs. 19ro.-19vo.

con redes de xeito durante a temporada dos cercos, quedando prohibido faenar entre as artes comunitarias. No caso de chegar un cerco ao lugar onde estivesen pescando os xeitos, estes tiñan que cederlle a posta. A actividade con redes de xeito só podería desenvolverse de noite, desprazándose os barcos xeiteiros sen facer ruído ata a área de pesca escollida. Os infractores da concordia quedarían sen redes, establecéndose a posibilidade de recuperalas tralo pago dunha cantidade en metálico⁴. Como reflicten as declaracións de múltiples testemuñas, foi esta unha medida da que souberon sacar grande rendemento económico os vigairos da confraría do Corpo Santo, xerando, en moitos casos, unha conflictividade engadida.

Os conflitos reanudáronse o 2 de novembro de 1569. Nesa data, máis de oitenta veciños de Pontevedra atacaron a mareantes de Portonovo causándolles estragos que estes valoraron en 500 ducados⁵. Os responsables da confraría do Corpo Santo presentaron unha querela ante a Real Audiencia do Reino de Galicia denunciando que dende facía uns cinco ou seis meses os mareantes de Portonovo faenaban de día con redes de xeito tocando o fondo e en xornadas festivas. Tamén os acusaban de facer salga e resalga, carga e descarga, ademais de resistirse aos vigairos do Corpo Santo⁶. Como consecuencia da investigación realizada pola Real Audiencia de Galicia, o órgano de xustiza ditou orde de detención dos vigairos da confraría do Corpo Santo o 26 de abril de 1571 e que fosen levados ao cárcere da Real Audiencia. Igualmente indicábaselle aos membros da confraría do Corpo Santo que non perturbasen aos de Portonovo na realización das faenas de pesca e que lles devolvesen as redes incautadas. A sentenza, publicada o 9 de novembro, deixaba en liberdade aos vigairos tralo pago dunha fianza de 20.000 marabedís, agás no caso de Xoán Núñez Cabaneiro, para quen se mantiña a prisión de forma provisional e preventiva⁷.

⁶"...yendo los dichos bicarios paçificamente a bisitar la dicha ría como lo tenian de costunbre y executar los rebeldes allando los sobredichos culpantes y que exçedian de lo que ansi hestaban obligados a guardar por que sus partes los quisieran prender se pusieran en resistencia contra ellos echando bozes y apellido del Rei trayendo armas ofensivas y defensibas deziendo muchas feas e ynjuriosas palabras a sus partes dandoles muchas pedradas e golpes..." (A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo 557/4, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 51, f. 35ro.)

⁷A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo, 557/4, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 51, fs. 17ro.-59vo.

Sete anos despois, e de novo coincidindo coa temporada dos cercos, un novo apresamento de redes por parte dos mareantes do arrabalde pontevedrés sobre os seus homólogos de Portonovo rematou nun preito ante a Real Audiencia de Galicia. Ante a citada institución, os segundos denunciaron as múltiples ocasións en que os mareantes da Moureira lles prohibiran pescar, lles quitaran as redes, fixeran múltiples vexacións, empregaran a forza, déranlles paus, feríranos... Os argumentos dos de Pontevedra foron similares aos da ocasión anterior, como semellantes foron as ordes da Real Audiencia indicando que fose respectada a Concordia e devoltas as redes⁸.

Peirao de A Barca, 1905



Novembro de 1582 marcou un punto de inflexión na conflictividade pesqueira entre ámbolos dous portos. A existencia dun ambiente moi tenso, tal vez fose a causa pola

⁸ A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo 557/4, fs. 63vo.-77vo.

⁹ "...siendo muy de día que abia casi una hora de sol allaron (...) a los adversos (...) con sus varcos y redes de xeito enbalando la sardina y llegando a ellos y queriendoles prender (...) asiendo de una red de xeito que uno de los barcos de los adbersos llebaba se la resitieron y dieron bozes para que se llegasen los otros varcos (...) se ayuntaron luego mas de sesenta varcos y los que en ellos venian unos con palos y remos y los otros con unos cochillaços grandes arremetieron a mis partes y al dicho aguaçil y les dieron muchos golpes y porraços diciendo aora hes tiempo de nos vengar de bosotros y asieron del dicho aguaçil y lo prendieron y con un

cal os responsables da confraría do Corpo Santo solicitasen un alguacil á Xustiza de Pontevedra para visitar a ría. Nesta ocasión, a pesar de seren sorprendidos os mareantes de Portonovo en flagrante contravención da Concordia, os agredidos foron os veciños do arrabalde pontevedrés⁹. Animados pola nova favorable conxuntura, os de Portonovo cambiaron de lugar unha boia que indicaba un penedo, ocasionando ao cerco de Amaro López perdas valoradas polos de Pontevedra en 2.200 ducados¹⁰. A provisión

cochillo grande uno de los adbersos arremetio a el y se lo puso a la garganta procurando de cortarle la cabeza y lo mesmo procuraban azer a los demas y de echo lo hizieran si mis partes no se desenbolvieran dellos y les fue forçado huir en la dicha anguileta y los adbersos fueron tras dellos mucho tiempo de la dicha ria para los matar y despues se jataron y alabaron de que a qualquiera de mis partes que allasen en la ría sobredicha lo abian de matar y enpoçar..." (A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo 557/4, fs. 85ro.-85vo.; A.R.G., *Sec. Veciños*, mazo 740/31, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazos 50, sf. e 51, fs. 7vo.-8ro. e 67ro.-67vo.).


¹⁰ "...abiendo en la dicha ria detras de la hisla un peñasco cubierto de agua el qual azia mucho daño asi a los pescadores de cerco como a los marineros e nabios que entraban para el dicho puerto mis partes dende mucho tiempo pusieron en el dicho peñasco un abio grande de madera como un gran barril atado en una cadena de hierro y en la otra punta una grande piedra y hestando echada en la dicha peña paresçia sobre el agua la dicha voya y por ella se guardaban todos del dicho peñasco y los adbersos por azer daño a mis partes se fueron al dicho peñasco secretamente y arrancaron la dicha boya y la apartaron y pusieron apartada y desbiada del dicho peñasco e yendo mis partes con sus cercos tubieron a la dicha boya y echaron las redes entendiendo que las echaban en linpio porque quedaba de fuera la dicha voya (...) y con las dichas redes cercaron gran cantidad de sardina que balian mas de dos mill ducados y tirando las redes y entendiendo que tiraban en linpio las dichas redes encontraron la dicha peña dentro del cerco y se rompieron muchas de las dichas redes y se fue toda la sardina y demas de la perdida de la sardina se ronpieron a mis partes y perdieron redes de balor de mas de doçientos ducados por culpa de los adbersos y por la dicha malicia de que abian usado..." (A.R.G., *Sec. Confra.*, mazo 557/4, f. 85vo. e *Sec. Veciñ.*, mazo 740/31, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 51, fs. 7vo.-8ro. e 67ro.-67vo.).

real emanada da Real Audiencia ordenaba que os xeitos non faenasen ata que fose de noite durante a temporada dos cercos¹¹.

A conflitividade na ría debía ser moi intensa a comezos de 1590, como parece deducirse da solicitude de Portonovo á Real Audiencia para que enviase un alabardeiro coa finalidade de evitar incidentes durante a temporada dos cercos. Dous anos despois atopamos un dos puntos álxidos dos enfrontamentos entre os homes do mar de Portonovo e

da Real Audiencia, Pedro Fernández Díaz. A tensión viuse incrementada coa posterior intervención do escudeiro do máximo órgano de xustiza de Galicia, Pedro Ouxeda de Villamarín, detendo aos citados vigairos xunto co escribán Pedro Varela e levándoos ao cárcere da Real Audiencia na Coruña. O 9 de abril de 1593, a citada institución de xustiza condenábaos a dous anos de desterro e ao pago de 20.000 maravedís de multa a cada un¹².

A partir dese momento, a documentación parece reflectir que durante un certo período de tempo tal vez se asistise a unha relativa distensión das excesivamente tirantes relacións entre os homes do mar de ámbalas dúas vilas. En xuño de 1593 os vigairos da confraría do Corpo Santo autorizaban aos mareantes de Portonovo a traballar o día festivo de San Pedro coa finalidade de recadar fondos para a construción dunha capela propiedade da confraría do Rosario¹³. Ao ano seguinte, o 3 de setembro, Bartolomé Rico, mareante de Portonovo, chegaba a un acordo con Antón de Pontevedra para devolverlle as redes que dous anos antes lle apresara cando era vigairo, tralo pago de sete reais para a



Ordenanzas de pesca de 1523, las primeras de la que existe constancia escrita. (MPo)

Pontevedra debido á agresiva actuación dos vigairos da confraría do Corpo Santo, Antón de Pontevedra e Pedro García, xunto co enfrontamento que mantiveron co escudeiro

confraría do Corpo Santo¹⁴.

Sen embargo, os mareantes da Moureira non desaproveitaban a ocasión de realizaren actuacións pretendidamente exemplificativas. A ocasión presentóuselles en 1594 cando prenderon en Raxó, por faenar con redes de

¹¹ A.R.G., Sec. Confra., mazo 557/4, fs. 85ro.-86ro. e Sec. Veciñ., mazo 740/31, sf.; M.Po., Sec. Gremio, mazos 50, sf. e 51, fs. 7ro.-8vo. e 66vo.-69vo.

¹² A.R.G., Sec. Veciñ., mazo 757/1, sf.; M.Po., Sec. Samped., mazo 109, sf.

¹³ M.Po., Sec. Samped., mazo 42, sf.

¹⁴ A.R.G., Sec. Veciñ., mazo 757/1, sf.

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

xeito durante a temporada dos cercos, ao barco que Maior García¹⁵, veciña de Portonovo, alugáralle ao pontevedrés Xoán González. A nave foi conducida a Pontevedra, depositada na Barreira -lugar destinado para varar os barcos prendidos- e desfeita un domingo á saída da misa maior de Santa María a Grande¹⁶.

Unha comunión de intereses parecía existir en 1595 entre a Coroa, os "concejos" de Combarro e Pontevedra, a confraría do Corpo Santo e don Melchor de Teves y Britto, alcalde maior da Real Audiencia do Reino de Galicia. Os seus esforzos centrábanse en potenciar ao máximo os cercos, enviando, paralelamente, ao ostracismo aos xeitos. É neste contexto, despois de percorrer practicamente un século, cando se pecha o círculo e intenta volver á situación previa á existente antes da sentenza arbitral de García Sarmiento. Sen embargo, os obxectivos eran moi diferentes. Se en 1515 o horizonte buscado era potenciar o monopolio pontevedrés dos cercos, agora a meta desexada por todos, nomeadamente a Coroa, era a búsqueda da maior rendibilidade económica. No discurso escrito, a produción pesqueira dos cercos aparece como unha saneada fonte de ingresos para o fisco real, sendo, ao mesmo tempo, o gran sostén económico de vilas, organizacións relixiosas e sectores máis desfavorecidos da sociedade. O maior problema radicaba na existencia dun grande número de pescadores ao xeito na ría, verdadeira rémora para os obxectivos buscados polos antes citados¹⁷. Dende esta perspectiva economicista resultaba fundamental manter e intentar potenciar aos cercos. A solución radicaba en prohibir os xeitos e que entre os seus usuarios furnisen cercos. No caso de Portonovo, o inconveniente radicaba na

posición xeográfica da vila, moi na boca da ría. Para resolver o problema facíase necesario construír un peirao¹⁸.

A documentación non reflicte disensións entre as diferentes partes involucradas no proxecto nos primeiros compases do proceso. Os gastos ocasionados pola traza, modelo, remate e dilixencias do peirao correron a cargo do "concejo" de Pontevedra e a confraría do Corpo Santo. O 20 de decembro de 1597, don Melchor de Teves y Britto ordenaba a Mateo López e Xácome Fernández que tralos estudos pertinentes, localizasen o lugar idóneo para a construción do peirao e redactasen o proxecto. En xaneiro de 1598, Xácome Fernández, despois dunha inspección ocular, redactaba en seis días as condicións para a construción do peirao e paredón, proxecto que foi pregoado en Baiona, Betanzos, A Coruña, Pontevedra, Santiago e Tui¹⁹.

As diverxencias xurdiron á hora do remate da poxa da construción. Mentres que os mestres de obra mostráronse conformes co proxecto de Xácome Fernández, algúns veciños de Portonovo presentes indicaron que os mestres de cantería eran todos de Pontevedra. Xoán Ledo o Vello, procurador xeral de Portonovo, solicita entón a presenza de Pedro do Campo, mestre de cantería do bispado de Tui. Melchor de Teves suspende a poxa e manda chamar a Mateo López,

¹⁵ A participación das mulleres no mundo do mar debeu ser moi activa, cando menos no século XVI e nas Rías Baixas. Se resulta doado atopalas actuando como decididas "socias capitalistas" no furnimento de cercos, tamén aparecen nos conflitos pesqueiros. A modo de exemplo, se nos enfrontamentos entre Carril e Pontevedra destaca o protagonismo do barco de "Ulibeira, viuda", en 1573 varios mareantes ao xeito de Bouzas interpuxeron un preito ante a Real Audiencia contra algúns veciños de Redondela pola aprehensión de redes e sardina, entre outros a María Álvarez a quen "le hurtaron y llevaron un barco con sus redes y sardina que tenía". Vid. A.R.G., *Sec. Veciñ.*, mazo, 26.327/8, f. 175ro. e M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 72, f. 4ro.

¹⁶ "...saliendo el domingo de la yglesia de Santa Maria la Grande de oír misa bio como Pedro Darriba e Juan Domato y Saavedra e Amaro Lopez y otras mas personas hestaban cortando en la Barreyra un barco con sus redes que dezian heran de la dicha Mayor García y byo el testigo que andaban los dichos bicarios con la dicha Mayor García e Bartolome Douteiro su hijo a las bueltas y de manera que habia gran rebuelta.." (M.Po., *Sec. Samped.*, mazo 88, sf.).

¹⁷ "...por ser tan dañosa la pesca de las redes de geito por quitar tanto bien y provecho universal como hes la pesca de los çercos en todas las partes y lugares deste Reino y fuera del donde ay çercos (...) se a siempre proyvido y proybe y quita la pesca y uso de las redes de geito durante el tiempo de los cercos porque (...) si no lo prohibiesen se perderian los pueblos y no abria pesca con que se sustentasen y las rentas reales del Rey Nuestro Señor (...) bendrian en deminuiçion por ser la pesca de las redes del geito de muy poco probecho porque no causan trato ni comerçio (...) i con la pesca de los çercos se da mucha limosna a los monesterios y conbentos y pobres (...) y con la abundançia que causan los çercos ay grandes tratos y comerçios en todas las partes y se aumentan (...) las rentas reales y (...) con los dichos cercos y pesca dellos no se haze ningun daño a la pesca ni a la sardina para que se baya a la mar alta ni para que se dexa de aver la cria para los años benideros antes (...) se cria la dicha sardina y se conserba juntamente con la otra pesca porque las dichas redes de çerco no llegan abaxo a donde se apasta y cria la sardina y por esta razon (...) no se desapasta la cria della y de todo ello se saca gran utilidad y provecho abiendo çerco y no el oficio de geito..." (M.Po., *Sec. Samped.*, mazo 88, sf.).

¹⁸ A.R.G., *Sec. Veciñ.*, mazo 758/28, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazos 63 sf. e 65, fs. 9ro.-9vo. e *Sec. Samped.*, mazos 112, sf. e 113, sf.


¹⁹ A.R.G., *Sec. Veciñ.*, mazo 758/28, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 63, sf.

quen, naquel momento, era mestre de obras no mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago. Fronte a postura de Mateo López que, agás algunhas pequenas modificacións, acepta na súa totalidade o proxecto de Xácome Fernández, Pedro do Campo fai unha reformulación total da obra. Posteriormente, peirao e paredón saen a licitación facéndose coa obra Domingos de Sa, canteiro veciño de Pontevedra, quen se compromete a realizar o proxecto de Xácome Fernández en 9.000 ducados. De forma paralela, o procurador xeral de Portonovo, Xoán Ledo, mostra a súa total desconformidade e oposición ao proxecto realizando unha completa revisión, que chega a contemplar a súa localización noutro lugar²⁰.

Non temos constancia de que peirao e paredón se fixesen realidade. A polémica entre os defensores de ámbalas dúas localizacións mantívose durante algúns anos. O 30 de xuño de 1600, don Melchor de Teves y Britto abandona Galicia, levándoo a súa carreira política a ocupar o cargo de alcalde da Casa Real e Corte en Madrid. O licenciado Ochoa de Urquiza, membro do Consello do Rei, oidor e alcalde do Reino de Galicia, solicitaba en xullo de 1601 a presenza en Portonovo dos mestres de cantería dos mosteiros de Oseira, Melón e Montederramo. Dentro desta dinámica, as medicións, calados e interrogatorios seguíronse producindo por ámbalas dúas bandas. Unha serie de mariñeiros biscaíños, achegados como testemuñas polos defensores do proxecto de Xácome Fernández e Mateo López, consideraban moi útil, proveitoso e importante que se fixese o peirao segundo a traza citada. Mentres, os de Portonovo seguían inclinándose pola localización exterior postulada por Pedro do Campo. A parte final do preito, desenvolvida ao longo de 1601, contemplaba, segundo as declaracións das testemuñas, a entrada en xogo dun novo elemento: a existencia de piratas e corsarios na costa²¹.

A partir dese momento desaparece todo rastro documental da existencia de enfrontamentos entre Portonovo e Pontevedra. Para os primeiros compases do século XVII a información referida ás dúas vilas da ría de Pontevedra non fala de tensas situacións, senón dunha inestable conxuntura no litoral froito das andanzas de corsarios e piratas. En 1622 os mouros atacan Portonovo, solicitando os veciños autorización para marearen en días de festa cara a intentar reparar os danos causados na igrexa de Santa María Adigna²².

²⁰ A.R.G., *Sec. Veciñ.*, mazo 758/28, sf.; M.Po., *Sec. Gremio*, mazo 63, sf.



²¹ A.R.G., *Sec. Veciñ.*, mazo 758/28, sf.

²² "...puede aber ocho meses que los moros enemigos de nuestra santa fee con su armada dieron asalto a la dicha villa y su felegresia y la robaron y saquearon y llevaron della cautivos muchos vezinos que rovaron sus bienes y especial los de la iglesia parrochial como fueron la costodia caliz ornamentos y bistuarios deshicieron las imagines de los santos dexandolas en pedaços de suerte que toda la iglesia y sus bienes e ymaxenes de santos quedo arruinada y perdida y en ella no se puede selebar el culto devino con la desençia y auturidad que se requiere y para que esto se buelva al estado en que estaba no pueden los feligreses azerlo porque los moros cautivaron muchos dellos y les llevaron sus açiendas y los que no cautivaron les quemaron sus casas y les llebaron lo que tenian. Suplico a V.M. se sirva dar licencia a los vezinos y mareantes de la dicha villa, los pocos que della quedaron para que puedan pescar en la mar y ría de la dicha villa de Pontebedra y ría de Aroça y demas deste arçobispado sardina o otro ofiçio de pescado los días de fiesta hasta la bispara de Pascua de Flores que viene porque lo que ubiere de pesca y ganancia lo depositaran en poder de persona que V.M. señalare para que alli lo que ubiere se compre en las cosas necesarias para la dicha iglesia..."(M.Po., *Sec. Samped.*, mazo 47, sf.).



"PRAIAS DE MARÍN" (Acróstico) LIBRO DE POEMAS "TESTEMUÑOS"

Por: E.V. Calo

PORTELO

Para praias as de Marín
lelia, lelia lelia doira
para praias as de Marín
Lapamán,
A do Santo
e Loira.


Para praias as de Marín
máis bonitiñas có Ceo
para praias as de Marín
Aguete,
Mogor
e Portocelo.

LAPAMÁN

Longa e cosmopolita praia
A carón do Bueu irmán
Por que tera-lo corazón partido
Ai raíña do verán
Marín noivo "noivo do mar"
Aínda de ti segue namorado
Non te pode olvidar.

PRAIA DO SANTO

Para senlleira unha praia
Relouco das ondas do mar
Á súa beira unha illa
Illa de rezo e xantar
Aínda que non son de Marín
Deixádeme hoxe cantar
O día de San Clemente
San Clemente de Mar
Á beira da Praia Historia:
Na Illa vouvos contar
Tivo mosteiro o Santo
O noso Santo do Mar.



Aguete



Mogor



Portocelo

LOIRA

Lomba de areas douradas
Onde o Río bica o mar
Indo para a Illa do Santo
Rimeiche estes cinco versos
Ai la le lo, ai lá lá

AGUETE

Alfaia de area fina
Garrida e seductora praia
Ulindo a verde loureiro
E a verdello do mar
Tés no Chilreu os velamios
E "no meu bico un cantar".

MOGOR

Marín ten branco areal
Onde fouce se fai o mar
Guía de emblemático lugar
Onde gaivotas e sireas cantar
Romanzas da beirmar

PORTOCELO

Praia bela e churrusqueira
Orgullo da Ría Nai
Remadora dos meus versos
Tecedeira dos meus soños
Ondiñas veñen e van.
Cando eu hoxe os teus encantos
Entrañable areal
Lembro eu hoxe os meus amores
Ondiñas veñen e van.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO

ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

ONS, O SEU PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Por: Fernando Trigo Fontán

A dicir verdade e como xa teñen escrito dabondo persoas máis espertas ca min, a Illa de Ons ten que ter un enorme patrimonio arqueolóxico que ninguén atrevese a sacar a luz, quizais por falta de presupostos, aínda que agora, como pertencente a un Parque Nacional, debería telos e bos.

Hai xa anos, no Museo de Pontevedra puiden ollar uns papeis onde estaba reflectido o CATÁLOGO DE ACHADOS ARQUEOLÓXICOS NA ILLA DE ONS que, aínda que supoño hoxe moito máis amplo, comentaba o seguinte:

Etapa Paleolítica:

Lugar de Area dos Cans:
Apareceu unha raspadeira de gneis, moi erosionada

Lugar de Curro: Apareceu unha raspadeira de cuarcita gris, moi erosionada

Lugar de A Bugueira:
Apareceu unha peza trapezoidal de granito tallado

Hai noticias de machados de pedra que foron levadas a Bueu e ósos en diferentes puntos da Illa afastados do cemiterio.

Etapa Neolítico – Megalítico:

Hai varias mámoas.

Idade do Bronce:

Acháronse machados de talón de dous aneis.

Tamén existe unha explotación prehistórica e moderna de estaño.

Época Castrexa:

Castelo dos Mouros: Situado ao sueste da Illa. Un só recinto sumamente inclinado e un antecastro, cuxas vertentes o defenden naturalmente polo Leste e Norte. No Sur e Oeste queda separado do monte por un profundo foso, nel atopouse un gran fragmento de tellón. Efectuáronse outros achados:

Fragmentos de ánforas, cerámica negra castrexa, asas de vasillas de cerámica fina, tégulas,...

Castro da Cova do Lobo: Ten tradición de vivendas. É o máis interesante. NOTA: Nestes castros atopáronse tamén moedas romanas grandes e medianos bronzes imperiais.


Época Romana:

Castelo dos Mouros: Achados diversos desta época: Tellas e moedas romanas imperiais. Tamén fragmentos de ánforas e tégulas.

Coto de Cova do Lobo:
Achados de moedas romanas imperiais.

Non sigue o documento consultado aportando máis datos pero coido que o enumerado anteriormente xunto co Sartego escavado na rocha en Area dos Cans, a posibilidade de que houbera un mosteiro e os restos dunhas defensas, que din castelos, preto do peirao e na zona de Pereiró, son as suficientes aportacións como para que os responsables do Parque Nacional dediquen unha boa parte do presuposto á actividade arqueolóxica co fin de coñecer o pasado desta Illa e revalorizar máis o conxunto do Parque Nacional.

A idea que xurdiu na prensa fai dous anos na que representantes do Parque e os Delegados de Cultura e Xuventude ían a promover un Campo de Traballo Arqueolóxico, albergou esperanzas a todos aqueles que amamos a historia e a Ons, pero parece que non foi adiante. Unha pena xa que cuns arqueólogos profesionais e contando no Campo con rapaces estudantes de Historia para adquirir experiencia, coido que daría uns bos resultados. En fin, esperemos que cando queiran, non sexa xa demasiado tarde.



Tapadeira da Laxe do Crego



Machado de talón atopado en Ons